

Olladas no Pasado

Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos

Estudo introdutorio e edición facsimilar



Olladas no Pasado

Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos

Estudo introdutorio e edición facsimilar

XUNTA
DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Román Rodríguez González

Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Manuel González González

*Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos.
Estudo introdutorio e edición facsimilar.*

Colección Olladas no pasado
Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea
Director: X. Amancio Liñares Giraut

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

© Do estudo introdutorio: Alfonso Mato Domínguez

© Da edición orixinal: Edicións do Castro

© Da ilustración do colofón: Siro López

© Das imaxes do apéndice fotográfico: Xosé Díaz

Santiago de Compostela, 2023

Revisión lingüística:

Yolanda Iglesias Cancela
Laura Sánchez Castro
Inés Veiga Mateos

Fotografía da cuberta: Membros do SEG na II Xuntanza Xeral. Santiago de Compostela, 1926. Foto de Luís Casado Fernández (Ksado), cedida para esta edición polo Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento".

Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos é o número 5 da colección Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, editado en 1978 por Edicións do Castro.

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades agradece ao Grupo Sargadelos as facilidades para a edición desta publicación.

Maquetación e impresión:

ISBN: 978-84-453-5461-2

Depósito legal: C 1621-2023



ÍNDICE

PRESENTACIÓN, por Valentín García Gómez.....	9
A restauración do Seminario de Estudos Galegos: unha historia da Transición , por Alfonso Mato.....	13
Noticias da reivindicación do SEG no exilio e na Galicia franquista.....	15
Os inicios da restauración do SEG	18
<i>As Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos</i>	25
Coda.....	30
FACSIMILE	
Apéndice fotográfico	33

PRESENTACIÓN

SEMINARIO É SEMENTE. SEMINARIO E SEMENTEIRA

Entre outubro de 1923 e outubro de 2023, Galicia percorreu o camiño dun século, con luces e sombras, con claridades e tebras. No medio dos dous outonos seculares floreceron primaveras, houbo quenturas de verán e o país aturou fríos invernais. O histórico e benemérito Seminario de Estudos Galegos (SEG), entre o outono do ano 1923 e o verán de 1936 –cando foi varrido por aquel trebón de ventos ávregos, cargado de xenreira e odio–, tamén viviu unha travesía fértil, con froitos intelectuais que transcenderon a aquela existencia –á vez adolescente e madura–, que hoxe conmemoramos, porque a admiramos e queremos aprender dela.

Habería que agardar ata 1944 para que algunhas daquelas persoas que puideran sobrevivir á desfeita bélica da Guerra Civil (1936-1939) e á dura posguerra, fixeran posible recuperar unha parte do legado do histórico SEG, a través da creación do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), reivindicando o nome do noso frade ilustrado e sabio, que xa sementara luz no século XVIII. Foi sobre todo un sucedáneo. Aquela recuperación mancada e nova andaina encádrase no que era o “posibilismo” da época, cando se asentara por catro décadas a ditadura franquista, *manu militari* e falanxista. Mais non sería ata os tempos da Transición e da restauración democrática en Galicia e en España cando chegou o anovado Seminario –ano 1978–, volvendo a brillar sen atrancos as intelixencias natural e emocional dun grupo de entusiastas galeguistas, capitaneados pola entrega e teimosía dun creador e empresario *renacentista*: Isaac Díaz Pardo. Volveu “A luz na Terra”,

a re-creación dunha “institución de alta cultura”, como atinadamente se intitula a Mostra sobre o centenario do SEG, que se exhibe no Museo Centro Gaiás, en Santiago de Compostela, iniciativa da Xunta de Galicia. Outra vez a nosa fulcral capital universitaria en todo o que significa aquel benemérito SEG que vivira só unha ducia de anos, e, aínda así, se convertera nunha entidade tan prestixiosa no rexurdir da cultura galega, da conexión con Europa e América, do progreso e da modernidade.

Dende o Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) quixemos tamén prestarlle a atención debida a esta efeméride centenaria. Facémolo coa edición facsimilar dunha obra de valía, quizais case esquecida ou pouco coñecida na Galicia autonómica deste 2023: *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, que fai o número 5 dos Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, publicado por Ediciós do Castro en 1978.

O libro que agora presentamos vai precedido dun requintado estudo introdutorio da autoría do historiador Alfonso Mato Domínguez, un dos maiores coñecedores da traxectoria histórica do SEG, dende a súa fundación naquel lonxincuo ano 1923 ata hoxe. As súas achegas son o froito dunha rigorosa reflexión e análise da moita documentación que ten manexado. A maiores, o volume inclúe unhas fotografías do artista Xosé Díaz, tiradas por el naquel acto do Día das Letras Galegas de 1978, celebrado no auditorio do mosteiro de San Domingos de Bonaval, cando tamén se presentaba publicamente unha reedición facsimilar do libro *Terra de Melide* (varios autores do SEG, Editorial Nós, 1933) –precedido dun limiar de Xosé Filgueira Valverde–, xunto co amentado *Caderno*. Esas imaxes dan fe da tan boa acollida que tivera tal evento literario.

No medio destas xeitosas achegas vai o *corpus* íntegro e esencial da obra. Confórmano o limiar de Díaz Pardo, seguido das colaboracións dunha vintena de autores (“Testemuñas e Perspectivas”), que se completa con outros documentos e gráficos, reproducidos

coas técnicas de deseño propias daquela década. Corenta e cinco anos despois, desa nómina de escritores soamente catro permanecen vivos fisicamente entre nosoutros, aínda que ben gardamos memoria e tributo para todos eles, porque son nomes de referencia na defensa e espallamento da cultura galega no pasado século XX. A escrita que nos deixaron dedicada a glosar a valía do histórico SEG, adobiada cos desexos da súa rehabilitación e recuperación contemporáneas, constitúen un documento ben merecente de dar a coñecer outra vez hogano. E isto foi posible polo permiso concedido por Segismundo García Rodríguez, do actual Grupo Sargadelos, outorgándolle desinteresadamente ao Centro Ramón Piñeiro os dereitos para tal reprodución, feito que lle agradecemos tamén dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Aos nomes de Alfonso Mato, Xosé Díaz, Segismundo García e Amancio Liñares, impulsor deste volume, xunto cos do persoal habitual do CRPIH e o seu Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea –que vai así desenvolvendo o seu labor na institución, cunha nova publicación–, hai que agradecerlles esta edición facsimilar, mais tamén con valores engadidos, aos que temos aludido nestes parágrafos.

Seminario é semente. Seminario e sementeira.

Seminario e semente. Seminario é sementeira.

Santiago de Compostela, outubro de 2023
Centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística.

A RESTAURACIÓN DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: UNHA HISTORIA DA TRANSICIÓN

Antes de comezar a falar do libro que ten o lector nas mans, reeditado polo Centro Ramón Piñeiro para conmemorar o centenario do Seminario de Estudos Galegos (SEG), e dos primeiros pasos na creación do novo Seminario, non está de máis lembrar brevemente a historia do vello. O SEG, fundado en outubro de 1923 por nove mozos universitarios de Filosofía e Letras e mais de Dereito, foi unha institución científico-cultural ligada á Universidade compostelá que durante os seus trece anos de vida (1923-1936) integrou no seu seo profesores e alumnos universitarios, os intelectuais galeguistas da xeración Nós e das Irmandades da Fala e os membros máis salientables dos distintos cenáculos da erudición local galega. Estructurado en catorce seccións, que abarcaban boa parte das disciplinas científicas da época, sobre todo do campo das Letras, chegou a ter máis de douscentos socios activos e arredor de catrocentos socios protectores, entre os que cabe destacar o Ministerio de Instrucción Pública, as catro deputacións, 21 concellos de Galicia e mais tres sociedades da emigración galega en América. Na súa sede, no Colexio de Fonseca, reuniu unha importante biblioteca e un pequeno museo, no que estaban expostas as súas coleccións arqueolóxicas, etnográficas e artísticas. Pódese dicir que o SEG foi unha institución que pertenceu á mesma árbore xenealóxica que iniciou en 1876 a Institución Libre de Enseñanza e que inspirou as mellores empresas culturais da España do primeiro terzo do século xx, como a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d'Estudis Catalans (1907), o Centro de Estudios Históricos (1910), a Residencia de Estudiantes (1910) e a Sociedad de Estudios Vascos (1918). De xeito paralelo ás institucións citadas, o Seminario axudou á formación

dunha elite cultural que, de non ser pola ruptura de xullo de 1936, semella que estaba destinada a desempeñar un papel importante en Galicia.

A causa da Guerra Civil a actividade do SEG quedou paralizada e, a pesar dos intentos infrutuosos dalgúns socios activos para salvar a institución, entre os que cómpre mencionar os levados a cabo polo sacerdote Xesús Carro, quen quedou como gardián dos locais do SEG nesta época, foi disolta e os seus fondos transferíronse á Universidade de Santiago. A creación do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, en 1943, no marco do CSIC e co apoio do seu secretario, José M^a Albareda, e o quefacer de Filgueira Valverde e Sánchez Cantón —«o novo timonel da erudición galega», en palabras non exentas de ironía do Castelao exiliado—, foi a alternativa oficial que triunfou para substituír o SEG por unha institución que tentou asemellarse a el. Así, logrou a colaboración de antigos e sobranceiros socios do Seminario (Otero Pedrayo, Cuevillas, Risco, Bouza Brey, Filgueira, Carro, Pedret Casado e Fraguas, entre outros), conseguiu facerse con parte dos fondos da súa biblioteca e do museo e tratou de imitar parcialmente algúns aspectos da súa organización (por exemplo, as áreas de traballo e a súa revista), pero as súas seccións quedaron limitadas a algunhas materias do campo das Humanidades (Xeografía, Prehistoria, Historia, Arte, Arqueoloxía, Etnografía, Filoloxía e Literatura) e a lingua oficial pasou a ser o castelán. Ademais, a nova institución perdeu a autonomía do vello SEG e pasou a depender dunha organización vinculada ao Estado franquista. De aí que lle faltara ao novo Instituto o fervor anovador e galeguista do SEG, algo impensable nunha institución subordinada daquela á ditadura. A diferenza entre o SEG e o Instituto Padre Sarmiento expresouna de xeito moi claro o que fora o último secretario de actas do SEG, profesor da Facultade de Letras e concelleiro do Partido Galeguista en Santiago, represaliado en 1936 e exiliado en Porto

Rico, Sebastián González García-Paz, nunha entrevista que lle fixo Salvador García Bodaño en 1962:

[No Sarmiento] la gente está, tal vez, mejor preparada que la que trabajó en el Seminario; posiblemente ha publicado más y los trabajos sean de mayor importancia y rigor científico; su instalación es también mejor que aquella otra del Seminario, pero en éste había algo que considero fundamental: el entusiasmo y lo que constituía una vocación auténtica.

(*La Noche*, Santiago de Compostela, 25/06/1962, p. 3)

NOTICIAS DA REIVINDICACIÓN DO SEG NO EXILIO E NA GALICIA FRANQUISTA

Finalizada a Guerra Civil, algúns dos socios do SEG exiliados falaron de tentar restaurar a institución en América. Así se desprende de tres cartas de Castelao: unha dirixida a Sebastián González (Nova York, 09/09/1939), outra a Rodolfo Prada (Nova York, 02/11/1939) e outra aos irmáns de Buenos Aires (Nova York, 11/12/1939) [As tres cartas en: Henrique Monteagudo (coord.), *Obras de Castelao*, t. VI, *Epistolario*. Vigo: Galaxia, 2000]. Na primeira, aínda que non aparece citado o Seminario, despréndese dos comentarios de Castelao sobre algúns dos socios que este estaba informado do que acontecía ao redor da institución: «Certo, certísimo o que me dís de Otero, Vilarelle e Carro. Sei todo e coñezo o que fan. Benia eles! Eses son homes. ¡Eses! E homes os que souperon morrer, confesaran ou non. Como son homes os vascos, onde non se concibe un lambe cús como Filgueira nin un escrupuloso como Cunqueiro». Na segunda, Castelao cóntalle a Prada: «De todos xeitos a laboura cultural non pode abandonarse e n-este senso escribeume Sebastián González dende Puerto Rico instigándome para que en América se orgaice o Seminario de Estudos Galegos xa que en Galiza está morto e intervido». Na terceira, Castelao comenta amplamente aos irmáns de Buenos Aires a proposta destes de restaurar alí o SEG. Paga a pena citar o longo parágrafo no que Castelao mostra o seu coñecemento do Seminario:

Acabo de l er a vosa carta. Moi ben a idea de refacer en B s-Aires o Seminario de Estudos Galegos; pero compre andar con moito tento a fin de proseguir filialmente a laboura da nosa mellor instituci n de cultura. Era con zume da terra co que traball bamos al  e agora estamos desterrados. Con todo a nda se poden lanzar obras do verdadeiro Seminario contando simplemente con libros e coa cencia que se lle poida arrincar aos nosos vellos emigrados. A mesma emigraci n galega   un tema de capital intr s. Eu conservo por miragre o material do meu libro encol das cruces de pedra en Galiza; un traballo de dez anos que d  para un gran volumen. Moito se pode facer al , pero eu te o medo de que comecen a sa r novelas, poes as, ensaios e demais froitos do noso inxenio esquec ndonos do que debe ser sempre un Seminario. Non vaiaamos a chamar Seminario de Estudos Galegos ao que pod a ser a Editorial “N s” para proseguir en B s-Aires a laboura do inesquecible Anxel Casal. Tam n poder amos contentarnos coa revista “N s” - rgao da cultura galega- a ver se de paso mat bamos a Vicente Risco. En fin, a vosa idea   moi boa e debe levarse adiante. Creo que non se pode formar o plan de traballo sen consultar a opini n de Sebasti n Gonz lez, por ser un dos persoeiros m is activos e intelixentes d-aquela instituci n. Sebasti n ser a o home capaz; pero est  en Puerto Rico e vai ser nomeado catedr tico da Universidade. Coido que debedes escribirlle, porque ademais era Conselleiro do Partido [...]  Quen me dera estar con v s! Poder a axudarvos, porque te o f  n-esa idea, a condici n de que non se po a en man de proiectistas. Hai que levala adiante. E con moito coidadi o -sen pol ticas nin apol ticas- e tendo en conta que al  en Sant-Iago a nda temos un tesouro de papeletas, traballos in ditos, libros e demais material gardado e vixiado por Carro e outros dirixentes do Seminario. Ollo, pois, co que se vai facer. Moito ollo, irm ns!.

Parece ser que estas non foron as  nicas propostas para restaurar o SEG, pois como apuntan os editores do epistolario de Castelao nunha nota   terceira carta (*Opus cit.*, p. 322), un dos fundadores do SEG, Ram n Mart nez L pez, exiliado e residente por un tempo na Arxentina ata o seu establecemento definitivo nos EUA, tam n formulou esta proposici n aos galeguistas porte os. Mais o certo   que a restauraci n nunca se levou a cabo, a nda que semella que no exilio galego en Am rica nunca se deixou de falar do Seminario.   falta dunha investigaci n sobre o tema, cito alg ns exemplos a

continuación. Por unha banda, Xosé Núñez Búa, socio activo do SEG e militante do Partido Galeguista, exiliado na Arxentina, escribiu en 1945 un artigo sobre a institución na revista *Galeuzca*, que aparece en parte reproducido neste libro que estou prologando e do que falarei máis adiante («El Seminario de Estudios Gallegos», *Galeuzca*, nº 3, outubro 1945, pp. 103-107). Por outra banda, o propio Castelao, ademais de gabar nos seus discursos e no *Sempre en Galiza* o labor do Seminario como centro de alta cultura e como autor do *Anteproyeito de Estatuto da Galiza* (1931), rendeuille homenaxe ao decidir que a súa obra póstuma, *As cruces de pedra na Galiza* (Buenos Aires, Nós, 1950), fose editada baixo o selo da institución. Así mesmo, en *Vieiros. Revista do Padroado de Cultura Galega de México* (nº 3, 1965), apareceu un artigo inédito de 1934, «Ensaio de tipoloxía galega», dun socio do SEG asasinado en 1937, Modesto López Teijeiro. Ademais, Luís Seoane, nunha carta escrita en 1978 a Isaac Díaz Pardo sobre os actos organizados por este en homenaxe ao SEG en Santiago (Buenos Aires, 14/06/1978. Epistolario de Luís Seoane. Consello da Cultura Galega), afirmou que durante o seu exilio nunca deixou de falar do Seminario: «Mi homenaje particular comenzó tan pronto comencé a publicar notas, artículos, etc., luego de llegado a Buenos Aires, sobre cuestiones gallegas. Una tarea que ocupó mi vida». Cómpre citar, por último, unha curiosidade: algúns dos centros que fundou Sebastián González na Universidade de Río Piedras, en Porto Rico, tales como o Seminario de Estudios de Puerto Rico ou o Centro de Ampliación de Estudios, gardan relación, cando menos nominal, con coñecidas institucións culturais renovadoras que funcionaron en España e Galicia no primeiro terzo do século xx, como a Junta para la Ampliación de Estudios ou o propio SEG. Cabe preguntarse se este feito responde á vontade de Sebastián González de homenaxear ao SEG, de expresar a saudade que este sentía ou mesmo se obedece ás dúas razóns.

Mais tamén na Galicia franquista algúns dos que foran socios do Seminario, como Fernández del Riego ou Ben-Cho-Shey, por

citar dous nomes, escribiron artigos na prensa lembrando o labor desenvolvido pola institución. Mesmo o Instituto Padre Sarmiento rematou a edición e publicou en 1944 unha das obras relevantes do SEG, o *Codex Calixtinus*, que xa se comezara a imprimir en xullo de 1936. Ademais, en 1973 organizou a primeira exposición sobre o Seminario en Galicia e editou un folleto no que Filgueira Valverde relataba a historia do SEG e Antonio Fraguas describía os materiais expostos: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del CSIC: *27º Exposición. Seminario de Estudios Galegos (1923-1973). Cincuentenario da súa creación*. Santiago de Compostela, 1973. Convén indicar que a exposición era ao mesmo tempo unha homenaxe ao SEG e unha reivindicación do Instituto Padre Sarmiento como, segundo contaba Filgueira, o centro que recolleu e mantivo o labor investigador do Seminario. Se temos en conta que o Sarmiento gardaba boa parte dos fondos documentais, bibliográficos e museísticos do SEG e que algúns investigadores que foran socios sobranceiros deste colaboraban na nova institución, non se entende como é posible que ninguén considerase restaurar o Seminario. Houbo que agardar uns anos, pero finalmente alguén liderou a iniciativa: Isaac Díaz Pardo, o home que publicou en 1978 o libro que agora se reedita e que naquel momento marcou o inicio da restauración da vella institución.

OS INICIOS DA RESTAURACIÓN DO SEG

Para expoñer os inicios da restauración do Seminario de Estudios Galegos baseareime no artigo que Isaac Díaz Pardo escribiu dentro da entrada dedicada a esta institución na *Gran Enciclopedia Gallega* («La nueva etapa del Seminario de Estudios Gallegos iniciada en 1979», t. 28, pp. 118-119), na correspondencia de Luís Seoane (do Fondo Luís Seoane depositado na súa Fundación), na deste con Díaz Pardo e na de Lois Tobío (as tres coleccións de cartas están transcritas na páxina web do Consello da Cultura Galega, na sección

de Fondos documentais). Cómpre sinalar que non puiden consultar as cartas de Díaz Pardo, porque estas, ao igual que a documentación do novo Seminario de Estudos Galegos creado en 1979 e que forma parte tamén do Legado Isaac Díaz Pardo, non están aínda catalogadas nin á disposición do público.

Isaac Díaz Pardo deixou escritas as seguintes palabras: «Quienes venimos de América traíamos como un mandato la restauración del viejo Seminario en cuanto se pudiese» (Isaac Díaz Pardo, *Galicia hoy y el resto del mundo*. Edicións do Castro: Sada, 1987). Esta afirmación debe entenderse como unha reivindicación do papel que desempeñaron os galeguistas exiliados en América como gardiáns da memoria do galeguismo das tres primeiras décadas do século xx. En canto a ese posible mandato da restauración do SEG, semella que esta foi máis ben cousa do propio Díaz Pardo. A primeira nova que atopei sobre o tema está nunha carta de principios de 1970, na que Díaz Pardo lle consulta a Seoane sobre a posibilidade de dedicarlle un dos números da publicación periódica do Laboratorio de Formas de Galicia, acabada de crear, ao labor de *Nós* (a revista) e do Seminario, co obxectivo de espertar a inqueda dos novos intelectuais. Seoane, sen restarlle importancia a *Nós* nin ao SEG, replicoulle que conviña tratar antes outros asuntos. O certo é que o caderno dedicado ao Seminario, este que agora se reedita, non aparecerá ata 1978.

O propio Díaz Pardo deu conta no artigo que escribiu na *Gran Enciclopedia Gallega* da primeira vez que se referiu en público á restauración do SEG. Foi en 1977, co gallo dun seminario de traballo financiado pola Caja de Ahorros Municipal de Vigo e organizado polo novo Instituto de Estudios y Desarrollo de Galicia da Universidade de Santiago (1976), que reuniu a catorce intelectuais galeguistas para que en sete sesións e durante doce meses, e «da man da imaxinación creadora como única guía, chegasen a elaborar un proxecto sobre

Galicia no ano 2002» (M. C. Díaz y Díaz Coord., *Galicia 2002 a través da imaxinación creadora*. Santiago: Universidade, 1978). As intervencións que se produciron neste seminario son ben interesantes para un posible estudo sobre o pensamento galeguista nos tempos da Transición política. Tamén o son a escolla e a idade dos intelectuais participantes: Xosé María Álvarez Blázquez (62 anos), Tomás Barros (55), Carlos Casares (36), Álvaro Cunqueiro (66), Manuel Cecilio Díaz y Díaz (53), Isaac Díaz Pardo (57), Felipe Fernández Armesto (73), Celestino Fernández de la Vega (63), Xosé Filgueira Valverde (71), Xosé Luís Franco Grande (41), Domingo García-Sabell (69), Camilo González Suárez-Llanos (46), Ramón Piñeiro (62) e Luís Seoane (67).

Respecto á restauración do SEG, foi na sesión do 26 de febreiro cando Díaz Pardo lanzou a idea de restituír o Seminario como unha institución investigadora vital para o futuro de Galicia. Apoiaron a idea, con diversos matices, Filgueira Valverde, Díaz e Díaz e Piñeiro. Filgueira mesmo falou da posibilidade de transformar o Instituto Padre Sarmiento nun Seminario de Estudos Galegos. Na sesión do 16 de abril, Díaz Pardo lembrou a súa proposta de recuperar o SEG como un centro «coordinador e orientador das distintas disciplinas» e, finalmente, na penúltima sesión, do 9 de setembro, nunha crónica futurista e optimista sobre a Galicia do 2002, citou de novo o Seminario como unha das institucións fundamentais do pasado do país:

No ano 1977, Galicia foi tomando conciencia do seu destino. Os feitos socioeconómicos facilitaron que a Universidade Compostelana e os homes de fóra dela loitasen pola recuperación da personalidade histórica de Galicia nun movemento consciente que xa se tiña iniciado en 1923 co Seminario de Estudos Galegos, e decidíranse a estudar a fondo o problema de construí-lo futuro de Galicia furando no seu pasado.

En 1978, o mesmo ano da publicación pola Universidade de Santiago das sesións do Instituto de Estudos y Desarrollo de Galicia, Isaac Díaz Pardo organizou e publicou o caderno nº 5 do Laboratorio de Formas de Galicia, *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos* (Sada: Edicións do Castro, 1978; en adiante, *Testemuñas*). Presentouno o 17 de maio, xunto coa edición facsimilar da obra do vello SEG, *Terra de Melide* (Sada: Edicións do Castro, 1978), con prólogo de Filgueira Valverde, diante de máis de 500 persoas no auditorio de San Domingos de Bonaval, e ese mesmo día tamén inaugurou a Galería Sargadelos de Santiago cunha exposición sobre o Seminario de Estudos Galegos. Por entón, Díaz Pardo non só era un pintor, ceramista e deseñador recoñecido, senón tamén un empresario innovador e un gran dinamizador cultural. Os proxectos empresariais e culturais que daquela tiña en marcha baixo a base teórica e ideolóxica do Laboratorio de Formas, creado en 1963 xunto con Luís Seoane, non tiñan parangón na Galicia da época: fábricas de cerámicas do Castro e Sargadelos, Edicións do Castro, Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, Seminario de Sargadelos, Encontros estivais de Sargadelos (Escola Libre e Laboratorio Cerámico), Galerías Sargadelos (Barcelona, Madrid, Santiago) e Instituto Galego de Información. Ademais, aínda tiña alento para sumarse á fundación do Museo do Pobo Galego (1976) e para participar en política, pechando a lista dos tres aspirantes a senadores por Lugo da Candidatura Democrática Galega nas eleccións de 1977.

Aínda que, como xa expuxen, non puideron contar coa correspondencia de Díaz Pardo (grande escritor de cartas, quen acostumaba gardar todas as que recibía e facer copia de todas as que mandaba), sobre todo coas que seguramente enviou aos autores que colaboraron no *Testemuñas*, abonda coas cartas citadas de Seoane, as deste con Díaz Pardo e as de Lois Tobío, transcritas polo Consello da Cultura Galega, para facerse unha idea de como se desenvolveu o

proxecto de edición do libro homenaxe ao Seminario. A primeira nova sobre o tema atópase nunha carta de Díaz Pardo a un dos fundadores do SEG, Lois Tobío (18/01/1978), na que lle fala da próxima apertura da Galería Sargadelos de Santiago, que pensa inaugurar cunha exposición homenaxe ao Seminario, da que lle mostra, para que o valore, o anteproxecto do seu posible esquema. Engade, ademais, que a exposición iría acompañada dun catálogo, de proxeccións audiovisuais, dun ciclo de conferencias «pra afondar no coñecemento do Seminario e discutir, si cabe, a posibilidade da súa restauración», e da presentación da edición facsimilar do *Terra de Melide*, con limiar de Filgueira Valverde. Nese anteproxecto, Díaz Pardo refírese ao Sarmiento como «a institución que recolleu parcialmente o espírito do Seminario logo da nosa guerra civil» e a cal quedaría integrada no SEG, no caso da restauración deste, xa que a súa «especializada pro moi importante labor cumprida non se pode abandonar». Díaz Pardo era consciente de que varios dos socios que quedaban vivos do vello Seminario colaboraban no Sarmiento e que esta institución gardaba boa parte dos fondos documentais, bibliográficos e museísticos do SEG. A incorporación do Sarmiento ao Seminario restaurado, ou a reconversión daquel neste, era unha idea que, como xa citei, apuntara Filgueira nunha sesión do seminario *Galicia 2002* e que, segundo lle contou por carta Díaz Pardo a Seoane uns meses despois (13/02/1978), impulsou tamén o propio Sarmiento: «La idea de restauración del Seminario ha encajado tan bien que el mismo Instituto Padre Sarmiento solicitó de la Asamblea de Parlamentarios la reconversión de lo que fue». Descoñezo como foi recibida a idea entre os parlamentarios. Si sei que a restauración do SEG en 1979 foi cousa de particulares e non contou con apoio institucional. Décadas despois, durante o Goberno bipartito da Xunta (2005-2009), volveuse barallar a idea sen que chegara de novo a ningures. Convén sinalar, por último, a preocupación que mostra Díaz Pardo na carta a Tobío sobre o carácter eminentemente cultural que debería ter a exposición para que non dese lugar a consideracións de tipo político, un tema que estará

presente tamén nos textos do *Testemuñas* e ao que logo me referirei. Na contestación á carta de Díaz Pardo (Madrid, 15/02/1978), Tobío transmítelle o seu apoio en relación coa homenaxe e coa restauración do SEG, mostra a súa conformidade co guión do anteproxecto e comparte a necesidade de seren cautelosos para evitar connotacións políticas. Con respecto a este último punto, Tobío aclara que «no Seminario nunca se fixo política, e nel, ben sabido é, coincidiron persoas de moi diferentes tendencias. Soio o amor a Galicia e á súa cultura os xunguía. O que pasa é que, queirase ou non, loitar pola cultura dunha terra tamén é facer política».

Na correspondencia de Seoane e sobre todo na deste con Díaz Pardo, concretamente na de 1978, hai tamén información sobre a elaboración do proxecto do *Testemuñas* e a restauración do SEG que, segundo lle conta por carta Fernández del Riego a Seoane (Vigo, 06/03/1978), foi unha idea que Díaz Pardo acariñou desde sempre. Seoane, nunha carta a Díaz Pardo (Buenos Aires, 03/02/1978) en contestación a outra na que este lle falara da idea da homenaxe e da restauración, acepta que se publique o caderno nº 5 do Laboratorio de Formas dedicado ao SEG, o *Testemuñas*, e facerse cargo do deseño da capa, a pesar de que estaba sorprendido pola idea de Díaz Pardo de reconstruír o Seminario —como lle conta logo a Fernández del Riego nunha carta (Buenos Aires, 28/02/1978)—. No entanto, móstrase contrario a que o volume sexa só un catálogo da exposición. Para el, os socios vivos do SEG deberían colaborar, ademais de na posible restauración da institución, no libro con textos nos que se recoñecese o labor cultural e científico do Seminario na Galicia dos anos vinte e trinta, así como a súa relación coa Universidade e a política (Anteproxecto de Estatuto de Galicia de 1931), e nos que se valorasen tanto obras como *Terra de Melide* ou o *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* como o papel desenvolvido por diversos persoeiros, por exemplo o editor Ánxel Casal. Semella que Díaz Pardo tomou en consideración algunhas

das suxestións de Seoane e axiña abandonou o anteproxecto do catálogo. A mediados do mesmo mes de febreiro, nunha carta que lle manda a Tobío (Cervo, 18/02/1978), xa lle adxunta unha relación pormenorizada dos autores e dos contidos do *Testemuñas* que, agás nalgún pequeno detalle, coinciden totalmente cos que aparecerán no libro. Nos meses seguintes, mentres Díaz Pardo vai poñendo ao corrente dos progresos do libro, da exposición e da Galería a Seoane, este á súa vez achégalle información sobre o SEG, institución á que non pertenceu pero que coñecía bastante ben a través do trato que mantivera con algúns dos socios durante os seus anos de estudante e activista cultural e político na Compostela republicana.

Pola prensa da época (*La Voz de Galicia*, 17/05/1978, p. 15; 18/05/1978, p. 24) podemos facernos unha idea de como se desenvolveron os actos de homenaxe ao SEG organizados por Díaz Pardo en Santiago o Día das Letras Galegas de 1978, dedicado aquel ano, por certo, ao historiador e novelista Antonio López Ferreiro. A presentación da edición facsimilar de *Terra de Melide* e do *Testemuñas* tivo lugar ás oito da tarde no auditorio de San Domingos de Bonaval, nun acto presidido por Domingo García-Sabell, presidente da Real Academia Galega e senador por designación real; Antonio Castro García, alcalde de Santiago; Xosé Filgueira Valverde, fundador do vello SEG e director do Museo de Pontevedra; Isaac Díaz Pardo, director do Laboratorio de Formas de Galicia; Ramón Piñeiro, intelectual galeguista e Agustín Sixto Seco, presidente do Patronato Rosalía de Castro. O acto, ao que asistiron máis de 500 persoas, entre elas coñecidos intelectuais e políticos galegos, foi presentado por Díaz Pardo e contou coa intervención de Piñeiro, quen falou da necesidade de restaurar o Seminario para contar cunha institución que estudase a realidade galega nun momento no que Galicia tiña que asumir responsabilidades de autogoberno e rematou expresando o desexo de que esta restauración tivese o apoio das canles institucionais para desenvolver a súa tarefa. Pechou o acto Filgueira, quen leu o prólogo

á edición facsimilar de *Terra de Melide* e lembrou un dos socios do SEG e autores da obra, Antonio Taboada Roca, quen falecera tan só oito días antes en Madrid. Rematado o acto de San Domingos, os asistentes trasladáronse á rúa Nova, ao local da Galería Sargadelos, que se inaugurou ese mesmo día cunha exposición homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. A exposición constaba de fotografías e gráficos sobre a historia do SEG, unha vitrina coas súas publicacións e outras tres dedicadas ao Instituto Padre Sarmiento, á Misión Biolóxica de Galicia e ao Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Ademais, a exposición tamén contaba cunha proxección audiovisual de 21 minutos de duración, con música de Miro Casabella e Maurice Jarre e guión, fotografía e montaxe de Xosé Díaz.

AS TESTEMUÑAS E PERSPECTIVAS EN HOMENAXE AO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

No pequeno prólogo ao *Testemuñas*, da autoría de Díaz Pardo, este dá conta do obxectivo da publicación: lembrar a vella institución por medio dos textos dos socios que aínda estaban vivos (testemuñas) e tratar a visión do SEG desde a actualidade e da man dos novos investigadores e intelectuais galegos (perspectivas), para con esa mestura do pasado e do presente reflexionar sobre cal debía ser a herdanza do Seminario que era preciso actualizar de cara á súa restauración, pois esta non podía ser unha mera copia do antigo, tal e como xa lle comentara meses antes por carta a Seoane (13/02/1978): «Urge pues hacer esto exponiendo bien las cosas y ordenando bien los conceptos para que se haga, lo que hagan con el Seminario, lo hagan bien, porque hoy las cosas tienen que ser mejores que lo que fueron ayer y transportadas a nuestro tiempo que es distinto del tiempo en que el Seminario se creó».

Os autores que colaboran nas testemuñas —algúns dos fundadores, cargos directivos e socios activos do vello SEG— son

os encargados de escribir sobre o que foi o Seminario e o labor que desenvolveu nas distintas seccións. Paga a pena lembrar a idade que tiñan, os cargos que desempeñaban por entón e sobre que aspecto do SEG escribiron no libro: Ricardo Carballo Calero (68 anos, catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, sobre a lingua), Francisco Fernández del Riego (65, director da Fundación Penzol, política cultural), Xosé Filgueira Valverde (71, director do Museo de Pontevedra e do Sarmiento, historia do Seminario), Antonio Fraguas (72, director do Museo do Pobo Galego, Xeografía), Xaquín Lorenzo Fernández (71, presidente do Patronato do Museo do Pobo Galego, Etnografía), Ramón Martínez López (71, Presidente do Partido Galeguista e secretario do Sarmiento, Historia), Isidro Parga Pondal (77, director do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, Ciencias Naturais), Valentín Paz-Andrade (80, vicepresidente de Pescanova e senador por Pontevedra, Política) e Lois Tobío (71, diplomático xubilado, Ciencias Sociais e Económicas).

Os textos que conforman o apartado das testemuñas non son traballos de investigación sobre o SEG, senón pequenas colaboracións de compromiso alentadas por Díaz Pardo para homenaxear e restaurar a vella institución. De feito, o artigo de Filgueira é o mesmo que xa publicara en 1973, no folleto da exposición homenaxe ao Seminario no seu cincuentenario organizada polo Sarmiento. O único que se sae da temática seminarista é o de Paz-Andrade, un comentario sobre o *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego* (1887), que hai que entender como unha chamada de atención crítica ao proceso pre-autonómico que se estaba a desenvolver na Galicia da Transición.

Os textos que conforman o apartado das perspectivas son de autores en xeral máis novos, tanto investigadores como profesores e intelectuais galegos que se suman á chamada de Díaz Pardo en prol da restauración do Seminario. A continuación do nome de cada un deles,

indico a súa idade, cargo e asunto que tratou: Xesús Alonso Montero (50 anos, escritor e catedrático de Lingua e Literatura Españolas, escribiu algunhas notas sobre o SEG), Francisco Díaz-Fierros (37, profesor de Edafoloxía da USC, as Ciencias Naturais no SEG), Xosé Manuel Gallego Jorreto (42, arquitecto, a ordenación territorial de Galicia), Salvador García-Bodaño (43, escritor, a creación literaria no SEG), Carlos García Martínez (33, membro da Sección de Prehistoria do Sarmiento e fundador e secretario do Museo do Pobo Galego, a Prehistoria e a Etnografía no SEG), Francisco Guitián Ojea (57, catedrático de Edafoloxía e director do Instituto de Estudos y Desarrollo de Galicia da USC, o futuro SEG), Basilio Losada (47, director do Departamento de Filoloxía galaico-portuguesa da Universidade de Barcelona e crítico literario, o SEG dende a perspectiva de Cataluña), Ramón Piñeiro (63, director literario da Editorial Galaxia, codirector da revista *Grial* e intelectual e político de referencia do galeguismo, o pasado e futuro do SEG) e Andrés Varela (35, coordinador de investigación da Escola de Tecnoloxía do Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos, a figura e obra de Parga Pondal e o novo SEG).

Os textos das perspectivas, ao igual que os das testemuñas, constitúen pequenos escritos de compromiso favorables á restauración do Seminario. De todos eles, cómpre subliñar dous, porque engarzan a restauración da vella institución co tempo actual e coa autonomía de Galicia. En primeiro lugar, o artigo de Ramón Piñeiro refírese á necesidade de contar cun SEG renovado e actualizado dedicado ao estudo da realidade galega no futuro marco político autonómico. En segundo lugar, Guitián, como coñecedor do mundo científico tanto da universidade galega como dos institutos de investigación estatais, aposta no seu texto por un novo Seminario que actúe como institución asesora da Xunta de Galicia para levar aos centros de investigación os problemas de Galicia e divulgar entre os galegos os coñecementos científicos producidos polos investigadores.

O libro péchase coas reproducións do folleto *Catálogo de Pubricacións 1923-1935*, do Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela: Nós, 1935), e dos gráficos que figuraban na exposición homenaxe ao SEG na Galería Sargadelos de Santiago. Nesta parte final tamén se inclúe un apartado integrado por catro documentos. O primeiro é un extracto do citado artigo de Núñez Búa sobre o SEG, publicado en 1945 en *Galeuzca*. O segundo reproduce unha carta de Hans Karl Schneider, catedrático xubilado de Lingua e Literaturas Hispánicas na Universidade de Hamburgo, a Díaz Pardo na que lle conta a súa relación cos membros do SEG cando visitou Galicia en 1933 co gallo da preparación da súa tese doutoral e na que menciona o parágrafo referido ao Seminario na súa tese, *Studien zum Galicischen des Limia-Beckens (Orense/Spainien)*, Hamburgo, 1938. O terceiro constitúe unha nota de prensa da revista *Galicia* (La Habana, 23/12/1923) que non ten nada que ver co Seminario, senón que representa un manifesto dirixido ao novo Directorio Militar, escrito por outra institución, o Instituto de Estudios Gallegos, e asinado na Coruña o 12 de novembro de 1923 polo seu presidente, Manuel Casás Fernández, e o secretario xeral, Fernando Martínez Morás. Por último, achégase unha nota de prensa, tamén da revista *Galicia* (La Habana, 17/12/1923), sobre unha das primeiras sesións do Seminario.

É preciso dar conta da censura editorial que sufriu o fragmento do citado artigo de Núñez Búa sobre o SEG, do que desapareceron os dous parágrafos finais dedicados á morte da institución, os cales transcribo aquí:

Desde julio de 1936 las actividades del Seminario se han suspendido. Algunos de sus miembros fueron asesinados -Bóveda, Noguerol, Camilo Díaz, Casal-, otros perseguidos -Gómez Román, Otero Pedrayo...-, algunos pudieron abandonar el país, entre ellos el secretario general, Sebastián González, actualmente decano de la Facultad de Humanidades de Puerto Rico. Cuando terminó la guerra de España, se intentó reanudar

la actividad de la institución, pero no fue posible. El gobierno que padece la España “una, grande y libre” cerró sus puertas a cal y canto.

Y eso, haber merecido tal pena, constituye el último y más alto mérito del Seminario de Estudios Gallegos.

Imaxino que a censura da referencia á brutal represión desencadeada polos militares golpistas sobre persoas e institucións en Galicia a partir de xullo de 1936 foi decisión dun Díaz Pardo preocupado, como xa contei, porque a homenaxe e a reivindicación da restauración do SEG estivesen libres de connotacións políticas. Así mesmo, nos textos das testemuñas e das perspectivas tamén se deixa ver a autocensura dos autores, pois empregan expresións que evitan amentar o golpe de Estado e a Guerra Civil: «Cando en 1936 os acontecementos impoñen a paralización do labor do Seminario [...]» (Díaz Pardo); «Malia que a reacción cultural e a estreitez de pensamento coutaran a laboría intelectual iniciada [...]» (García Martínez); «Acontecementos históricos de tremenda magnitude interrumpiron a actividade investigadora do Seminario [...]» (Piñeiro); «[...] no 1936 interrúmpese o labor comenzado, polas circunstancias históricas de todos coñecidas» (Andrés Varela). Incluso Filgueira Valverde, malia que o seu texto data de 1973, ao referirse ao labor da Sección de Ciencias Económicas, Sociais e Políticas do SEG, é incapaz de citar o traballo máis relevante da sección, o *Anteproyecto de Estatuto de Autonomía para Galiza* (1931). Tan só Alonso Montero fala abertamente da represión desatada en xullo de 1936, o «tempo da gran Desfeita», cando o Seminario foi esmagado e Bóveda, Casal, Benigno Álvarez e Enrique Botana sentenciados e asasinados, institución e homes que respondían a un «mesmo programa de razón e progreso». Este autor remata o seu artigo nun ton de reconciliación nacional, o que constitúe unha manifestación da política promovida polo Partido Comunista ao que pertencía: «Non se trata, de tódolos xeitos, de remexer, co ferro da xenreira, vellas e fondas feridas; do que se

trata é de recordar pra que eles non repitan e nós non consintamos, a para que algún día, canto antes mellor, non haxa dúas Galicias (a nosa e a deles)».

CODA

Nunha carta do 22 de maio de 1978, Díaz Pardo cóntalle a Seoane o éxito acadado coa presentación de *Terra de Melide* e o *Testemuñas*, así como coa exposición de homenaxe ao SEG, tras o cal engade: «Creo que se ha dado un paso importante hacia la restauración del Seminario y posiblemente se hará una mesa redonda en la Galería para hablar de este asunto». Non sei se esa xuntanza chegou a producirse. A que si tivo lugar foi a que o mesmo Díaz Pardo menciona no seu artigo na *Gran Enciclopedia Gallega*: a asemblea de científicos e vellos membros do SEG que se reuniu no auditorio do Museo do Pobo Galego o 28 de xullo de 1978 co obxectivo de restaurar o SEG. Desá asemblea saíu unha comisión xestora de 18 membros, baixo a presidencia de Ramón Martínez López, encargada de estudar a creación dun novo Seminario axustado aos tempos presentes e de redactar uns estatutos que posteriormente foron validados noutra asemblea celebrada en Santiago o 10 de febreiro de 1979 e aprobados polo Ministerio do Interior o 28 de xuño do mesmo ano. Así, co pulo dinamizador e agregador de vontades dese pequeno grande home que foi Isaac Díaz Pardo, naceu o novo Seminario de Estudos Galegos, unha institución científico-cultural que realizou, baixo o paraugas protector de Díaz Pardo e do grupo Sargadelos, un importante labor entre 1979 e 2003. Pero esta historia, que alguén debería contar, xa é outra historia.

Alfonso Mato





**TESTEMUÑAS E PERSPECTIVAS
EN HOMENAXE AO SEMINARIO
DE ESTUDOS GALEGOS**

CUADERNOS DO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA

5

**Cuadernos
do
Laboratorio
de
Formas
de
Galicia**



**Cuadernos do
Laboratorio de
Formas de Galicia**



**EDICIOS DO CASTRO
1978**



EDICIOS DO CASTRO
SADA - A CORUÑA

ISBN: 84-85134-89-3

Depósito Legal: C-294-1978

Imprenta Moret - Marqués de Amboage, 16 - A Coruña
1978

**Testemuñas e perspectivas
en homenaxe ao Seminario
de Estudos Galegos**

O 12 de outubro de 1923 uns cantos rapaces saen de Compostela co abrente cara as terras de Amahía. Baixan a pé por Vidán, Roxos, a Ermida da Mercé e Lepido, deica Ortoño.

Son nove universitarios que se dirixen á Casa do Castro de Ortoño, onde se propoñen firmar a acta fundacional dun centro de estudos galegos. Son Fermin Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manoel Magariños Negreira, Xosé Pena e Pena, Wenceslao Requejo Bouet, Francisco Romero de Lema e Alberte Vidán Freiría.

Na casa do Castro de Ortoño tiña pasado os primeiros anos da súa vida Rosalía de Castro. Escoller tal lugar para a fundación dese centro de estudos significaba de seu a vontade total de entrega a Galicia no labor de creación e de investigación que se propuñan iniciar os nove universitarios.

O Seminario de Estudos Galegos, que así se chamou o novo centro, foi acollido con interés e contou axiña coa colaboración de valiosas figuras da nosa cultura, que viron nel unha finalidade coincidente coa dos seus propios esforzos.

A fecundidade da tarefa levada a cabo polo Seminario na súa curta vida de 12 anos, traballando con moi escasos medios, marca un fito na nosa cultura que non se pode ignorar e que, en boa medida, débese á súa estrutura interdisciplinaria de todas as áreas de coñecemento, para formar investigadores e para levar a cabo os plans de traballo.

Este feito puido xurdir dun modo espontáneo, inconsciente, do entusiasmo de aqueles nove rapaces que promoveron a institución, pero é indudable que cadraba con unha tendencia contemporánea que foi dominando o pensamento científico universal ao comprobar que a ordenación interdisciplinaria potenciaba extraordinariamente os resultados da investigación, así como pola conciencia de que eses resultados —o saber cien-

tífico— foron o factor máis poderoso, con independencia dos sistemas político-administrativos de cada un dos países, da evolución do mundo nesta era industrial; evolución que foi tanto máis positiva canto máis efectiva era a coordinación interdisciplinaria da investigación e do saber, que debe incluír, naturalmente, a condición e a xustificación do home.

Cando en 1936 os acontecementos impoñen a paralización do labor do Seminario de Estudos Galegos, o seu espírito continua vivo na obra realizada e na conciencia dos que, de alguna maneira, participaron nela como colaboradores na súa realización ou como concedores interesados na súa difusión. Os que tiñan traballado no Seminario de Estudos Galegos non abandonaron o labor que nel iniciaran e que os comprometía coa nosa cultura por enriba de toda clase de partidismos. Illadamente, algún destes labores acadou extraordinario valor.

Aproveitando a Mostra de Homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos coa que se inaugura a Galería Sargadelos en Santiago de Compostela, o Laboratorio de Formas de Galicia súmase a este homenaxe adicándolle un dos seus Cuadernos, no que fundadores, directores e conselleiros do Seminario, que temos a sorte de contar entre nós, xunto con algúns que tiñan colaborado, veñen relembarnos a imaxe viva da institución. Outros investigadores que empezaron a traballar cando xa o Seminario tiña desaparecido dannos a súa visión dél desde a perspectiva crítica que impón a evolución cultural que se foi operando ao longo dos decenios transcurridos. A ponderación destas dúas imaxes daranos clara idea de cal é o herdo do Seminario que deberemos actualizar de cara á súa continuidade no futuro.

Testemuñas

Ricardo Carballo Calero

○ Idioma



RICARDO CARBALLO CALERO

Nace no Ferrol en 1910. Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras. Agregado de Lengua Española e Literatura no instituto feminino «Rosalia de Castro», de Santiago. Dende 1972, catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Facultade de Filoloxía da Universidade compostelán. Foi secretario do Seminario de Estudos Galegos, membro numerario da Real Academia Galega, vicedirector do Instituto Padre Sarmiento, onde dirixe a sección literaria, conselleiro do Instituto da Lengua Galega. Colaborou na revista Nós e estivo en contacto estreito cos mestres de dito grupo. Dende moi novo cultivou a literatura. As súas primeiras publicacións foron libros de poesía (Vieiros, 1931; O silencio asionllado, 1934; Anxo de terra, 1950; Poemas pendurados dun cabelo, 1952). A súa novela A xente da Barreira, de 1951, primeira publicada en galego despois da guerra civil, gana o primeiro premio de «Bibliófilos Gallegos», fallado en 1950. Escribiu teatro (Catro pezas) e fixo edicións de clásicos galegos (Rosalia, Pondal, Marcial de Valladares, etc.). A súa obra científico-filolóxica, no dobre aspecto lingüístico e literario, é de unha gran importancia na historia da nosa cultura (sobre lingua e literatura galega, 1971; gramática elemental del gallego común, 1974; Historia de la literatura gallega contemporánea, 1975, etc.).

Por suposto, o idioma estaba no centro das preocupacións do Seminario. Constitucionalmente, a nosa Institución era bilingüe, e os traballos que a ela se presentaban, ou que nela se redactaban, podían escribirse en galego ou en castelán. Mais o espírito dos fundadores favorecía, e afervoadamente fomentaba o cultivo da lingua do país. Cando nos reuníamos nos locais de Sanclemente ou Fonseca os elementos directivos, xa nas xuntanzas formáis de tipo administrativo, ou nas sesións de traballo, ou nas simples tertulias ou conversas amistosas que soían rematar a xornada, era o galego a lingua unánime e constantemente empregada por todos os presentes. Como éstos, xa se tratase dos presidentes —durante os meus anos de estudante compostelán desempeñaba o cárrago don Salvador Cabeza de León—, dos fundadores —como Bouza Brei, Filgueira Valverde ou Tobío Fernández—, os da promoción seguinte —González García-Paz, Fraguas Fraguas ou Vázquez Martínez— ou, en fin, da promoción á que eu mesmo pertecía, eran, éramos todos escritores en galego, moi distinguidos os máis deles, os problemas lingüísticos interesaban fondamente. O estudo do idioma era, naturalmente, un dos obxectivos teóricos máis importantes do Seminario.

Mais se o uso do galego, oral e escrito, foi unha realidade característica do Seminario de Estudos Galegos, que neste aspecto continuaba a orientación dos homes de *Nós*, a investigación lingüística non chegou nunca a concretarse en plasmacións efectivas. Nunca dispuxo o Seminario de lingüistas profesionáis de formación especializada e adicación plena que imprimisen o impulso necesario aos estudos sobre o galego. A Uni-

versidade de Santiago, viveiro onde xeralmente se formaban os membros do Seminario, non contaba cunha Facultade nin unha Sección de Filoloxía. O atraso dos estudos lingüísticos na nosa terra continuaba sendo unha realidade, e, como nos tempos de Mirás, Cubeiro e Valladares, eran aficionados e non técnicos con preparación universitaria os benintencionados e ás veces meritorios lexicógrafos ou gramáticos que fornecían o material informativo aos interesados pola lingua galega. En 1909 don Vicente García de Diego, que fora catedrático no Instituto de segundo ensino de Pontevedra, fixera imprimir en Burgos un valioso manual de gramática histórica galega que por primeira vez aplicou ao estudo do noso idioma os métodos propios da nova escola romanística fundada en pleno Romantismo, mais serodidamente introducida na Península Ibérica. Aínda ben, os *Elementos* de don Vicente constituían unha obra esgotada, nunca reeditada e só susceptíbel de consulta en bibliotecas públicas ou privadas onde o seu acceso podería ofrecer dificultades ou incomodidades notorias. Non existían métodos mecánicos axeitados e doados de reprodución, como os que nos permiten hoxe a todos posuir o García de Diego fotocopiado. De por parte, para quen non recibira na Universidade unha preparación adecuada, os *Elementos de gramática histórica galega* non eran, de todos xeitos, unha obra apropiada para despertar vocacións. Don Armando Cotarelo Valledor, catedrático de Lingua e Literatura Española, trasladouse a Madrid poucos anos despóis da fundación do Seminario. Con todo, el foi quen, ao traveso das súas leicións de fonética histórica comparada do castelán e o galego, proporcionou algunha base científico-filolóxica e lingüística ás primeiras promocións do Seminario, xa que tanto Filgueira como Martínez López e eu mesmo fomos os seus discípulos no Preparatorio de Dereito, que era ao mesmo tempo primeiro curso de Filosofía e Letras. Mais pasado este curso, continuaban os estudos desta Facultade enmarcados dentro da sección de Historia, de xeito que había pouca ocasión de consolidar unha iniciación na lingüística. A incorporación ao claustro de profesores de don Abelardo Moralejo Laso, catedrático de latín, realizada no ano académico 1926-1927, xa non beneficiou aos primeiros seminaristas. O Doutor Moralejo conseguiu que os pertencentes ás promocións seguintes disfrutasen da posibilidade de aprender ben latín, e desde logo colaborou mesmo directamente nos traballos do Seminario. Secomasí, unha formación completa de lingüista non se podía adquirir en Santiago, e os que por razóns económicas ou familiares nos estábamos en condicións de trasladar a matrícula a Salamanca ou Madrid —para non citar Universidades máis arredadas— tivemos que resignarnos a cursar os estudos de Historia se queríamos seguir os de Filosofía e Letras en Galicia.

Tanto don Armando Cotarelo como don Abelardo Moralejo ostentan nos anáís do Seminario a dirección da sección de Filoloxía, o primeiro entre os anos 1923 e 1928, e o segundo entre os anos 1928 e 1930. Mais un funcionamento coordinado e continuo desta sección non era posíbel. Dunha banda, aqueles dous catedráticos universitarios nunca dispuxeron do suficiente tempo libre para formar discípulos no seo do Seminario, e doutra, a falta de ambiente apropiado, ao non existir estudos específicos de Filoloxía na Facultade de Filosofía e Letras, non propiciaba vocacións de filólogos; de xeito que como colectividade a sección de Filo-

loxía non resultaba viábel, e a súa existencia sempre foi máis nominal que real, candia menos desque se desglosou da mesma o estudo da Historia da Literatura, que aparece formando sección especial a partir de 1933. O derradeiro presidente ou director da sección de Filoloxía foi don Paulino Pedret Casado.

Fora do labor individual daqueles señores, que por vía de regra non se apoiaba nunha cooperación asentada propiamente no Seminario, o traballo nesta especialidade ficou moi por debaixo do de outras seccións, como as de Prehistoria, Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Etnografía e Ciencias Naturais, que, en diferente medida, constituían equipos de traballo ou coordinaban as súas actividades para producir obras colectivas. Se examinamos o rexisto oficial das actividades e as publicacións da sección de Filoloxía, obtemos a impresión de que ésta levou unha vida máis ben precaria.

Como traballos da sección cítanse en primeiro termo os denominados «investigacións lexicolóxicas». O Vocabulario galego-castelán de tipo popular ordenado polos señores Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús comezou a publicarse polo xornal de Vigo *El Pueblo Gallego* e ficou incompleto. Nunca máis se soupo do vocabulario castelán-galego e do catálogo da lingua galega nos que se nos di que en 1934 traballaban varios membros do Seminario. Un estudo fonético sobre as vogáis galegas non debéu de ser nunca outra cousa que un proxecto non artellado.

Máis encadrado no labor da sección como tal está o esforzo realizado en prol da normalización da lingua. Na xuntanza xeral celebrada en Pontevedra en 1928 planteouse o problema da unificación ortográfica. Don Antonio Couceiro Freixomil presentou unhas bases para a unificación da lingua escrita, que logo fixo imprimir cun apéndice do Profesor Moralejo. En 1931 nomeouse unha comisión que reconsiderase o asunto. A final, unha ponencia formada polos señores Pedret Casado, Pereira Rial, González García-Paz, Filgueira Valverde e Lorenzo Fernández, cos que colaboraron outros membros do Seminario, redactou un texto titulado *Algunhas normas pra a unificazón do idioma galego*, do que se acordou a publicación polo Seminario en xuntanza xeral celebrada o 15 de outubro de 1933.

Estas *Normas* conteñen unha parte expositiva que nos interesa coñecer, pois define a grandes rasgos a filosofía que sobre a lingua escrita veu a ser oficial para o Seminario. Resumámola a continuación.

Polo de pronto, as *Normas* son propostas para o uso particular do Seminario, e non se presentan como baseadas en rigorosos alicerces científicos.

O galego e o portugués son orixinariamente a mesma lingua. Malia a separación política, esta unidade mantívose ata fins do século XIV. Logo, o portugués chegou a ser unha das principais linguas do mundo pola extensión do seu dominio xeográfico e pola importancia da súa literatura, mentras que o galego perdeu o carácter de lingua de cultura. Mantívose, secomasí, como fala da inmensa maioría dos habitantes do país; e mesmo conservou formas que o portugués esqueceu, influido polo castelán, moi presente en Portugal durante os séculos XV e XVI e unha grande parte do XVII. Por outra parte, o portugués desenrolou for-

mas e xiros que —aínda sendo alleos ao castelán— presentan peculiaridades que impeden toda posibilidade de adaptar sen máis a nosa lingua —que non experimentou unha evolución paralela— ás normas que rexen actualmente o portugués.

Con esta filosofía, compréndese o principio práctico que domina as *Normas* do Seminario. Nos baldeiros que haxa que encher no noso idioma —baldeiros que non poden menos de presentarse ao escribir de todo nunha lingua na que secularmente non se viña escribendo de nada—, compre o achegamento ao portugués. Esta práctica víñase xa sostendo polo Seminario desde un principio; por exemplo, na supresión dos apóstrofos. Mais o achegamento ao portugués non debe extremarse. Se unha construción castelá se instalou nalgún dos baldeiros do galego, e esa construción é «superior técnicamente» á correspondente portuguesa, non compre trocar aquéla por ésta.

As *Normas* propostas aspiran a ser completas polo que se refire ao problema ortográfico; mais no tocante a fonética e morfoloxía só abordan as cuestións implicadas naquel problema e as demais importantes para a conservación e o desenrolo do xenio da nosa fala. As dúbidas resoltas son as que acadaron unha solución aceptada unánimemente polos membros da sección. Mais os puntos non resoltos non deben ser causa de mágoa, pois o propósito dos redactores das *Normas* é proceder sen presas e con siso. Dado o estado da lingua, non hai que coutar o seu desenrolo desbotando a riqueza de formas dialectáis, ou establecendo regras inflexibeis de tipo fonético-histórico, ou fixando un censo rixido de cultismos. Virá co tempo a oportunidade dunha codificación máis acurada.

Ata aquí a exposición dos principios que inspiraron aos redactores das *Normas*.

A parte dispositiva consta de tres apartados: «Normas ortográficas», «Normas fonéticas» e «Normas morfolóxicas». O primeiro apartado divídese á súa vez en tres seccións: «I. Letras», «II. Síños ortográficos», «III. Ligazón de verbas sen síño». Os outros dous apartados non presentan análogo división.

Coa perspectiva dos nosos días, vexamos os aspectos das *Normas* do Seminario que procede salientar.

Propúgnase o acento agudo para marcar as vogáis longas dos monosílabos, produto de contraccións, aínda que se trate de palabras átonas e non haxa razóns de diacrise que o aconsellen. Co que non só se acentúa *á* (preposición máis artigo), senón tamén *có* (preposición máis artigo) e *só* (adxetivo ou adverbio).

Verbo do uso da grafía *x*, as *Normas* exténdeno a todos os casos de representación do fonema /s/ tan só provisionalmente, por razóns de conveniencia actual, excluindo de momento as grafías etimolóxicas *g* e *j* nos casos en que procederan. De xeito que se ve cómo a Sección era partidaria a longo prazo da utilización deses grafemas para representar o antigo fonema /z/, hoxe enxordecido. Mais, como as *Normas* conservan o uso de *x* con sonido de *cs* nos cultismos, como *nexo*, *exágono*, etc., apuradas polo desexo de reducir ao mínimo os casos de confusión entre *x* 'cs' e *x* 's', dispoñen que nas verbas «enxebres», o *x* etimolóxico intervocáldo sexa convertido en *ís* ou *ns*, segundo as variantes dialectáis:

eisame, ensame, e, se ese *x* ía entre consoantes, en *s*, co que teríamos *estrano (sic)*. Isto derradeiro seméllanos texto corrupto, pois non coñecemos un *x* «entre consoantes». Debéu de escribirse no orixinal «ante consoantes», ou «ante consoante», como indica o exemplo, no que, por suposto, o *n* por *ñ* constituí un hiperenxebrismo.

Reixístase obrigatoriamente *s* en troques de *z* final de vocábulo (*lus, vos*) e máis en inicial de palabra que en latín comezase por *s* (*soco, sugar*). Estímase que o fonema /Ø/ é castelán, non galego, e haberá que ilo desbotando, e con el o grafema *z*. Propúgnase, pois, o galego *si-seante*.

O guión só se conserva en catro casos. O primeiro é o caso do *i* eufónico que na pronuncia de certas comarcas galegas precede ao sustantivo que comeza por *a* tónico. Supomos que o Seminario non cría que eses sustantivos convertían indefectibelmente o seu *á* en *i-á*. Os exemplos, *a i-auga, a i-alma*, parecen suxerir que o fenómeno se reduce ao caso de encontro daquel *á* co *a* do artigo, ou se cadra con calquer outro *a* en fonética sintáctica (*¿clara i-auga?*). A instituíción na lingua escrita dun feito puramente fonético e dialectal sen transcendencia semántica, indica un criterio neste caso francamente vulgarizante e diferencialista perante o castelán e o portugués. Este último idioma coñece tamén ese fenómeno de epéntese, mais a lingua padrón non o rexista.

O segundo caso de guión é o caso das asimilacións de *-s* final de sustantivo, adxetivo ou pronome, e do *-r* ou *-s* de verbo, ao *l-* subseguente da forma antiga —conservada nestes supostos— do artigo ou pronome átono de terceira persoa. As *Normas* falan de troques daquel *s* ou *r* en *l*. Escreben *todol-os, vol-os, cantol-o viron, querel-o neno*, e non *vo-los*, conforme «a asisada opinión de Leite de Vasconcelos», por que «hoxe os galegos silabamos *vol-os*», afirmación na que cremos advertir confusión entre o morfolóxico e o prosódico.

O terceiro caso de uso do guión é o do adverbio *non* reducido a *n* diante de palabras que empecen por vogal, e o carto o da preposición *con* reducida a *co* diante dos demostrativos ou pronomes de terceira persoa. Teríamos de escribir, pois, *n-a vin, co-eses, co-ela*. Outro trunfo do vulgarismo, ou dialectalismo, ou diferencialismo, ou fonetismo na escrita.

En troques, cun criterio oposto, manténse a ortografía tradicional no caso de *ao, aos*.

Canto ás «Normas fonéticas», consignaremos que a conxunción *e* só se troca en *i* diante de outro *e*, que a terminación etimolóxica *-INU, -INA* fai *-iño, -iña* nos sustantivos, mais non nos adxetivos (así, *viño, raíña*, mais *fino, divina*) e que a terminación *-IS* en grego, dá *-e* en galego (*tese, necrópole*).

Das «Normas morfolóxicas» o máis interesante é a que se refire á xeración dos plurais das palabras rematadas en *-l*. Preceptúase que cando sexan polisílabas, agudas, formarán o plural «trocando o *l* en *s* (*casás, reás, caravés*)». Nos demais casos engaden *-es*: *ánxeles, fáciles, vales*. Dunha banda, escolléuse a forma galega máis evolucionada; doutra, a máis fiel ao étimo. A máis vulgar e a máis culta.

Como, por outra parte, xa indicaban cautelosamente os redactores das *Normas*, fican fora da codificación puntos que non se consideraron suficientemente madurados. Algúns son dos máis interesantes para unha nor-

malización da lingua. Sobre a solución do sufixo ou desinencia latina -TIONE, -SIONE, somente se nos proscribe a solución -eón (o galego de escordeón, do que din que falaba Pondal): así, endexamáis *naceón, ocaseón*. Endebén, ¿diremos *nación* ou *nazón, ocasión* ou *ocasón*? ¿Haberá que distinguir vulgarismos e cultismos? Sendo así, ¿cómo os delimitaríamos? Non se resolvéu o Seminario a legislar sobre a materia. Tampouco se di unha palabra sobre a solución do sufixo -BILE ou o plural das palabras rematadas en -n.

Mais aparte do estudo das *Normas* sería interesante estudar a lingua galega nos traballos do Seminario, anteriores ou posteriores á publicación daquelas, nos que achamos planteados e resoltos, dun xeito ou outro, problemas postos de lado polas Normas, que a literatura non podía excusar. O mesmo preámbulo das Normas tivo de afrontar cuestións deste tipo.

A verdade é que polas causas indicadas, os homes representativos do Seminario empregaban un galego no que se acusa unha forte desorientación. É moitas veces un galego mal aprendido, no que o arbitrismo, o hiperenxebismo e o anarquismo campan como era inevitábel mentras unha policía lingüística discretamente exercida non se puxese en marcha por autoridade competente.

Limitémonos a formular algunhas observacións sobre o galego da parte expositiva das *Normas*, redactada polos membros do Seminario que debían de posuír a máis satisfactoria preparación. Incluímos algúns dados tomados dos enunciados da parte dispositiva. Naturalmente, excluimos as formas citadas como recomendabeis ou proscribas.

A cuestión da terminación latina -TIONE e a do sufixo -BILE resólvense nese texto dunha forma absolutamente unívoca. Aquéla é en galego -zon, e ésta -bre: *unificazón, seizón, considerazón, orientazón, separazón, nazonalidade, nazonal, posizón, poboazón, innovazón, perfeizón, construzón, conservazón, soluzón, evoluzón, prescrizóns, combinazón, representazón, acentuazón, ligazón, conxunzón, preposizón, terminazón, pubricazón, factibre, infrexibres*.

Igualmente sistemática é a solución -za das formas desinenciais etimolóxicas nas que caberían ou non absorcións de iode: *forteza, persistenza, resistencia, Galiza, adolescenza*.

O plural das palabras rematadas en -n faise sempre engadendo un -s, tanto na parte expositiva como na dispositiva das *Normas*, aínda que ésta non lexisle sobre o particular: *cuestións, prescrizóns, pretensións, razóns, exceizóns*.

O texto utiliza un arcaísmo xa proscribido no portugués e no castelán: *vegadas*.

Como formas falsamente enxebres ou vulgares anotaremos *centíficas, concencia, comenenza* e *extranas*, ésta grafiada con x na parte expositiva, en contradicción coa parte dispositiva das *Normas*.

Un dos aspectos máis descoidados da lingua era o aspecto sintáctico. Na colocación do pronome átono, moitos «seminaristas» de fala nadal castelá utilizaban sistemáticamente a enclise por diferencialismo desconta a lingua oficial. E, curiosamente, algúns que, pola súa extracción rural, eran galego-falantes espontáneos, violentaban a súa gramática natural, por crela erosionada polo castelán neste punto, e caían tamén na

escrita na aberración indicada. Ou sexa, que por oposición ao castelán, recurrían uns e outros á enclise en casos en que o galego claramente coincide co castelán en esixir a proclise. Este erro, do que tanto tempo nos custou ceibarnos a algúns, e do que outros non nos ceibamos aínda, está presente no mesmo preámbulo das *Normas*, onde se le: *os sulcos que el vaise marcando*.

Aínda que, segundo vimos, a única realización inteiramente consumada da Sección de Filoloxía como equipo de traballo foron as *Normas*, na lista das publicacións das seccións de Filoloxía e Historia da Literatura —que neste caso non aparecen separadas—, xunta o *Vocabulario popular galego-castelán* e outros estudos que non son lingüísticos, senón histórico-literarios, figura un traballo titulado «Unhas notas inéditas de Oviedo Arce. Verbas pra compretar o Dicionario de Valladares», que se di publicado en «Arq. IV», mais que realmente se insertou no tomo III dos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*. O seu autor, Álvaro de las Casas, limitóuse a ordenar e publicar as referidas notas.

A pouca vida que, polas causas indicadas, tivo a sección de Filoloxía no Seminario, debe ser posta en relación co galego literario da época, que aspiraba a ser culto, e a miudo era arbitrario.

BIBLIOGRAFIA:

- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*, Nós, Publicazóns galegas e Imprenta, Santiago, s. d.
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, *Dez cursos de traballo, 1923-1934*, Compostela, MCMXXXIV (Imprenta y Librería E. Paredes Valdés, Pontevedra).

Francisco Fernández del Riego

**Unha Política Cultural:
a do Seminario de
Estudos Galegos**



FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO

Nace en Vilanova de Lourenzá (Lugo) en 1913. Rematado o Bachillerato, encetó os estudos de Dereito na Universidade de Madrid, que continuó na de Compostela simultaneánda coa de Filosofía e Letras. Foi participante activo nas loitas escolares e formóu parte da redacción das revistas «Alento» e «Universitarios», da que foi director. Licenciado, foi profesor de Dereito Civil na Universidade Compostelana ate o ano 1936.

Polos anos 40 comenza a colaborar na prensa co pseudónimo de «Salvador Lorenzana», en Galicia i en América. Dirixiu posteriormente o suplemento literario de «La Noche». Participa na fundación da editorial Galaxia i é director da mesma ate 1975. Asimesmo está ao fronte da Biblioteca Penzol dende a súa creación.

É autor, entre outros, dos seguintes libros: «Cos ollos do noso espírito», «Galicia no espello», «Historia da Literaria Galega», «Escolma da poesía galega (o século XIX e os contemporáneos)» e «Letras do noso tempo».

Participóu de moi novo no Seminario de Estudos Galegos. Foi elixido membro de número da Academia Galega.

Na segunda década deste século comezou a se desenvolver en Galicia unha actividade cultural de novo feitío. Presidíaa o afán de lle dar consistencia ideolóxica ás manifestacións creadoras do noso espírito. Existía xa a Academia Galega, fundada no ano 1905 baixo a presidencia de Murguía. Pero a súa liña de traballo —asistemática e de expresión bilingüe—, non podía encher as necesidades culturais que o tempo demandaba. Xurdiron despóis as «Irmandades da Fala», apenas rematado o terceiro lustro do século. O seu esforzo traducíuse nun intenso labor de galeguización, no orde socio-político, no literario, e sobre todo no do idioma. Mais non abranguéu a función de pescuda e estudo dos outros eidos da cultura. Case simultáneamente, aparecéu en Ourense a revista «Nós», animada e dirixida por homes de auténtica fidelidade ás esencias do país. Nas súas páxinas reflexouse unha importantísima laboura de creación e de ensaio, con acento europeísta; tamén a nota investigadora, referida aos campos etnográfico, arqueolóxico e da prehistoria. Porén, seguían sin se atender outras parcelas que compría roturar, pra acadar o recobramento integral da nosa cultura.

A «Academia Galega», as «Irmandades da Fala» e a Revista «Nós», foron, xa que logo, fitos esenciais no proceso de revitalizamento cultural do país. Foron focos de concentración e de esparexemento, durante etapas básicas da nosa vida espiritual. Noustante, non chegaron a cubrir, na súa enteira totalidade, unha política abranguedora, na que se conxugasen a literatura, a historia e a divulgación, coa tarefa de investigación dos nosos valores privativos.

Foi, mesmamente, aquela política a que o «Seminario de Estudos Galegos» encetou e puxo en marcha. A idea da nova institución xurdiu en Santiago, animada por un fato de estudantes universitarios. Pretendíase fundar un organismo que, a base de equipos de traballo, posibilitábase unha actividade de pescuda, con rigor científico, da realidade cultural de Galicia. Os homes que o patrocinaron coincidían en dous puntos fundamentais: o amor á terra natal, e o degaro de conocele en fondura e autenticidade. Asociados á idea fundacional figuraron estes nomes: Fermín Bouza-Brey, Wenceslao Requejo Bouet, Xosé Pena e Pena, Xosé Filgueira Valverde, Luis Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manuel Magariños Negreira, Francisco Romero Lema e Alberte Vidán Freiría; todos eles estudantes, entón, das carreiras de Dereito e de Filosofía e Letras.

Consideraron estes universitarios cousa axeitada, que nacera o novo centro despóis dunha viaxata na que se mesturasen a pescuda e o goce da natureza. Pra elo escolleron as terras da Amahía, cheas de evocacións; e o día 12 do outono de 1923 xuntáronse na casa do Castro de Ortoño onde Rosalía de Castro vivira os seus primeiros anos. Alí celebraron a primeira xeira de traballo coa que se encetaron as actividades do Seminario.

Os fundadores precuraron decontado a colaboración do catedrático de Literatura da Universidade compostelana, don Armando Cotarelo Valledor, e ofrecéronlle a presidencia do novo instituto. Xa en adiante fóronse incorporando arreo outros mestres universitarios, afeitos ao calado traballo da investigación galega; escolares das diversas Facultades, preocupados polo porvir do seu país; intelectuáis mozos e vellos de toda Galicia. Os compoñentes do grupo «Nós» —que redactaban a revista deste nome— apoiaron entusiásticamente a nova institución. E non soio eso, sinón que os máis representativos deles pasaron máis tarde a presidir as diferentes seccións da mesma.

O ouxeto principal do Seminario cifrábae na formación de investigadores e no estudo científico de Galicia en tódolos seus aspectos. Pero, ao propio tempo, perseguía a divulgación cultural e propiciaba a obra de creación literaria. De comezo, o labor foi, naturalmente, un labor modesto, inda que caracterizado sempre pola súa liberdade e independencia. Non contaba con outro haber que a quentura do amor ao país e a vontade de traballo duns poucos rapaces con vocación de disciplina científica. Noustante, o esforzo inicial foi cobrando, de a pouco, dimensión e medro. Non soio se sumaron a él os escritores e artistas do grupo «Nós», sinón tamén as novas promocións que daquela andaban a precurar un anovamento do ambiente intelectual galego.

Cando o Seminario levaba apenas un ano de vida, incorporouse ás súas tarefas o arcebispo de Santiago, Lago González, gran amante da súa terra e cheo de afervoamento polos seus estudos. Precisamente, con motivo da súa solene entrada no Centro celebrouse a súa primeira xunta xeneral. Nela fixo Castelao o seu discurso de ingreso sobre *Do novo espírito*, e a seguido inaugurouse unha exposición das súas obras. En xeiras posteriores celebráronse múltiples actos, orientadores e divulgatorios: Ciclos de conferencias, coa participación de destacadas figuras; a «Festa da Lingua Galega», no curso 1924-25; a «Festa da Prosa Galega»,

no seguinte; e varios acontecementos máis que resultaría prolixo enumerar.

Ao se trasladar a Madrid o Dr. Cotarelo pra desempeñar a cátedra de Lingua e Literatura Galego-Portuguesa naquela Universidade, sustituíno na presidencia do Seminario o Profesor Cabeza de León. A partir de entón, o instituto abriu unha nova etapa, estruturándose en seccións autónomas e coordinadas. Ate ese momento, o labor víñase cinguindo case exclusivamente ás ciencias históricas e filolóxicas. Pero de aquí en adiante fóronse incorporando especialistas noutras disciplinas científicas. Ao se sumar ás laborías do centro estes estudosos, o Seminario comezou a acadar o senso integral que o definíu no campo da investigación galega.

Tamén emprinciaron a se publicar periódicamente os traballos feitos, que permanecían inéditos. Na «Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos», que inaugurou a editorial «Lar», apareceron obras de Castelao, de Otero Pedrayo, de Cotarelo e de Filgueira Valverde. Encetouse a edición dos *Arquivos*, dos que se publicaron ate seis tomos, nos que se inxeriron estudos menores das diversas ramas da investigación e do saber. De tal xeito, a literatura didáctica elaborada polo instituto chegou a ter notoria importancia para a evolución da prosa científica na nosa lingua.

Porén, un dos labores máis significativos pola súa novidade, foi o que sinalou o comezo de campañas de pescuda nas diversas bisbarras de Galicia. Os tres primeiros cursos de traballo tiveron máis ben carácter libresco e de gabinete. Despóis, noustante, o camiño colléu outro rumbo, porque os investigadores sentían a necesidade de proxectar sobre o terreo a súa tarefa de pescuda. Dese xeito fóronse abranguendo nela as actividades conxuntas do Centro, xurdindo así as misións do Seminario. De primeiras, a dirección do arquitecto Candeira, e máis tarde a de Carro García, situáronas no plano principal como fonte directa do Arquivo gráfico, que se encetou no ano 1926. A campaña desenrolada en Monforte nese mesmo ano, deu pé pra os traballos do curso en Santiago; e abriu, asemade, un froitoso horizonte de laborías que se emprenderon a partir de entón. Os novos membros da Sección de Ciencias leeron en sesións públicas os primeiros resultados das súas investigacións; e, simultáneamente, emprinciaron a se realizar estudos de tipo económico e de ciencias sociáis. Ao propio tempo, o Seminario comezou un intenso intercambio coas entidades de investigación da península e do estranxeiro.

A tarefa, ampla, positiva, atinxíu meirande alcance cando o Centro comezou a desenvolver de cheo as xeiras de conxunto, a dos traballos de pescuda en equipo, antes aludidos. Neste mester, destacaron a de *Vila de Calvos de Randín*, a da *Parroquia de Velle* e a da *Terra de Melide*. Pra nos darmos unha idea do que este labor significou, abonda decir que os resultados dos estudos da bisbarra melidense recolléronse nun volume de grande formato, de perto de oitocentas páxinas. Abranguéu a xeografía, a prehistoria, a arqueoloxía relixiosa, a etnografía, o folklore, o folklore musical, e outros aspectos. Publicacións de sinalada importancia foron, tamén, o *Corpus Petrogliphorum Gallaeciae* e o *Codex Calixtinus*, inda que este último se non imprimíu totalmente, porque o impediron os acontecementos da guerra civil cando estaba no prelo.

Polo dito pódese inferir que o «Seminario de Estudos Galegos» promocionou en Galicia un esforzo investigador de tipo colectivo e unha política cultural de ampla proxección, que enxamáis se conocera entre nós. Os seus ouxetivos —estudo de tódalas manifestacións da vida galega, formación de investigadores, divulgación dos resultados dos seus traballos— estábanse conquerindo con innegable eficacia.

No programa de actividades que o Seminario desenvolveu durante os seus dez primeiros anos de existencia, figuraron moitos empeños logrados. Mais nel quedaron outros de gran dimensión que as circunstancias truncaron. Si a obra emprendida non se vise malograda polos acontecementos que impediron a súa continuidade, a política cultural galega tería hoxe acadado metas impensables. Pra ilustrar a liña programática en marcha, que o instituto trazara, abonda con ponderar o balance que aquél presentou ao se cumprir a súa primeira década de vida. E, naturalmente, o papel que lle fora atribuído ás diferentes seccións nas que estaba estruturado.

Baixo a dirección de Cuevillas, o nutrido equipo de prehistoriadores traballaba no noso epipaleolítico e neo-eneolítico, nas estacións con grabados rupestres, no inventario de alfaias galegas prehistóricas, nos catálogos de monumentos megalíticos e dos castros galegos, na Edade do Ferro... Os historiadores, dirixidos por Cabeza de León, andaban na ambiciosa tarefa de facer ficheiros de bibliografía e diplomática galegas, corpus de documentos medievais e de epigrafía, a máis de realizar historia social, eclesiástica e de ensino. Con Carro García ao fronte, os arqueólogos e historiadores do arte estaban inventariando o material da súa especialidade en Galicia; e, ao propio tempo, propúñanse levar a cabo estudos monográficos sobre o pre-románico, románico, oxival e renacemento, barroco e artes industriais no noso país.

Os estudosos do idioma, presididos sucesivamente por Cotarelo, Moralejo e Pedret Casado, inxeriron no seu programa de actividades a preparación dun Vocabulario castelán-galego, outro galego-castelán de tipo popular, un catálogo da lingua, estudos fonéticos, e a unificación de normas ortográficas. Na sección de Historia da Literatura, a cargo de Filgueira Valverde, déronse a conocer, ou estaban en proceso de redacción, ensaios e traballos de pescuda sobre literatura medieval, decadencia das letras galegas, romantismo e contemporáneos. Na de Artes e Letras, que dirixía Castelao, organizáronse exposicións e leituras de obras inéditas de autores galegos, editáronse poemas e prosas, e emprestouse colaboración ás Festas da Língua e da prosa galegas.

Con Otero Pedrayo como director, os xeógrafos fixeron traballos pra Cartas xeográficas e xeografía histórica; realizaron tamén estudos particulares e de divulgación, ademais de iniciar a edición das chamadas «Descricións de Galicia». A Etnografía e o Folklore foron abeirados polo equipo que encabezaba Vicente Risco, nunha serie de estudos sobre a casa rural, o arte popular, os costumes, o folklore arqueolóxico, a etnomorfloxía; e na redacción dun cuestionario da etnografía e do folklore galegos. A sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, que tiña ao fronte a Tobío Fernández, encetou o seu labor con varios traballos de pescuda histórico-económica e con outros especificamente xurídicos.

Hai que engadir aínda: O labor da Sección de Ciencias Naturais —di-

rixida por Luis Iglesias— sobre xea, flora, fauna, fisioloxía e astronomía; o Laboratorio de Xeoquímica, dirixido por Isidro Parga Pondal, de tanta importancia polo seu significado; o da de Ciencias Aplicadas, que presidía Gómez Román, relativos á arquitectura galega, artes e aproveitamentos industriais de Galicia; e, por cabo, o correspondente á de Pedagogía, na que un equipo dirixido por Díaz Rozas ocupábase dos problemas lingüísticos na escola, do estudo das realidades galegas no segundo ensino, da historia do ensino no noso país, e da redacción dun proxecto de estatutos do «Patronato de Escola rural galega».

Este índice sumario da obra emprendida polo «Seminario de Estudos Galegos», reflexa a dimensión da tarefa cultural que viña realizando. A tarefa, ampla e eficaz, se non refería só ás pescudas especiais correspondentes a cada unha das seccións reseñadas; sinón que, como queda dito, abranguía unha obra de conxunto na que tódalas seccións colaboraban. Sobre a base xeográfica dunha bisbarra con características definidas, os diferentes equipos de especialistas exercían as súas actividades coordinadas. E así foron operando, durante sucesivas xeiras ou campañas de investigación, nas Terras de Monforte, do Carballiño e Ribeiro de Avia, de Deza, de Melide e Fisterre.

A obra do «Seminario de Estudos Galegos» foi interrompida violentamente no momento máis fecundo e prometedor da súa política cultural. De todos xeitos, durante os seus escasos trece anos de vida, levóu a cabo unha valiosa tarefa que enchéu unha etapa histórica da cultura galega contemporánea. Coincidindo con ela, en estreita colaboración, significáronse os esforzos das editoras «Lar» e «Nós». Porque ambas e dúas, posibilitaron o canle para a publicación dos volumes do instituto, así como a dos libros de creación dos escritores máis representativos do momento. A editorial «Lar», fundada por Leandro Carré Alvarellos e Anxel Casal Gosenxe no ano 1924, inaugurouse coa noveliña corta de Fernández Flórez *A miña muller*, e tiróu do prelo arredor de corenta títulos. Tres anos despois, no 1927, creóu Anxel Casal a editorial «Nós», que encetou o seu labor coa impresión da *Historia sintética de Galicia* de Ramón Vilar Ponte, e chegou a publicar uns setenta volumes.

Verbo das publicacións específicas do Seminario, éste deu a conocer un «Catálogo» no que se rexistraron as aparecidas durante o período 1923-1935. Ademais dos *Arquivos* e dos *Estudos de conxunto*, xa reseñados, figuraban nel once traballos de Prehistoria, dezaioito de Historia, once de Arqueoloxía e Historia do Arte, cinco de Filoloxía e Historia da Literatura, sete de Arte e Literatura, outros tantos de Xeografía, doce de Etnografía e Folklore, tres de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, vinteun de Ciencias Naturais, e catro de Varias. Compre destacar, neste punto, o programa de edición de Manuais que estaba concretando, e que non chegou a se realizar por mor dos acontecementos que paralizaron o labor do Centro. Inxería dez volumes: Xeografía, Ciencias Naturais-Xea, Ciencias Naturais-Fauna e Flora, Gramática Galega, Etnografía e Folklore, Música, Historia, Historia do Arte, Historia da Literatura, Institucións. O propósito que perseguía viña ser o complemento do labor de pescuda. Do mesmo xeito que os volumes que contiñan estudos de conxunto do Seminario daban a conocer o estado das súas investigacións colectivas, os Manuais tencionaban recoller o estado dos coñecementos de entón;

e querían ser o instrumento adoptado para a divulgación daquelas investigacións en cada especialidade.

Co que levamos dito coidamos que queda reflexada a política cultural que caracterizou á obra do Seminario de Estudos Galegos. A súa misión principal foi a formación de investigadores, e o estudo científico de Galicia en tódolos seus aspectos. Pero organizou tamén actos de divulgación da nosa cultura, como exposicións, ciclos de conferencias e sesións públicas. E, asemade, elaborou unha literatura didáctica que tivo singular releve na evolución da prosa científica galega. Neste labor participaron tres promocións: a constituída polos homes do grupo «Nós»; a dos fundadores do Seminario, nados arredor do novecentos; e a dos que, vencellados estreitamente con eles, xurdiron á vida polos anos dez. Todos eles, nunha liña de continuidade sin traumas, sumaron, dun xeito ou doutro, o seu esforzo á tarefa común. Os seus primeiros presidentes foron, como xa dixemos, Armando Cotarelo Valledor e Salvador Cabeza de León. Os dous últimos, ate a disolución do Instituto no ano 1936, foron Luis Iglesias Iglesias e Ramón Otero Pedrayo.

Velahí, en definitiva, unha breve historia reveladora, unha política cultural sin precedentes entre nós, o labor duns homes entregados ao servizo de Galicia, e unha lección que non pode ser esquecida.

Xosé Filgueira Valverde

O que foi o Seminario de Estudos Galegos ⁽¹⁾

(1) Traballo publicado en 1973 no catálogo da exposición que sobre o Seminario de Estudos Galegos fixo o «Instituto P. Sarmiento».



XOSE FILGUEIRA VALVERDE

Nace en Pontevedra no 1908. Licenciado en Filosofía e Letras no 1927, doctorado en Filoloxía Galega no 1939 e licenciado en Dereito. Catedrático de Lengua española e Literatura. Membro fundador do Seminario de Estudos Galegos e director de sección (1922-36). Patrono Fundador do Museo de Pontevedra, no 1927. Director (1942) do mesmo. Presidente (1972-77) do Instituto Padre Sarmiento, Conselleiro de Honor do C.S.I.C., numerario da R. Academia Galega, da Academia de Historia de Portugal, do «Deutsches Archaelogisches Inst.», etc. Director do Museo Rosalía de Castro. Ten publicado 215 libros e separatas, os máis sobre Arqueoloxía, Arte, Historia e Literatura de Galicia; e ofrecido 774 conferencias. Entre o seu importante traballo erudito citamos: «A festa dos maios», 1927; «Cancioneiriño de Compostela», 1932; «El libro de Santiago», 1948; «Sargadelos», 1951; «El Tesoro de la Catedral compostelana», 1959; «Azabachería», 1965; «Da épica na Galicia medieval», 1973; «La toponimia gallega», 1976; etc.

A fundación do Seminario

Tal día como o doce de outono de 1923, ben cediño, nove rapaces saíamos co abrente cara as terras da Amahía pra firmar na Casa do Castro de Ortoño, onde se criara a nosa Rosalía, a acta fundacional do Seminario: Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requejo Bouet, Xosé Pena e Pena, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manoel Magariños Negreira, Francisco Romero de Lema, Alberte Vidán Freiría e máis eu.

Os fundadores fumos a pé, por Vidán, Roxos, a Ermida da Mercé e Lapido, cara Ortoño. Alí, na Casa do Castro, firmamos as trazas do novo Centro. Inda tivemos tempo de ver a Pena da Ucha, Brión, San Clemente, o Pazo de Guldrís, e, de retorno, os restos das Torres de Altamira. Anotamos cruceiros, petos de ánimas, hórreos, castros, lendas, lembranzas de escritores, verbas e ditos. Todo o programa do que serían logo as xeiras da institución que maximábamos.

Os traballos do seminario que Lousada Diéguez e Iglesias Vilarelle, iniciaran en Pontevedra con algúns de nós, dispuxeran un traxeitar novo, alonxado dos tópicos e do hoco verbalismo. O establecemento das Facultades de «Filosofía y Letras» e de «Ciencias», ca carreira completa, daban á Alma Mater de Galicia longos horizontes.

Axíña contamos co guieiro de mestres universitarios; Cotarelo Villedor e Cabeza de León os primeiros, ca afervoadada acollida do grupo «Nós» e co creto de todol-os xornaes da nosa terra. Castelao saudaba nun

dibuxo da «Galicia» a nosa primeira saída cas verbas do Profeta: «Os que andaban en terra de trebas viron en vos gran lus...»

Dende aquel entón e deica o ano trinta e seis, total-as semáns, os galegos souperon do que labouraban as diversas Seccións do Seminario, de por sí ou no que hoxe chamamos traballo «interáreas».

Os Presidentes

Catro Presidentes tivo o Seminario en aqueles trece anos. Primeiro Don Armando Cotarelo Valledor, pra quen ningunha ciencia era allea, co prestixio de unha cátedra levada fora da aula en cursos e conferencias cheas de saber e de unha actividade literaria que dende a monografía e o ensaio chegaba ao teatro, á novela e o guión cinematográfico. Sucedeulle o sempre mozo D. Salvador Cabeza de León, un dos espritos máis enraigados no seu pobo e máis abertos ás correntes do seu tempo. Logo ven D. Luis Iglesias Iglesias, pulquérrimo investigador, con quen pasaba á rama das Ciencias da Natureza á coordinación dos traballos. A carón déles, D. Ramón Otero Pedrayo, dono do coñecimento dos mellores horizontes da nosa xeografía e da nosa historia, patriarca hoxe das letras galegas. Outros dous nomes, entre tantos grandes amigos do Seminario: o Arcebispo Lago González, axiña levado pola morte, e D. Xoaquín Arias Sanxurxo, que foi o noso primeiro benfeitor. Fumos conselleiros ou membros das xuntas, os fundadores e ademáis González García-Paz, Cordero Carrete, Vidal Rey, Ramos Coleman, Portela Pazos, Carballo Calero, Pedret Casado, Vázquez Martínez, Fraguas e Xoaquín Lourenzo.

O Seminario moveuse con moi contados medios materiais. O acolleiron nos seus edificios, primeiro a Sociedad Económica de Amigos del País no Colexio de San Clemente, e logo a Universidade no de Fonseca. Chegou a ter uns trescentos socios protectores, con pequenas cuotas. Favorecéronno con suvencións o «Ministerio de Instrucción Pública», as Diputacións das provincias galegas, moitos concellos, algúns centros de ensino e de recreo, a Institución Cultural Galega Protectora do Seminario de Estudos Galegos, o Centro Galego de Bos Aires e a Asociación Protectora da Cultura Galega de Montevideo.

LABORIAS DAS SECCIONS

Ciencias Naturales

Rexiuna o Dr. Luis Iglesias e Iglesias, cunha subsección do Dr. Isidro Parga Pondal. Foron estas investigacións e as de «Ciencias Apricadas» e «Sociales, Xurídicas e Económicas» as que quedaron ao marxe cando se creou o novo «Instituto P. Sarmiento». Coordinou os traballos ca Facultade de Ciencias da Universidade, o Instituto de Investigacións Agronómicas, a Xunta pra Ampliación de Estudos, a Misión Biolóxica de Galicia, e os Servicios de Repoblación Forestal. Mantivo, con estas cola-

boracións, un *Consultorio de Plagas del Campo*, dirixido polo Dr. Iglesias, e o *Laboratorio de Geoquímica*, que dirixiu Parga. O Prof. Aller mantivo o seu «Observatorio Astronómico» en Lalín.

O Prof. Parga, con Vázquez Garriga, Casado, Suárez Paz, Brañas e Lorenzo Salgado, laboraron o *Mapa Xeolóxico de Galicia*, iniciaron a «Colección de Rocas», fixeron estudos petrográficos e determinacións de elementos.

Na *Flora*, «Mapas Xeobotánicos de Comarcas», o Herbario do P. Merino (Martínez Gómez), a incorporación dos materiaes achegados por Vázquez Estévez, recoñecimento de tecidos vexetares por reactivos microquímicos (Iglesias), presenza do iodo nas algas (Parga), caracteres hereditarios dos millos galegos (Gallástegui).

Fauna. «Inventario das Aves de Galicia» e dos «Coleópteros» (Iglesias), traballos de fisioloxía vexetal de García Blanco e de Parga sobre hidroacetona, microdeterminación directa da auga en tecidos conectivos, regulación hormonal...

Astronomía. Traballos do Dr. D. Ramón Aller no seu «Observatorio», en especial sobre «Estrelas Dobres».

Foi unha das Seccións de meirande acción divulgadora.

Cencias Aplicadas

Sección creada no 1934, baixo a guía do arquitecto vigués don Manuel Gómez Román. Inquéritos sobre a Casa Galega e as Artes Industriaes ca Sección de Etnografía. Programa de *Aproveitamentos Industriaes en Galicia* (Fernández Ogando, Parga).

Xeografía

D. Ramón Otero Pedrayo, que sigue representando no «Instituto» a tradición dos mestres que primeiro nos axudaron e dirixe a Sección de Xeografía, levou a do Seminario dende a súa fundación. Traballou sobre as vellas Cartas Xeográficas ca Sección de Cencias; a Xeografía Histórica a través dos topónimos (Martínez López, Fraguas, Xurxo Lourenzo); escomenzou a edición de vellas descripcións (Sebastián González); dou base ás xeiras de conxunto sobre as bisbarras galegas... Fixo divulgacións tan axeitadas como a *Síntesis Xeográfica de Galicia* e conferencias inesquecibles como as dos cursos de Pontevedra.

Etnografía e Folklore

Dirixida sempre por aquel outro ourensán de universal sabencia que foi D. Vicente Risco. Redactou os *questionarios* dos inquéritos sobor dos *Tipos de poboación rural* (Otero Pedrayo) e de *Embarcacións* (Lourenzo), da *Casa Rural* (Otero, Fernández Cochón); as maquetas de Hermida dan testemuño do que foi o traballo sobor a habitat labrego.

No Arte Popular: *Os Cruceiros*, a obra de Castelao, que abondaría pra honrar o Seminario. Traballos sobre os *Ferros Galegos Populares* (Bouza)

e *Artísticos* (Cordero Carrete); o *Carro* (Lourenzo), as *Tampas Sepulcrales* (Risco); o *Liño e a Lá* (Lourenzo), a *Cerámica* (Fernández Dacal) e os costumes: *Maíos* (Filgueira), *San Xohán* (Martínez López), *Antroido* (Fraguas e Bouza), *Nadal* (Cotarelo), as *Bodas* (Lourenzo). Iniciou un *Arquivo de Folklore* que acadou 4.000 cantigas. Adicou especial coidado ao traballo das lendas arqueolóxicas. Por primeira vez abordáronse en Galicia, no Ribeiro de Avia, investigacións de *Etnomorfoloxía* (López Teixeira). As coleccións do Seminario que agora exhibe o Instituto poderían dar base a un Museo do Pobo.

Historia

A Sección de Historia encetou, baixo a rexencia de Cabeza de León, os ficheiros de *Bibliografía Galega*, nos que tanto traballou Fraguas; redactou as normas pra investigación metódica dos arquivos galegos (Vázquez Martínez), abriu un *Corpus de Documentos da Edade Media* cas transcripcións do Tumbo A, cos pergameos da Universidade de Santiago e cas primeiras series de fotocopias de fondos catedralicios e do Arquivo Histórico Nacional, os índices de Bulas referentes a Galicia do Arquivo Vaticano (Vázquez Martínez), dos fondos perdidos e dispersos de San Martín Pinario (Filgueira Valverde) e as investigacións sobre o protocolo dos documentos galegos (Lourenzo Fernández). Tamén dispuxo as edicións das *Fontes pra a Historia de Galicia (Codex Calixtinus)*, transcrito por White Hill, con versións musicales de Dom Prado i estudo das miniaturas, de Carro, e a *Corónica de Iria* (Carro García). O axitado século XV foi investigado por Lence Santar e Portela Pazos.

Foron tamén importantes os traballos desta Sección en Heráldica (cédulas de escudos e de linaxes), Numismática (cecas galegas), Epigrafía (escomenzo do Corpus que continuou o Instituto baixo a dirección de D'Ors), Historia Social, Cotos e Xurisdiccións, Biografía (importante o estudo dos colexiaes compostelanos e dos membros de ordes relixiosas). Os traballos de Historia Eclesiástica atinguiron cos Padres Atanasio e Pardo e con Pedret Casado un lugar sobranceiro.

Os cursos de Paleografía (Pérez Millán) e Historia de Galicia (Cotarelo, Risco) viñeron encher tamén un valdeiro pra a formación de novos investigadores.

Prehistoria

A Sección que rexíu Florentino López Cuevillas estabreceu en Galicia, sobre alicerces centíficos, os estudos da Prehistoria, escomenzando pola edición da súa utilísima *Bibliografía*. Investigou o epipaleolítico (traballos de Fernández Costas), o neoeneolítico (Cuevillas, Bouza, Lorenzana), iniciou o repertorio de moimentos megalíticos, esprorando dez estacións, dou á prensa o *Corpus Petrogliphorum Gallaetiae* de Sobrino Buhigas, realizou os primeiros inventarios de xoias prehistóricas (Carro, Cuevillas, González García-Paz), imprentou as *Xoias Arcaicas* de Cardozo, catalogou os Castros de dez comarcas galegas, das que foron publicadas o *Val de*

Vilamarin (1928), *Celanova* (1928), *Carballiño* (1930), *Melide* (1931), *Lo-beira* (1933), e deixou preparados Fisterre, Saviñao, Santiago e Lugo. Os estudos do Director da Sección encol da *Edade do Ferro* en Galicia asinalan unha cume nos afáns do Seminario.

Arqueoloxía e Arte

Conducida por D. Xesús Carro García, que deica este mesmo ano, continuou, xornada a xornada, traballando con nós e dirixindo estas investigacións no Instituto. Escomenzou pola formación de un Arquivo Gráfico de Galicia, cos datos dos inquéritos que se espallaron e do material recollido nas xeiras de comarcas e vilas e poido recoller os vellos catálogos de exposicións feitas en Galicia, en especial a de Santiago do 1909. Un viaxe de estudos do mestre Gómez Moreno enroitou a nosa actividade. Con él foi estudado o Prerrománico, dando novos achados (Bouza, Fontes Canals, Fernández Oxea). A investigación do románico foi levada por Carro, Gómez García, con Camps e cos arquitectos Candeira Maquieira e Fernández Cochón. Traballamos tamén sobor do oxival e dos baldaquinos do XV e comenzos do XVI. Pérez Costanti guiou o traballo sobre documentos. Non faltaron monografías sobre Artes Industriais.

Estabreceuse correspondencia con científicos estranxeiros (Connant, White Hill, M. Chaucey Ross, Cook...). Colaboramos na formación dos novos Museos (Catedral de Santiago, Pontevedra), nas xuntanzas e nos informes sobre «Monumentos Nacionales», fixemos campañas de divulgación nas que destacaron as leccións de Castillo.

Filoloxía

Estiveron ao fronte desta Sección Cotarelo Valledor (1923-1928), Moralejo (1928-1930) e Pedret Casado (dende 1930). O Dr. Moralejo sigue traballando no noso Instituto.

Con Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús publicamos (1926-1928) un *Vocabulario galego-castelán* de tipo popular. Pedret Casado e Pereira Rial escomenzaron outro *Castelán-galego*. Risco dou as normas pra un *Catálogo de Lengua galega*. Martínez López iniciou estudos fonéticos. Fixéronse as primeiras normas ortográficas, iniciadas por Couceiro Freixomil e Moralejo.

Os cursos máis destacados foron os que deron Tobío Fernández (*Fonética galega*), Cotarelo (*As orixenes do galego*), Gamillscheg (*Galicia y la historia lingüística de los visigodos*) y Reichenkrone (*Fonética*), en relación ca Universidade.

Historia da Literatura

Tiven a honra de dirixila. Traballamos con Cotarelo sobor do avencellamento popular da lírica do medievo e sobre as fontes e derivacións das *Cantigas* de Alfonso X. Fíxose o inventario dos textos galegos da época que agora chamamos do «silencio académico» (séculos XVI, XVII, XVIII).

Otero Pedrayo, Lafuente Bermúdez, Bouza e Carballo Calero investigaron o rexurdimento; Fernández del Riego, Cunqueiro e Iglesia Alvariño, os contemporáneos. Comenzou a traducción dos clásicos (Gómez Ledo) e dos evanxeos (con Iglesias Vilarelle). Organizamos ca Universidade cursos e conferencias.

Arte e Letras

Non se esqueceu a creación artística. Rexida por Alfonso Rodríguez Castelao esta Sección organizou exposicións como a da súa obra pictórica (1924), e a das *Cousas* (1925). Foron moitas as lecturas de obras literarias, dende a fundación do Seminario.

Organizamos as Festas da Lingua Galega (1924), da Poesía Galega (1925) e da Prosa (1927). Editamos algunhas das obras máis sonadas da nosa literatura neste século: *Nao Senlleira*, de Bouza Brey; *Na noite estrelecida* e a *Rosa de Cen Follas*, de Cabanillas; *Cousas*, de Castelao; *Hostia*, de Cotarelo Valledor...

Pedagogía

Devanceira no que, deica entón, pouco se labourara na Galicia, foi a Sección de Pedagogía, que levou Manuel Díaz Rozas con Antón Iglesias Vilarelle. Redactou os Estatutos dun posibre «Patronato da Escola Rural Galega» (Filgueira, Núñez Búa, García Vidal, Alonso), encarou os problemas lingüísticos da escola (Díaz Rozas, Alvarez Limeses, Torres Martínez) fixo os programas de temas «da realidade galega» no ensino e, mais que nada, adicouse ao *Laboratorio de Psicotecnia*, o primeiro eiqú fundado, que dirixiu Antonio Iglesias e que formou unha xeneración de escolantes interesados na Psicoloxía Escolar: Longa, Miguez, Fontenla, Filgueira González, Lozano...

Cencias Sociales, Xurídicas, Económicas

Fundada no 1930. Dirección de Luis Tobío Fernández. Traballou en relación ca Sección de Historia i en temas candentes naquel intre histórico. No primeiro aspecto, sobre os castros na orixe das parroquias (Cuevillas), os concilios galegos e do N. de Portugal (Pedret), as crases sociaes na Edade Media (Lourenzo) e as institucións na Moderna; os cotos e xurisdiccións (Taboada Roca), os Concellos (Tobío), a Real Audiencia (Vidal e Losada), a Universidade e os Colexios (Cabeza de León, González García-Paz, Fraguas, Vázquez Martínez, Tobío, Lanza), os Gremios e a Pesca (Cabeza, Tobío) e a emigración (Srta. Cuesta). Nos problemas daqueles anos foron soados os estudos económicos de Ferreiro Cid (1928) e Alexandre Bóveda (1931), economía agrícola e gandeira (Fernández Osorio), e os xurídicos e constitucionales do ano 1931.

TRABALLOS DE CONXUNTO

Portugal. A «Semán Cultural Galega» de 1935

O Seminario tratou dende a fundación, de establecer relacións cos investigadores portugueses. Mendes Correa, Mario Cardoso, Pires de Lima, Santos Junios, Serpa Pinto, Rodríguez Lapa foron os primeiros en acaroarse a nos. Pra un mellor coñecemento maxináronse «Semáns» de intercambio. Foi modelo a que se celebrou no Porto antre o 31 de marzal e o 6 de abril do 1935. Cada Sección fixo o seu programa de visitas a centros de estudo e de conversas con profesores portugueses. Pola parte galega houbo conferencias de Alsina, Carro García, Castelao, Charro Arias, Fernández del Riego, Filgueira, Iglesias, Lourenzo, Maciñeira, Parga Pondal, Pedret Casado, Risco, Rodríguez Somoza, e Sobrino Buhigas. De parte portuguesa interviñeron os Doutores Almeida Garret, Cardoso, Leonardo Coimbra, Aarão de Lacerda, Magalhaes, Mendes Correa, Santos Junior.

Xeiras nas vilas e terras de Galicia

A máis fonda das accións do Seminario foi a que se levou a termo sobor de comarcas naturaes xuntándose todala-as Seccións pra estudos conxuntos que, con verba ben enxebre, chamamos «xeiras». Achegarse ás realidades no mesmo campo galego e quebrar os ríxidos compartimentos da crasificación das ciencias, pondo en relación aos investigadores, foron tamén fins propostos ao tempo que se investigaba cada un dos grandes temas das terras escollidas.

Fíxose a primeira xeira a Monforte, no 1926, baixo o petruciado de Arias Sanxurxo. Concurrieron as Seccións de Xeografía, Etnografía, Prehistoria e Arqueoloxía. No 1927 fomos a Carballiño e ao Ribeiro guiados por Losada Diéguez. No 1929 escomenzaron as mesmas Seccións a Terra de Melide, única publicada. Dende o 1930 ao 1934, tódalas Seccións, incluso as de Ciencias e Pedagogía, traballaron na Terra de Deza. No 1936 escomenzou a derradeira: Fisterre.

Os «Cursos de Extensión Escolar»

Non desbotou o Seminario o espallamento do investigado nin a chamada a novos investigadores. A par dos «cursillos» e das leccións monográficas denantes anotadas, iniciou no vran do 1935 uns Cursos de Extensión Escolar que se desenrolaron en Pontevedra.

Tiveron tres liñas: cursos xerás, leccións pra o Maxisterio e conferencias extraordinarias. Os primeiros versaron sobre Ciencias Apricadas á Economía Galega (Fernández Osorio, La Sota Valdecilla, Gallástegui, Odriozola, Iglesias, Basanta, Botella, Massó) e Galicia e a sua cultura (Filgueira, Pedret, Iglesia Alvariño, Otero Pedrayo, Míguez, Carro, González García-Paz, Fraguas, Loureiro, Blanco Porto, Bal); os adicados aos profesores foron dados por Alvarez Limeses, Borrás, Landín, «Roxerius», Torres, Núñez Búa, Fernández Villamil, Díaz Rozas, Iglesias Vilarelle i Hernández Andueza, Iturriaga, Señoráns, Salom y García Cabezas.

Cotarelo, Castelao, Martín Cardoso, Riestra, Risco, López Cuevillas e Rodríguez Somoza deron as conferencias maxistrais. Visitas i excursións compretaron o programa.

As leccións foron seguidas por moitísimos pontevedreses. E ledo comprobar, pasadol-os anos, que se non perdeu a semente alí deitada e que moitos dos que entón, como alumnos, asistiron ou recibiron certificados atoparon alí o camiño da súa vocación.

Publicacións do Seminario

O Seminario de Estudos Galegos editou unha publicación anual conxunta das Seccións, con traballos monográficos, «ARQUIVOS», da que saíron seis volúmenes dende o 1927 ao 1934. Tamén publicou como traballos de colaboración *Vilas e Terras de Galicia*, na que saíron: *Vila de Calvos de Randín*, de F. Cuevillas e Xoaquín Lourenzo (1930); a grande i exemplar *Terra de Melide* (1933), e a *Parroquia de Velle*, de Cuevillas, Fernández Hermida e Xoaquín Lourenzo (1936).

Máis de cen monografías imprimiu o Seminario nos trece anos da súa tarefa.

Outras publicacións quedaron xa asinaladas. Destacaron o *Vocabulario galego-castelán* (1926-1928), as *Normas pra a unificación do idioma galego*, o *Corpus Petroglipborum* (1936), o *Catálogo dos Castros Galegos* (1928-1933); a *Síntesis xeográfica de Galicia*, de Otero Pedrayo (1926); *As cruces de pedra da Bretaña*, de Castelao; *El P. Feijóo. Sus ideas crítico-filosóficas*, de Sara Leirós (1935), e os libros de poesía e prosa literaria do mesmo Cotarelo, Bouza, Cabanillas, Castelao e Filgueira. E, como publicacións póstumas, se editaron, en Buenos Aires, a obra máis importante da erudición artística galega nos derradeiros anos, *As cruces de pedra na Galiza*; i en Compostela o *Codex Calixtinus*, cúa impresión fora escomenzada por Casal, que tanto traballou pra o Seminario.

Antonio Fraguas Fraguas

**A xeografía no
Seminario de
Estudos Galegos**



ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Nace en Cotobade (Pontevedra). Estuda Filosofía e Letras en Santiago, doctorándose en Madrid. Foi catedrático en Lugo e Santiago ate a súa xubilación. Foi profesor da Facultade de Filosofía e Letras, bibliotecario, e máis tarde secretario do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Anteriormente fora bibliotecario do Seminario de Estudos Galegos, onde colaborou logo da fundación do mesmo.

Ten publicado diversos libros e monografías sobre diferentes temas de Galicia, entre os que destacan «Geografía de Galicia», «Galicia insólita», «O entroido nas terras do sul de Cotobade», «Farsa de Carnaval en Touro», «Apuntes para la historia de la primera enseñanza en el valle de Quiroga», «La vida colegial compostelana, los hombres y las instituciones», etcétera. Colabora en xornales e revistas nacionais i estranxeiras. É membro de número da R. Academia Galega, correspondente da R. Academia de Historia, da Sociedade Portuguesa de Antropoloxía i Etnografía de Porto, Bibliotecario da R. Sociedade de Amigos do País, de Santiago e director do Museo do Pobo Galego.

A pouco da súa fundación o Seminario de Estudos Galegos estivo orgaizado en Seccións e foi Director da de Xeografía Don Ramón Otero Pedrayo, catedrático de Xeografía e Historia e director do Instituto de Ourense. Pertencían a esta Sección inda que como os meus compañeiros traballásemos tamén noutras principalmente na de Prehistoria e na de Etnografía e Folklore. Escoitei a Don Ramón nunha xuntanza do Seminario e logo trateino no estudio que na súa casa da rúa das Hortas tiña Camilo Díaz Baliño, onde nos encontramos, ademais do artista, Florentino L. Cuevillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco, e dous mocíños entóns, Ramón Martínez López e mais eu. Non se falou de ciencia xeográfica, falouse de cousas políticas, pero axiña Don Ramón falounos da Xeografía Histórica, da toponimia e de outros problemas xeográficos nos que de unha maneira sinxela traballamos na medida das nosas forzas.

Don Ramón Otero tiña un concepto novo da ciencia xeográfica començando o estudo da Terra pola orgaización mais sinxela e tradicional: a aldea, a parroquia no medio campesiño. Foi un dos primeiros en dar a conecer a Suess. Por primeira vez comenza o estudio centífico do paisaxe afincándose no elemento xeolóxico que dispoñe o primeiro principio do paisaxe xeográfico no que se xuntan todos os factores humanos de emplazamento, vida e traballo, con detallada razón de canto se integra no

entorno socio-económico dun lugar sempre relacionado co home. Neste novo senso xeográfico aparece un dos primeiros traballos que publicou o Seminario: «SINTESE XEOGRAFICA DE GALICIA». Na súa primeira folla pode lerse: «Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos. Síntese xeográfica de Galicia por Ramón Otero Pedrayo». E no colofón di: «Iste libro rematouse de imprimir en «LAR», Real, 36-1.º A Cruña o XIX de Xunio do MCMXXVI». Pra mostrar millor a importancia da Sección lembremos o que di o autor do libro a modo de presentación: «Iste traballo non ten pertencencias científicas e soilo responde á arela que sinte o autor de que se faga un libro popular de Xeografía galega —en espera da fundamental obra de ciencia— inda que soilo sexa pr'a combater frases tan espalladas com'a de «Suiza española» e comparanzas com'a que se fai d'as nosas rías c'os fiordos noruegos. É un traballo xa vello, da primeira xuventú hoxe un pouco arregrado, e esquirto cicais demasiado de presa pol-o deseio de ofrecer ó Seminario de Estudos Galegos unha proba de admiración. Inda que as monografías sexan o principal intrínseco do «Seminario» mando íse feixe de cuartillas c'a boa intención dita e, tamén, com'a prólogo d'un traballo preciso sobre d'unha parroquia ourensana. O autor pide perdón pol-o atrevemento e saúda ó «Seminario d'Estudos Galegos».

Inda que o autor escriba semellante nota de sinxeleza, o libro debe considerarse como obra fundamental e na que por primeira vez se plantean problemas novos no estudio da Terra galega e do dinamismo dos elementos físicos e dos problemas humanos. Comenza a xeografía estudiada científicamente, por rexións especiais: I Rexión N.E. que comprende as Serras Cámbricas, a Terra Chá, o Outo Miño e a Terra de Lemos. II Rexión do N.W. coa zona mais boreal de Galicia: o norte do Eume; baixa despois ós altos do Tambre e Mandeo. As Mariñas. As terras de Xallas e Bergantiños. III Rexión dos macizos ourensáns e val medeo do Miño, coas terras límite das montañas do leste. A Terra do Bolo. O Bibey. A cabeza de Manzaneda. As terras de Trives, Caldelas e Maceda. O Val do Mao e o Val do Támega. A Limia. Rexión do Arnoya. O Miño central. IV Rexión do Ulla, das Rías Baixas e do Baixo Miño. Sigue o estudio do Litoral con novo senso de división. O Crima e a Vexetación. A Xeografía Humán e o Paisaxe, que corresponde a tres porcións: paisaxe montesía, da Costa Brava e paisaxe do val. Todos temas suxestivos que son tratados con gran rigor científico.

Como prometera fai o estudo de unha parroquia: Trasalba. A nova forma de ver e sentir a Xeografía de Galicia foi preocupación constante de Otero Pedrayo. No ano 1922, no número 14 do Boletín «NÓS», correspondente ó mes de Nadal, publica un traballo: «Encol da aldeia», no que se adianta ó Congreso do Cairo, celebrado no ano 1925. Don Ramón comprende o sentir cósmico dos poetas Pondal e Cabanillas, e ouserva o paisaxe analizando os compoñentes dos granitos: croio, mica e feldespatos. O primeiro dispón da dureza e das modificacións coa luz, a mica descóbrese inda coa luz da lua deica esmorecer totalmente e o feldespatos proporciona unha suavidade especial nas terras. Determina as formas vivas do paisaxe como elementos fundamentais e as liñas ordeadas dos montes dispostos deica meterse no mar: «A topografía particular dos vellos países graníticos atópase craramente representada na Galiza. De

tan vello o noso anaco de esferoide desfaiase esmorecéndose na ledicia dos longos meses de chuvía, recibindo o alegre tumbo das olas d'un mar épico. Pondal foi o primeiro que s'estremeceu ó sentir vibrar a terra galega baixo os seus pasos, Cabanillas e Noriega son tamén neste sentido poetas *cósmicos*. Os nosos montes non teñen seu curuto en corno, en cuchila, en dente nin en pirámide. Vede os seus nomes: meda, coto, rodeiro, pena; teñen a forma dos grandes anteiros ou penedos (ovoideos, cupulares) chamados inocentemente na Guía Baedeker *bloques erráticos* como si non foran nados no mesmo sitio onde envellecen nobremente. A montana chega ó mar e ábrase a todos; non é dura e ingrata, a vide trepa polas suas ladeiras e ruben co-ela os pobos coma rapaces qu'agatuñaran pra apañal-as cereixas. As montanas chegan ó mesmo mar afondando as suas faldras no Atlántico e baixan hastra a propia corrente das augas».

No ano 1927 o Seminario publica o estudo prometido por Don Ramón, con este título «Publicazóns do Seminario de Estudos Galegos. Seizón de Xeografía. Problemas de Xeografía galega. Notas encol das formas de poboazón labrega por Ramón Otero Pedrayo. NÓS. Publicazóns galegas e imprenta, Real, 36-1.º A Cruña. 1927». O colofón di que se rematou o 28 de maio de 1928. As publicazóns saían na imprenta que agora era de Anxel Casal. Inda lembramos a máquina minúscula que tiña deica as que adquireo cando veu pra Santiago instalándose primeiro na rúa das Hortas, trasladándose mais tarde á rúa do Vilar.

O traballo recolle en primeiro lugar o cuestionario do Congreso do Cairo de 1925, que acordou facer público pra que se fixese un programa axeitado pra presentar no Congreso de Londres en 1928, que Don Ramón comenta así: «sería de desexar que a Seición de Xeografía do noso Seminario fixera algún traballo pra mandar ó Congreso». No Cuestionario preséntanse a estudio catro puntos fundamentais: I Definicións. II Orixe dos tipos de poboazón. III Repartición xeográfica dos tipos. IV Relación dos tipos de poboazón coe outros feitos de xeografía humán. Don Ramón explica, entre outras cousas os catro apartados coas mais xustas definicións, inda que diga que son «respostas dunha maneira xeneral e sempre con referencia a Galiza». E sobresaí a sua persoalidade de xeógrafo da nova escola no comentario que fai ó devandito Cuestionario afirmando: «é demasiado xeral e refrexa a maneira de ver propia das terras do Centro e do Ponente de Europa, onde predomiñan os vastos chaos agrícolas (Francia, Francia, Alemaña, Italia continental, Inglaterra do leste) alternando con tipos menos espallados de verdadeira montana (Alpes, Walder de Alemaña, etc.)». Por eso mostra a sua disconformidade: «logo hemos ver que pra nosa xeografía compre outra cousa polos caracteres enxebres da nosa Galiza, en conxunto e nas rexións en que naturalmente se orgaiza». Don Ramón fai, a continuación, un cuestionario da casa habitación, as construcións adxetivas á casa labrega e os elementos artísticos.

A parroquia estudiada é Trasalba que amorosamente trouxo tantas veces ós seus escritos. Destaca o pazo da sua propiedade que tiña ó lado do que habitaba e fai o seu estudio dentro das formas de habitat labrega da forma e disposición da casa; «nela comprendemos o pazo pois secularmente afincado no chan, zuga del a sua vitalidade, coma un po-

deroso castiñeiro petrucial». É o capíduo adicado ó pazo o que remata o estudio da parroquia, finando con estas verbas: «Damos por rematado iste traballo adicado o noso Seminario de Estudos Galegos con mentes de estendelo a outras parroquias si Deus da tempo e axuda».

Pouco tempo tardaría en aparecer outro novo traballo de Don Ramón: «Una impresión da Galicia do Sul no derradeiro ano do século XVIII». Finou a súa impresión o primeiro de xaneiro de 1929. Trátase do viaxe feito polo Conde de Guzmán e varios acompañantes no ano 1799 «con el motivo de inspeccionar la carretera que solicitan las tres provincias de Santiago, Orense y Tuy». O estudo comencan a facelo nas portas de Benavente, localidade onde pasan tres días, e, ó terceiro aparece o Corredor de Ourense D. Xoán Antonio Bringas. Recorren de Benavente a Sanabria e de Sanabria ás Portillas. Logo comencan a tropezar co intenso comercio de Galiza pro interior «dazaoito arrieiros con merluza, congrio e outros peixes salgados prá terra de Campos de Lubian, maragatos con cento cincuenta machos con xéneros pra Zamora e Toro». O equipo de inxenheiros fai o recorrido por Monterrei, Xinzo, Allariz e Ourense. De Xinzo di «que pola súa fermura e farta de produitos apenas ademite comparación con ningún outro». De Ourense vai o Conde por Carballiño, o Paraño, «paraje tan infeliz que los mismos naturales lo miran con horror», Soutelo, Cerdedo, Pontevedra. Fan diferentes itinerarios e por ser un outono de chuvias ten que estar na casa en Pontevedra tres días, 11, 12 e 13 de santos pero «pasábase ben e falábase da prosperidade do país arredor da mesa presidida por un congrio de 50 libras galegas». A estrada fíxose polos anos 1852 utilizando presos nos traballos de varios tramos.

Estudou o Seminario con todas as Seccións as Terras de Deza e a Terra de Melide que se publicou no ano 1933. Fixo Don Ramón a parte xeográfica, pero tamén tomou parte na laboura de Catalogación dos Castros como o de San Xiao do Monte que estudiamos os dous, un día de chuvía, protexidos, Don Ramón con unha capa de augas chamado un encerado, e eu unha capa de xuncos, pezas que nos deixou o taberneiro de Toques.

A Terra de Melide ten, ademais do intrés do seu estudio, unha misión especial: cubrir o primeiro vieiro no estudio das bisbarras galegas como sinala Otero Pedrayo: «Mais ben considerado, isas bisbarras son a reserva e a confianza da Galicia, son os seus músculos e carne xeográfica e humanamente». Mais temos que facer constar outra razón: «Foi escollida a terra melidán polo seu recoñecido intrés arqueolóxico e histórico e pola posición central na Galiza, ben que cumprindo un dos fins da nosa institución, totalas rexións galegas terán de ser estudadas miudamente». A Melide foron todas as Seccións do Seminario como habían ido á Terra de Deza, por eso o estudio é unha monografía completa que contén a Xeografía, Prehistoria, Historia, Arqueoloxía, Etnografía, Folklore, Folklore musical, e, o derradeiro capíduo, Lembranza biográfica de Don Mateo Segade Bugueiro. A parte da monografía que corresponde á xeografía é obra de Otero Pedrayo que recolle todos os aspectos da terra melidense, dende a posición e demarcación, deica o estudio dos Camiños antigos. A Terra de Melide foi libro que mereceu da crítica unánimes eloxios.

No ano 1927 publícase o primeiro tomo de Arquivos do Seminario

e figura nél un estudio de Vicente Risco con moi boas ilustracións do autor. O traballo titúlase: «O Castro de Caldelas. Monografía xeográfica-etnográfica d'unha vila da nosa terra». O primeiro que se estudia son as características do emplazamento e a súa situación en camiños de posibles entradas de enemigos. Pero as terras de Castro Caldelas presentaban no mercado dous productos de moi boa calidade: o pan e o viño polos bos trigos e boas cepas que tiñan. Os trigos siguen sendo bos pero a xente mezcla fariñas de fora que rebaixan a calidade dos da comarca; e os viños viñeron a menos por culpa da filoxera, plantando cepa americana e coidando o millor que poden o que se pode conservar como no lugar de Celeirón onde non hai mais que lagares pra facer o viño e sitio pra secar castañas. Tamén está eiquí a historia con toda a súa prosapia de fidalguía cujos blasóns chegaron ós nosos días. O estudio das xentes, os gaiteiros e unhas valiosas notas do folkloe comarcal, completan esta monografía.

O estudo da vila era como unha resposta ó traballo de Don Ramón publicado no número 25 do NÓS, correspondente ó mes de xaneiro de 1926, co título: «Encol da Morfoloxía das Vilas Galegas». É intresante reproducir o comenzo do artigo: «Un estado da morfoloxía —e polo tanto da morfoxenia— das Vilas faise cada instante mais preciso pol-a outa siñificación dos feitos antropoxeográficos nos que estan intresados cada vez mais a Historia, a Economía, a Psicoloxía da nosa Terra. O problema complícase hoxe pol-a medra das Vilas, a nacencia de complexos de agro e vila, o desenrolo das relacións e outros feitos que van reducindo o estadio das unidades naturaes». Compréndese o intrés e Don Ramón Otero fai un guión de cuestións: diferencias, tipos domiñantes de casa, agrupación, forma, desenrolo, categorías das rúas e razón da formación das Vilas: un santuario, unha ponte, un muiño, un mesón, etc.

No mes de marzal do mesmo ano e tamén no boletín NÓS publícase outro traballo de Otero Pedrayo que foi moi lido e comentado na nosa Sección do Seminario. O traballo tidóase: «Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía». Con un dominio de autores clásicos e modernos fai o autor unha relación de obras fundamentais e a razón de ser de obra e dos problemas que estudia, analizando esquemáticamente os clásicos Ratzel e Suess e os modernos L. Gallois, G. Erdmann, a quenes se deben estudos de vilas como Lyon e Upsala, ós que siguen Otto Manll, Almagiá, Passarge e Leacewicz. Eran entonces as figuras mais destacadas e aparecen coa súa obra e as características da mesma.

O Seminario publicou no ano 1930 «A vila de Calvos de Randín» da que son autores Florentino L. Cuevillas e Xoaquín Lourenzo. A monografía comprende : A Vila e o paisaxe. Etnografía prehistórica. Notas de Etnografía moderna. Colleita folklórica e o Cancioneiro. Non fallan dibuxos isométricos de casas, dibuxos do moblaxe, disposición dos tellados, etcétera.

Iba extendéndose o estudo de terras, de parroquias e o intrés de coñecer Galicia directamente. Alvaro das Casas, profesor do Instituto de Noya fundou o Grupo Utreya que logo se estendeo e comenzaron as xeiras de estudio que foron publicadas no Seminario; a da Misión Biolóxica, a do Barbanza, e o viaxe marítimo polas costas galegas. Deste debemos destacar o de Xurxo Lourenzo publicado nos números 124-125 de

NÓS, por desgracia traballo que se publica como homenaxe porque o autor morréu en Zaragoza o 3 de abril de 1934. Como gran dibuxante e gran arqueólogo foi facendo no recorrido unha serie de notas pero é tamén a xeografía a que se descobre nos perfíles da costa, nos hourizontes e na emoción da paisaxe cando fala dende o Castro Leboreiro.

De Alvaro das Casas publicouse «A Illa de Ons», separata do NÓS do ano 1934. Trátase de unha monografía onde se estudian os problemas xeográficos, situación, Xeografía, Habitación, Supersticións, Lendas e contos. Xantares, Festas, Relacións xocosas e o Cancioneiro. O autor fai esta afirmación: «Dou por certo que este é un dos recantos galegos onde mais supersticións perviven. Non se atopa muller que non leve un dente de allo consigo, contra o mal do ollo».

No NÓS do 15 de febreiro do 1932 publica Sebastián González García-Paz un traballo, comunicación denantes feita no Seminario, tidoado: «Un mapa inédito do Arcebispado de Santiago». Trátase de un borrador ou copia do mapa que fixo o crego de San Salvador de Poio, Don Anxel Marín, dedicado ó Arcebispo Fray Rafael de Vélez no ano 1825. É un mapa curioso que situa o W. na parte superior e quedan no Leste as rías da Cruña e Ferrol.

Un traballo tamén de tipo comunicación foi o de Arturo Noguero, tidoado: «Vilas galegas. Rianxo», publicado no número 63 de NÓS do ano 1929, correspondente ó mes de marzal.

Debemos resaltar o traballo de Don Ramón Otero Pedrayo: «Encol do elemento animal no paisaxe», publicado no n.º de NÓS, correspondente ó mes de setembro. É o primeiro xeógrafo que fai esta recapitación nunha verdadeira comprensión do paisaxe: «O elemento animal fica o mais esquencido de todol-os que nas difrentes combinacións integran o paisaxe. O mais fuxitivo. O apenas sinalado. Preocupouse o arte de recoller a presenza, dende a prehistoria, dos animais dende a caza deica as esceas de acougo e as abellas ó redor de que vai collerlle o mel. Otero lembra mais tarde a Chateaubriand e a Darwin polas suas descripcións dos castores nos ríos norteamericanos ou das greas de cabalos na Arxentina. Suxire unhas formas pra facer o seu estudo no paisaxe onde constituie tema dende un insecto deica uns esqueletos ou as cunchas nas areas dunha praia. Os paxaros e os animais que conviven cos homes son tamén materia integrante do paisaxe.

Inda publicou D. Ramón outro traballo sobor deste mesmo tema que ninguén estudiara. En maio de 1933 aparece: «Ensaio encol do estilo da paisaxe». Comprende catro capiduos: I Os fenómenos atmosféricos, II A paisaxe da noite, III A lus e as coores, e IV Os sons na paisaxe.

En maio do 1936 editase un estudio: «Parroquia de Velle» de Florentino L. Cuevillas, Vicente Fernández Hermida e Xoaquín Lorenzo Fernández. Foi a derradeira parroquia publicada. Anos mais tarde publicaríase Santa Marta de Moreiras de José Ramón Fernández Oxea, outras están as notas metidas en carpetas, como si se asustaran de ver a lus.

Engadiremos que a Sección tivo tamén unha gran actividade en Conferencias polos difrentes pobos de Galicia. Paróu cando non tivo outro remedio.

Xaquín Lorenzo Fernández

**A Seición de Etnografía
do Seminario de
Estudos Galegos**



XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

Nace en Ourense en 1907. Dende os dezaseis anos é discípulo e seguidor de Cuevillas, Otero Pedrayo e Risco. Licenciado en Filosofía e Letras nas Universidades de Santiago e Zaragoza, colabora dende moi axiña co Seminario de Estudos Galegos, especialmente na sección de Etnografía, dirixida por Risco, co que seguiu traballando, o mesmo que con Cuevillas e Otero, e mantendo contacto con eles deica o pasamento dos tres esgrevios ourensáns.

Desfeito o Seminario tras a guerra, seguiu investigando en Ourense, publicando arredor dun cento de traballos en revistas portuguesas e nacionais.

É numerario da R. Academia Galega, Correspondente da de Historia, da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología, Presidente da Comisión de Monumentos de Ourense, Vicepresidente do Padroado do Pedrón de Ouro, Presidente do Patronato do Museo do Pobo Galego, etc.

A recolleita de material etnográfico, comenzada no século XIX, ten no XX unha grande intensidade, especialmente no referente á literatura popular, máis doada de estudar que a cultura material, anque fose feito de un xeito non sistemático.

Compre chegar á nacencia da revista *Nós* pra que comence a aparecer na Galiza unha programación, da que é autor Vicente Risco, especialmente no apartado chamado «Arquivo filolóxico e etnográfico da Galiza» da revista *Nós*, no que se inicia a publicación de verbas, contos, cantigas, refráns, lendas e demáis manifestacións literarias populares.

O mesmo Risco elabora un programa que espalla antre os seus alumnos da Escola Normal de Ourense, na que é Profesor e Director; moitos de estes rapaces que escoitan as suas leicións, intresados naquíl traballo, foron despois valiosos folkloritas.

Nacéu esta inquedaanza do coñecimento da Galiza de un troque de impresións antre tres grandes figuras da intelectualidade ourensán de aquíntre: Otero, Cuevillas e Risco. Analizado por íles o estado dos datos que se coñecían en col da nosa Terra, ollaron a falla de observacións en tres aspectos: a xeografía, a prehistoria e a etnografía.

E repartiron a laboura de encher íste oco antre íles, adicando a sua actividade a desentranar a parte que de común acordo lles correspondeu, Otero na xeografía, Cuevillas na prehistoria e Risco na etnografía.

E de ehí nacéu a revista *Nós*, na que cada ún puxo a sua parte, axudados tamén por outros moitos que noutras disciplinas foron aportando

o seu esforzo: literatura, poesía, ciencias, etc., tiveron a súa representación na revista.

Risco, que entre as súas moitas virtudes tiña a de ser un excelente deseñador, incorpora o dibuxo ós seus traballos, iniciando o estudo da cultura material do pobo galego.

Mais Risco, que coincidía neste cos outros dous compañeiros, non soio era un grande investigador, senón tamén, e por riba de todo, un extraordinario mestre, conseguiu axuntar a seu carón un fato de rapaces que logo, con millor ou peor fortuna, foron continuadores da súa laboura.

E da semente do *Nós* nace o SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, institución chea de vitalidade, na que uns mestres únecos na súa sabencia e, especialmente no seu maxisterio e amor á Terra, conseguiron orgaizar algo que non ten paralelo no desenrolo da cultura galega.

Elí, man a man mestres e discípulos, foise faguendo unha escola de investigación que aixiña deu brillantes froitos.

Vicente Risco dirixiu a Seición de Etnografía, cecáis a que até aquiles intres foi a máis abandonada de todas, e xurdiron dende os primeiros días traballos en col de estes temas que son xa crásicos na actualidade.

Anque Risco viviu en Orense e por elo o seu contacto material co Seminario non era constante, mantiña nesta cidade unha sorte de delegación de él, pois a súa casa era un verdadeiro centro de investigación no que ó longo do ano traballaban os seus amigos e discípulos e no que se faguían estudos que logo publicaba o Seminario nos seus «Arquivos» ou no *Nós*, e onde se recolleitaban datos e papeletas que despois gardaba o Seminario nos seus ficheiros de Compostela. E dende eiquí dirixiu e guiou a súa Seición de Etnografía.

En primeiras, xa o mesmo Risco fixo un estudo modelo no tidoado *Unha parroquia galega. Castro Caldelas*. Logo, seguindo iste vieiro, publícanse *Vila de Calvos de Randín* e *Santa Marta de Velle*.

Aixiña dá comenzo a obra do Seminario en traballos de equipo. Polo ano 1932, os membros da institución desprázanse a Melide e elí, faguendo centro na vila, cada unha das seicións do Seminario adícase á recolleita do material da súa especialidade: xeografía, prehistoria, etnografía, música, historia...

Iste material, orgaizado logo conxuntamente, dá lugar á publicación de *Terra de Melide*, edición na que se cometeu un curioso erro que convén acrarar.

Cando se estaba redactando a obra, alguén escoitou a verba *bisbarra*, mais, enganado pola frase ambigua en que a ouvíu, matinou que equivalía a *comarca* e coma tal foi empregada neste estudo. Cando se rematou a impresión do libro foi acrarado o equívoco, mais xa non era doado co-rrexir a parte impresa do corpo da obra e somentes se puido faguer unha nova tirada das tapas, que no comenzo decían *Bisbarra de Melide* e pasaron a seren logo, xa correctamente, *Terra de Melide*.

De todos xeitos, o erro tivo unha estrana fortuna, xa que dende entón son moitos os que empregan a forma *bisbarra* coma sinónimo de *comarca*.

Algo despóis, no ano 1936, aparez outro traballo semellante, a *Parroquia de Velle*, inspirada no mesmo método de traballo e que foi a derra-

deira publicación do Seminario, aparte do volume VII dos «Arquivos» que estaba no prelo, mais que non chegou a saír á luz.

A eficacia do método de traballo en equipo, tanto pró estudo da Terra coma prá formación de investigadores, animóu ó Seminario a faguer unha meirande aplicación de íl e comenzóu o estudo da terra de Deza no ano 1933.

Elí, ó longo de tres vrans, faguendo centro na vila de Lalín, as Seicións do Seminario, entre elas a de Etnografía, guiadas polos seus Direitores, foron recolleitando o material que a cada unha intresaba. Nestas campañas colaboróu o que xa era membro de íl Prof. J. R. dos Santos Junior, que xuntamente con outros investigadores portugueses, coma o Dr. Fernando de Castro Pires de Lima, Serpa Pinto, Mendes Correia e outros, ían analizando as semellanzas e paralelos que se atopan antre a cultura popular portuguesa e a galega.

Foi moito o material recolleitado, mais os trastornos da guerra civil fixeron que istes datos se espallasen e somentes parte de iles foron logo aprobeitados noutros traballos por algúns dos colaboradores.

A carón de estas angueiras, a seición de Etnografía daba a coñecelos seus traballos nas publicacións do Seminario, especialmente nos «Arquivos do Seminario de Estudos Galegos», dos que sairon á Luz seis volumes, e na revista *Nós*, que seguíu publicándose deica o ano 1936.

Mais tamén esta seición tiña outras encomendas menos coñecidas por seren de orde interno.

Esí, estábese a faguer un ficheiro bibliográfico no que se catalogaban moitedume de papeletas de libros, folletos e revistas da especialidade, grande parte de iles presentes na biblioteca do Centro.

Había tamén ficheiros, que medraban de cotío, nos que se ían gardando, debidamente crasificados, contos, refráns, cantigas, lendas e demáis temas representativos da sabencia popular galega e dos seus paralelos cos de outras terras.

Outra intresante laboura era tamén a levada a cabo na recolleita de obxetos de factura popular con vistas á orgaización de un Museo de Etnografía; foron moitos os que axudaron nesta angueira, sendo de destacar as maquetas de casas populares feitas na Escola de Artes e Oficios de Ourense.

Logo, a guerra civil trastornóu toda aquela orgaización, anque polo traballo e o intrés de moitos dos seus membros foron postos a salvo case todolos fondos con que entón contaba o Seminario.

De elí xurdíu o «Instituto de Estudios Gallegos P. Sarmiento», mais xa sen o espírito cordial e democrático que tiña o seu antecesor.

De todos xeitos, os que traballaron nesta nova institución foron os homes que se formaran no Seminario de Estudos Galegos e que souberon conservar o amor ás cousas da Terra, pese ás limitacións que lles impuña a súa nova dependencia estatal.

E de alí, do SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, proceden os materias que foron plasmados en obras posteriores, coma nos tomos I, II e III da *Historia de Galiza* feita pola editorial «Nós» de Buenos Aires no ano 1963

e outros moitos estudos publicados nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* e noutras revistas nacionás e estranxeiras.

De remate, xa nos nosos días, créase o Museo do Pobo Galego, co gallo de faguer realidade a vella aspiración do Seminario de dispór de un Museo Etnográfico na Galiza.

Toda esta laboura, todas estas aspiracións, todos istes logros, son o froito de aquela semente que deitaran no noso SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS aqueles homes esgrevios que o figueron e antre iles o creador da Etnografía galega Vicente Risco.

Ramón Martínez López

**A sección de Historia
do Seminario de
Estudos Galegos**



RAMON MARTINEZ LOPEZ

Nace en Boiro en 1907. Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago e Doctor en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid, en 1936. Agregado cultural en 1936-37 nas embaixadas de España en Lisboa e París, catedrático de Filoloxía española na Universidade de Texas (EE. UU.) de 1940 a 1971, profesor visitante en diversas universidades americanas; membro do Seminario de Estudos Medievales da Universidade de Wisconsin, da Medieval Academy of America, xefe do Depto. de Linguas Románicas na Univ. de Texas, Guggenheim Fellow (1966), Académico de número da R. Academia Galega (1976)...

Froito da súa constante investigación son, entre outras moitas, as obras «Fiestas del municipio compostelano por la victoria de Túniz (1928)», «Cuestionario de Folklore Galego» (1932), «Columbia Dictionary of Modern European Literature» (1947), «General Estoria», versión gallega del s. XIV (1963), etc., así como autor de diversas traducións e traballos críticos.

O 12 de Outono de 1923, seis estudantes composteláns —Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde, Wenceslao Requeixo Buet, Lois Tobío Fernández, Alberto Vidán Freiría e Xosé Pena e Pena— saían pola mañanxiña, camiño de Vidán, cara á terra da Amahía, pra visitar a Casa de Ortoño, onde transcorrêu a infancia de Rosalía. Daquela visita temos a sorte de conservar un pequeno diario feito por Filgueira Valverde. Co seu permiso imos asinalar eiquí algunhas das súas entradas que amosarán, a xeito de prólogo ou símbolo, o que foron os laboríos do Seminario de Estudos Galegos —que ía xurdir daquela xeira— durante os 13 anos da súa vida. Saen os escolares pola ponte de Vidán e comezan a rexistrar nos seus cadernos todo o que atopan no seu camiño de interés etnográfico, prehistórico e folklórico. En Roxos, un limosneiro, a ermida da Mercedes, a ponte de Condomiña en Ames, as igrexas de San Fiz e Santa Minia de Brión, as lendas da Pena de Bubeleira, castros, cruceiros, hórreos... Na casa de Ortoño fálase de constituir unha *Xuntanza* de Estudos Galegos. O ben lembrado Fermín Bouza-Brey, ardido alentador, por unha banda, e a experiencia próxima de outra similar *Xuntanza* en Pontevedra arredor de Lousada Diéguez, coa afervoada colaboración de Castelao, Iglesias Vilarelle e Octavio Pintos, contribúen a esta decisión. Poucos días mais tarde, o 23, na casa de Don Armando Cotarelo Valledor (1897-1950) formalízase a acta fundacional do *Seminario de Estudos Galegos* engadindo aos nomes dos escolares devanditos os de Manoel Magariños Negreira, Francisco Romero Lema e o do que escribe estas liñas. Así nace o *Seminario* e catro días dimpois fai a súa entrada Cotarelo, nomea-

do presidente, con un traballo sobor *San Francisco de Cambados*, e o 3 do seguinte mes de Santos ingresa Filgueira Valverde falando en col das *Festas de San Pío V en Santiago en 1713*. A fins daquel mes, paréceme lembrar, lín eu unhas notas evocando a impresión que produxeron no concello e cidade de Santiago as cartas de Carlos V e da Emperatriz Isabel anunciando a conquista de Túnez. (Don Pablo Pérez Constanti, ao fronte do Arquivo Municipal, Deus llo pague, tíñame suxerido o tema e axudado nalgunhas lecturas dos documentos básicos). Como se pode ver, a historia foi o común interés daqueles primeiros actos. Mais o que quixera asinalar eiquí entre todo o que deixo dito, é un inicial método de traballo colectivo que, mais tarde, debidamente coordinado, marcará un dos feitos máis significativos do labor do *Seminario*. A verdade é que os fundadores éramos —agás Bouza-Brey— rapaces que poucos días antes tíñamos deixado o Instituto e aínda non nos afixéramos ben aos claustros universitarios. Avencellábanos, de xeito mais aceso que concreto unha fonda adicación á Terra e tíñamos como guieiros aos homes da xeneración de *Nós*, ou, nas verbas de Otero Pedrayo, da «época e xente de Castelao». Cotarelo foi o primeiro profesor que nos orientou e axudou coa súa experiencia e fondo interés por Galicia. Na súa casa primeiro e polas tardíñas, logo, nas aulas valdeiras, comezamos a práctica das mais sinxelas técnicas de investigación, filolóxicas e histórica sobor de todo: redacción de papeletas bibliográficas, pequenas colleitas folklóricas, localización de fontes nas bibliotecas e arquivos composteláns. A Facultade de Filosofía e Letras tiña poucos anos e contaba soamente coa sección de Historia (comprendendo, craro, prehistoria e arqueoloxía como cursos importantes). Cecaís esa foi unha das razóns polas que as actividades históricas foran das mais sobranceiras nas primeiras tarefas do Seminario. Tanto Cotarelo como o segundo presidente do Seminario, Don Salvador Cabeza de León (1864-1934) Decano da Facultade de Dereito, compañeiro de Alfredo Brañas nas campañas rexionalistas de fins de século, contaban antre o seu ricaz e vario labor intelectual, con importantes aportacións á historia medieval galega e á das institucións universitarias compostelás. A carón deles, o adimirabel Don Xesús Carro García (1884-1973), director da sección de arqueoloxía do *Seminario* en permanente contacto cos mais outos exponentes europeos e americáns da historia do arte e historiografía xacobeas. Pola outra banda contábamos co petrucio grupo ourensán de Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas, directores das seccións de Xeografía, Etnografía e Folklore, e Prehistoria (Cabeza de León dirixía a de Historia). Non fallaron tropezos. A revista *Nós*, nacida o 30 de outono de 1920, foi unha das primeiras vítimas en Galicia da dictadura de Primo de Rivera, a mediados de Setembro de 1923, poucos días antes da data de fundación do *Seminario*, e tardou dous anos en «resucitar». Naquela revista senlleira ían aparecendo moitos dos traballos do Seminario. Fai pouco, no número 145, extraordinario e conmemorativo do cincocentenario de *Nós* lembrei: «Tense dito de cotío, mais nunca dabondo, que a revista *Nós* e o hoxe desaparecido *Seminario de Estudos Galegos* foron dous feitos culturais paralelos e complementarios na historia contemporánea de Galicia. Aquela rapazada universitaria dos anos vinte que traballaba en San Clemente baixo o guieiro de Cotarelo e Cabeza de

León, reaxiú fronte á xente de *Nós*, unha xeneración anterior á deles, de xeito —na terminoloxía de Ortega— aglutinante. O pensamento da mocidade encontrou nos homes de *Nós* émulos e vieiros». Ninguén millor que Otero Pedrayo refletiu aqueles anos cos seus anxeos, obxetivos e espírito:

«Houbo daquela, e viven con nosco os que non pisaron a soleira do alen, a xente de Castelao. Soio seu nome pode abranguer a todos os irmáns entre os cales xamáis houbo xenreira nin retesía, pois un amor os axuntou na vida e no morrer. *Entón madurécéu o novo senso da Historia. Era un pobo, unha cultura, unha Patria quen a reclamaba.* Foi a laboura brava e leda. Enxamáis fallóu a canción. Fundou Cuevillas a nosa Prehistoria. O Seminario de Estudos Galegos avencellóu ós investigadores.

Cada outono medraba a colleita de estudos monográficos. *Ca Prehistoria fortécéuse a Arqueoloxía, ordeóuse a Etnografía, procuróu o seu método a historia literaria.* Homes illados na aparencia correspondíanse con grupos de Santiago, de Pontevedra, de Ourense. A carón dos verdadeiros investigadores traballaban os mocíños, e foi un clima de calmo entusiasmo, de sazós delicadas, a froil da descuberta dunha froilida eirexa románica, dunha grave asambreia de castros, da resoancia de fontela no ermo dunha cántiga, da volta á luz das paixós e intreses encobertos na poeira dos manuscritos.»

(*Historia de Galiza*. Introducción. Buenos Aires. Edit. NÓS, 1962, p. XXI).

Antes de 1927, data da publicación do primeiro volume dos *Arquivos*, anuario do centro, xa tiñan aparecido no *Boletín da Real Academia Galega* e en *Nós* moitos dos traballos lidos nas sesións regulares do Seminario. Estas dúas revistas continuaron sendo aproveitadas como canles de comunicación pra as ponencias ou monografías individuais ou colectivas elaboradas no *Seminario*. No curso 1925-1926 comeza, baixo a dirección e mestría de Floro Cuevillas, unha cobizosa laboría, que aínda hoxe se continúa, e que constitúe un fito na bibliografía da prehistoria peninsular: a catalogación dos castros galegos. A primeira terra catalogada foi a de Val de Vilamarín en 1927. Seguiron as de Celanova, Carballiño, Melide e Lobeira. Estes catálogos foron publicados en *Nós* de 1927 a 1934 e recollidos en sendas separatas. Extinto o Seminario, continuóu o Cuevillas coa colaboración de Antón Fraguas, o catálogo castrexo da bisbarra de Saviñao. O libro de Cuevillas *Las Joyas Castreñas* (Madrid, 1951) representa unha sistematización de achádegos nestas xeiras de investigación. Fraguas e Carlos Martínez teñen continuado neste labor catalogando os castros das terras onde se asentan Lugo e Santiago respectivamente.

O que caracterizóu este e moitos traballos do *Seminario* foi o feito de coordinación dado ás súas investigacións. Xa a revista *Nós* mantivo dende os seus comezos unha sección permanente, *Arquivo Filoxóxico* e

Etnográfico da Galiza onde se axuntaban as informacións enviadas por mestres e escolares, investigadores e profesionás. A época era axeitada intelectualmente para este tipo de traballo. Trunfaba por unha banda a Xeografía Humá. O castro, nos catálogos citados, era un moimento prehistórico que se estudaba no seu marco arqueolóxico, xeográfico, folklórico e, hastra por veces, histórico. Traballos de Cuevillas e Bouza-Brey como *Prehistoria e Folklore da Barbanza* (Nós, 1927) e *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatria en Galiza* (Arquivos, II, 1929) descubren, hastra polo título, a súa natureza integradora. Son os anos en que frorecen as sementes espalladas pola lingüística alemá de comezos de século —Schuchard, Meyer Lübke e Meringer entre outros— no método chamado *Palabras e Cousas*, que dou título a unha prestixiosa revista con gran influxo e seguimento nos estudos cataláns (*Institut d'Estudis Cataláns*, 1907) e vascos (*Sociedad de Estudios Vascos*, 1918) entre outros centros de estudo de España e Portugal. Schuchard, por exemplo, ocupouse na súa riquísima produción da *Lingüística en relación coa Etnografía, Antropoloxía e Historia da Civilización*. En 1912, nun intencionado artigo, *Cousas e Palabras*, di o seguinte: «Pra acadar un progreso xeneral non abonda que os estudos das cousas e das verbas se apresenten un a carón de outro, hastra o punto de que aparezan en completa disposición de darse mútua axuda; deben estar entretrecidos e levarnos a solucións de carácter duplo». E Meringer chega a dicir: «O futuro da historia da civilización repousa en xuntar a ciencia das verbas e a das cousas», «A historia da lingua é a historia da Civilización». Moi influínte nos investigadores do Seminario foi o Dr. Fritz Krüger, autor de traballos etnolingüísticos galegos. Krüger fundou a revista *Volkstum und Kultur der Romanen* (1925-1944) onde colaborou o etnógrafo ourensán Xoaquín Lourenzo Fernández, e mantivo estreita relación con Fermín Bouza-Brey. Estes dous activos membros do Seminario colaboraron na homenaxe que se lle tributou ao profesor Krüger na Arxentina ao cumprir os sesenta anos. Era tamén a época en que Huicinga revivía entre outros historiadores os *Obxetivos da Historia Cultural*, memorabel conferencia pronunciada en 1926 na Universidade de Utrecht, mais tarde completada en longo ensaio en que a oposición ao positivismo histórico resólvese nunha integración daqueles temas que configuran o fenómeno histórico polo seu senso profundo e xeneral. Esta operación de síntesis envolve unha plural visión da cultura. Foron os tempos de trunfo da antropoloxía cultural e da socioloxía. No noso Seminario a pluralidade de investigadores en cada xeira de estudo ou empresa, non só enriquecía mutuamente as técnicas de selección dos achádegos durante a pesquisa senón que sentaba a base prá súa presentación coordinada. A contribución colectiva daba lugar a unha obra de rico plantexamento moi axeitado ás devanditas correntes vixentes naqueles tempos.

Escollemos agora algúns exemplos de labor histórica do Seminario que viron a luz durante a súa vida ou apareceron posteriormente. Na sección de Prehistoria, ademais da citada catalogación de castros, compre sinalar o *Corpus Petroglyforum Gallaeciae*, 1935, obra póstuma do profesor pontevedrés Ramón Sobrino Buhigas, referido ao arte rupestre da provincia de Pontevedra, primeiro dunha cobizosa e longa serie que o Seminario tiña proietado. Perto de medio millar de entradas bibliográ-

ficas e duascenas reproducións fotográficas acompañan unha sucinta i esencial introducción. Prologan a obra Cuevillas e Don Casto Sampeiro, benemérito director da Sociedade Arqueolóxica da «Boa Vila». Da súa vixencia aínda en tempos recentes dan idea estas verbas do prehistorista italiano Cesare Giulio Borgna no seu traballo en col do arte rupestre de Fentáns (CEG., XXVIII, 1973): «La meravigliosa opera compiuta dal Dott. R. Sobrino Buhigas (Corpus...) resta tuttora la piú valida e completa fonte di informazione disponibile per risolvere questo seducente problema interpretativo». Con revisións bibliográficas e ca biografía do autor, xa falecido, Don Federico Maciñeira, editou Bouza-Brey en 1947 a súa obra, *Bares: Puerto Hispánico de la primitiva navegación Occidental* levada a cabo como membro no seio do Seminario, culminación de monografías en col do mesmo tema aparecidas no *Bol. da R. Academia Galega* en 1924 e en *Arquivos*, 1929. Trátase dunha obra básica pra o estudo das relacións comerciás antigas no Atlántico. En colaboración con Rui de Serpa Pinto, prehistorista portugués, Florentino Cuevillas publica unha extensa monografía, *Estudos sobre a Edade do Ferro no Noroeste Peninsular* (*Arquivos*, VI, 1934) abrangendo: as fontes literarias, as tribus e a súa costituzón política e relixión. Duas obras na serie de historia universitaria da maior importancia son a *Historia de la Pontificia, Real e Insigne Universidad de Santiago de Compostela*, materias acopiados e transcriptos polo antigo Presidente do Seminario Dr. Cabeza de León, ordeados e completados polo arquivero Don Enrique Fernández Villamil en tres volumes, i editados polo Instituto Padre Sarmiento en 1945-1947. Aínda hoxe é o mellor estudo en col do tema; traballos comezados polo Antón Fraguas durante a súa gran actividade como membro e bibliotecario do Seminario, apareceron nas series do Instituto Padre Sarmiento: a *Historia del Colegio de Fonseca*, 1956 e *Los Colegiales de Fonseca*, 1958. Antón Taboada Roca, o mellor xenealoxista galego, aproveitou os seus coñecimentos e arquivos pra iniciar un interesante estudo dos *Cotos e Xurisdiccions* de Galicia: Vilar de Ferreirós (*Arquivos I e II*) e Santa Mariña do Castro Amarante (*Arquivos II*). Na mesma dirección publica Francisco Lanza Alvarez, *Ribadeu baixo o señorío dos seus Condes* (*Arquivos II*).

No capítulo de fontes prá Historia de Galicia o Dr. Walter Muir Whitehill, instigado polo seu mestre en Harvard, o famoso arqueólogo Arthur Kingsley Porter, adica moito do seu tempo, de 1927 a 1934, á transcripción do *Códice Calixtino* no arquivo da Catedral Compostelá, sempre baixo a entusiasta axuda de Don Xesús Carro. Dende o comezo do seu labor, Whitehill traballa como membro e colaborador senlleiro do Seminario. Xa antes tiña entrado en estreita relación con Carro, Porter, antes da publicación, en 1923, da súa grande obra *A Escultura Románica do Camino das Peregrinacións*, renovadora dos estudos do románico en Europa. De 1924 a 1931 volta o Porter moitas veces aos seus estudos do románico compostelán. En 1931 publica *As Cruces e a Cultura de Irlanda*. Antes, en 1929, trata o mesmo tema en *Notas on Irish Crosses*, publicado en Estocolmo, libro que coñeceu e cita como importante Castelao en *As Cruces de pedra na Galiza*, que co selo do Seminario aparecen en Buenos Aires en 1949. Os derradeiros anos pasounos Porter no condado de Donegal, perto de Londonderry, na costa norte de Irlanda, onde tiña adequirido o

castelo de Glenveagh. No arquivo de Carro abundan as súas cartas dende Irlanda. Gran amante da pesca, alugara perto de Glenveagh, na pequena illa de Inish Rofin unha casota mariñeira. Un día do mes de Santiago de 1932 morreu afogado. Discípulos do Porter e seus seguidores, foron Kenneth John Connant e Whitehill, o primeiro dos cales en 1925 obtén as trazas técnicamente reconstruídas das sucesivas plantas da nosa catedral, rectificando todos os traballos anteriores. Como precioso donativo de Connant e a súa dona e colaboradora Mrs. Isabel Pope, figura hoxe no *Instituto Padre Sarmiento* unha exactísima maqueta da catedral compostelana en 1178. Aínda en 1942 escribe a Carro: «dempois de ter estudado quince anos na igrexa de Cluny, parécame a de Santiago o máximo exemplo do arte románico». A base documental utilizada por Connant, ademais da *Historia Compostelana* foi, naturalmente, o *Códice Calixtino*. Whitehill asegurouse a colaboración do Padre Dom Xermán Prado prá transcripción musical. Sucédense as súas visitas i estancias no castelo de Porter en Irlanda hastra o mesmo mes da súa morte, da que dá conta precisa en carta a Don Xesús. A corrección de probas do *Calixtino* lévase a cabo dende América ou Londres ou Barcelona, ou Silos; as dúbidas paleográficas son sometidas á experiencia de Carro. No arquivo deste a correspondencia con Whitehill pasa das cen cartas. Don Xesús traduce ao galego o estudo do Padre Prado. A fins de 1933 Carro dá noticias a Whitehill do achádego da porta da Vía Sacra. En Febreiro de 1934 Whitehill lembra «as horas felices pasadas con Carro no Arquivo, rubindo polos tellados da catedral ou dando paseatas polas rúas». Algún día terá que ser contada a triste historia, accidentada, aínda que por veces exemplar, da impresión en 1944 do *Códice Calixtino*. Quén saiba lér as explicacións dadas por Sánchez Cantón no prólogo da edición, ou quén lea as desesperadas queixas de Don Xesús cando as follas impresas e cuasi milagrosamente conservadas na imprenta compostelá de Casal, foron incautadas, con todos os bens do antigo *Seminario de Estudos Galegos*, poderá ter unha idea do que pasou naquelas tristes datas. Velahí o que lembra o profesor Pedret Casado do sucedido en 1940 dempois da incautación: «Comezaba unha tarde de primavera de 1940 cando chamaron a algú dos que compuñéramos o *Seminario de Estudos Galegos* pra nos decir que o único xeito de seguir con il era inxerilo na Universidade de Galicia e perdendo a súa autonomía. Todos, mais ou menos cedo, fúmonos conformando coa demanda, agás Don Ramón que estivo calado todo o tempo. Á saída achegouse a min, e con voz chorosa, él tan sereo e tan ledado de cotío, berroume: «Hoxe enterramos o Seminario». Non me lembro o que pasou por min ó ouvir esto...» (*Ramón Otero Pedrayo. Homenaxe da Galicia Universal*. Caracas, 1958, p. 24).

Os defectos que se poden atopar na edición do *Calixtino*, que teñen sido apuntados, antre outros, polo medievalista american Meredith Jones, son debidos á incomunicación durante a guerra e postguerra española. Aínda así velahí unha das obras mais importantes que o noso Seminario ten producido. O libro, en tres volumes, apareceu, craro, en castelán, sendo algunhas follas que se conservan en galego, verdadeiras xoias bibliográficas. O proxecto orixinal envolvía a publicación en galego e inglés. O Seminario solicitou o 16 de San Xoán de 1935 a subscripción a un adianto reintegrabel de 250 acción de 50 pesetas pra editar o *Corpus*

Petroglyforum e o *Calixtino*. O empréstimo cubríuse con exceso en 48 horas e houbo que celebrar un prorrateo pra eliminar o surplus de accións solicitadas. A obra tamén foi produto da triple aportación de Whitehill, autor da Introdución e transcripción, de Dom Xermán Prado, de Silos, que estudou e transcribúu a música na notación orixinal e moderna, e de Don Xesús Carro que analizou sagazmente as miniaturas do Códice. Aínda así e pola publicación desta obra honra lle sexa ao rector Legáz Lacambra, que con coraxe naqueles tempos, puxo a súa autoridade ao lado da civilización. Xunto con Sánchez Cantón, Xesús Carro García, Pauliño Pedret Casado, e Felipe Cordero Carrete moito lle debe Galicia pola súa decisión.

Outras importantes aportacións a este capítulo das fontes históricas foron a «Traducción galega da obra de San Martiño da Braga» *De Correctione Rusticorum* (Nós, 1932) de Pedret Casado e a *Crónica de Santa María de Iria* (Códice Galego do s. XV) de Xesús Carro que só apareceu en 1951 como anexo aos CEG do I. Padre Sarmiento.

Deste xeito a historia de Galicia ía xurdindo na súa plural natureza. O estudo colectivo de *Vila de Calvos de Randín*, 1930 con descripción da vila e a paisaxe, etnografía prehistórica, etnografía moderna, colleita folclórica e cancionero, estudados por Cuevillas e Xoaquín Lourenzo; o da Terra de Deza tamén produto dunha equipo que se ocupou de análogos aspectos, aínda inédito; o da *Terra de Melide*, 1933 (569 páxinas folio) en cuia introducción xustificáanse «os diferentes aspectos estudados por eisixilo así o coñecemento dunha rexión natural». As Notas Históricas estiveron a cargo de Antonio Taboada Roca (pp. 135-250) e Cotarelo contribuíu con unha extensa biografía do prelado melidense Don Mateo Segade Bugueiro que foi arzobispo de México no século XVII. Xesús Carro, Emilio Camps e Xosé R. Fernández Oxea colaboran ca monografía en col da *Arqueoloxía Relixiosa de Melide*; Risco fai a *Etnografía* e Bal e Gay e E. Martínez Torner o *Folklore musical*. O derradeiro traballo nesta serie foi o adicado á *Parroquia de Velle* que contén o seu correspondente apartado histórico. Cuevillas, Fernández Hermida e Lourenzo Fernández foron os seus autores. O derradeiro desta serie e das publicacións do *Seminario* porque saíu da imprenta en Maio de 1936.

Isidro Parga Pondal

**As Ciencias Naturales
e o Laboratorio de
Xeoquímica no
Seminario de
Estudos Galegos**



ISIDRO PARGA PONDAL

Nace en Laxe (Coruña) en 1900. Tras o bachillerato, cursado en Santiago, trasládase a Madrid, licenciándose en Ciencias Químicas en 1922 e doctorándose no 1935. De 1923 a 1936 é encargado da cátedra de Química Analítica na Facultade de Ciencias de Santiago.

Ingresa, no 1926, no Seminario de Estudos Galegos, presentando o traballo «El contenido en iodo de las principales algas marinas de las costas de Galicia». Pensionado pola «Junta para Ampliación de Estudios», especialízase en Xeoquímica na Universidade de Zürich. De 1932 a 1936 é director dos Laboratorios de Xeoquímica da Universidade de Santiago e do Seminario de Estudos Galegos. Funda e dirixe o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, os resultados de cúa importante investigación, plasmados en numerosas publicacións, representan unha visión completamente nova na Xeoloxía Galega. É autor do Mapa Xeolóxico de Galicia, en colaboración co «Instituto Geológico y Minero de España». Promotor e animador de diversos encontros científicos, así como membro de número de diversas sociedades científicas españolas i estranxeiras, autor de máis de oitenta traballos de investigación, así como promotor ou fundador de diversas sociedades de actividades mineiras en Galicia, fólle concedido en 1966 o «Pedrón de Ouro» i en 1972 o «Premio a las Ciencias», creado pola Diputación Coruñesa, en reconecemento e homenaxe ao seu importantísimo labor desenrolado a prol do conecemento da nosa xeoloxía.

Era aló polo outono do 1926. O profesor Lois Iglesias e mais eu, nos xuntábamnos totalas tardes no seu laboratorio da Facultade de Ciencias da Universidade pra tomar unha cunca de té, costume aínda daquela pouco espallada, e aproveitar o anaco de tempo pasando revista ás incidencias do día. Comentábamnos daquela a marcha do meu traballo sobre o iodo nas algas de Galicia, que estaba xa a rematar, pra o meu ingreso no Seminario de Estudos Galegos, entidade da que xa formaba parte o profesor Iglesias dende o día 22 de xaneiro do 26, en que ingresara ca presentación reglamentaria do seu traballo «As aves de Galicia», traballo de catalogación no que recollera o froito da súa experiencia de naturalista e observador das nosas aves.

Conservo, non embargantes, poucos recordos daquelas épocas cando apenas rematados meus estudos de ciencias en Madrid tomei posesión dunha plaza de profesor na Facultade de Ciencias da Universidade Galega.

Recordo sí, con qué entusiasmo acondicionei mal que puiden un laboratorio desmantelado pra poder efectuar nel os principais ensaios analíticos que me permitiran realizar algún traballo útil.

E así, ca ilusión dos poucos anos, recordo aqueles vrans de 1925 e 1926 en que ca compañía da miña dona recorría as costas de Galicia en procura de diferentes especies de algas mariñas que clasificaba e analizaba seguindo os métodos que atopaba na escasa bibliografía accesible e que poidía aplicar no meu aínda incipiente laboratorio.

Chegou así o día 30 do outono, no que presenteí o meu traballo de

ingresso no Seminario de Estudos Galegos que tiduaba «*O contido en iodo das algas mariñas das Costas Galegas*».

Recordo a gran satisfacción que sentín despois de ter lido o traballo, nel facía, na primeira parte, algunhas consideracións sobor do ciclo xeoquímico dos elementos e que, en certa maneira, foron algo así como o xermen do que despois foi o Laboratorio de Xeoquímica que orientou unha gran parte da miña obra científica futura. Pero daquela eu non podía albiscar aínda todo isto, e si me encontraba satisfeito era máis ben porque xa me sentía pertencente a esta famosa agrupación científico-galeguista que era o Seminario de Estudos Galegos.

Porque o Seminario de Estudos Galegos tiña a pesares dos seus poucos anos un prestixio enorme, un prestixio cultural, de forma que antre os estudantes e profesores mozos, sentíase a necesidade de pertenceren ao Seminario si se desexaba ser algo, ter nome, servir a Galicia.

Este prestixio viña dado en tódalas ramas do saber e nas ciencias poidíase destacar fácilmente a gran impronta que deixaban comunicacións como a conferencia dada o 8 de maio do 1925 por Xoán Rof Carballo sobre «*Biología e esprito*» ou a de Cruz Gallástegui sobre «*Caracteres hereditarios de los maíces gallegos*», dada o 25 de abril do 1927 ou tamén a do profesor Lois Iglesias sobre «*Coleópteros de Galicia*», dada o día 6 de Santos do 1926, pois eran en xeral temas que ademáis de destacaren dos históricos ou prehistóricos, máis frecuentes, e ser tratados con sobriedade e a xusteza propia das ciencias, implicaban a existencia duns laboratorios ou dunhas organizacións investigadoras que naquela época era aínda moi raro atopar eiquí en Galicia.

A primeira obriga dos membros do Seminario era a de presentaren un traballo anual, mais despois esta norma foi evolucionando ca publicación dos Arquivos, donde se publicaban os traballos presentados nas diferentes sesións, ou nas xuntanzas.

Unha importante xuntanza foi a IV Xuntanza Xeral que tuvo lugar en Pontevedra en abril do 1928, donde o autor destas liñas presentou un informe sobre a «*Sección de Ciencias Naturales*» e unha comunicación sobre a «*Pirrotina en Galicia*» que foi publicada no tomo 2.º de Arquivos.

A sección de ciencias tamén estivo presente e tomou parte activa na investigación das terras de Melide, Lalín e Fisterre, levadas a cabo polo Seminario. Mais ao pretender levantar os mapas xeolóxicos se fixo evidente a imposibilidade de traballar cos mapas xeográficos de que entón se dispuña. Fíxose non embargantes unha grande laboura de recollida de datos que foi utilizada posteriormente polo Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

Tamén daquela se descubriron e atoparon novos xacementos de minerais como por exemplo a Espodumena de Vilatuxe en Lalín que mereceu varias publicacións dada a súa importancia.

Outro aspecto do Seminario foron os «*Cursillos de Conferencias*» e a sección de ciencias tampouco se atopou ausente de esta maneira de divulgar os coñecementos que se tiñan nos aspectos científicos de Galicia; así temos de recordar a importantísima conferencia dada en Pontevedra o 9 de agosto do 1935 polo prof. Dr. G. M. Cardoso sobre «*A riqueza e variedade da mineraloxía de Galicia*». Foi presentado polo membro do Seminario Prof. B. Fer. Osorio Tafall e despois de dedicar grandes

eloxios ao Seminario, o profesor Cardoso fixo un completísimo estudo dos máis importantes xacementos de minerais de Galicia e describiu moitos novos minerais, algúns descubertos polo mesmo conferenciante, como por exemplo a Espodumena, en Goyás (Lalín), a Eosphorita do Son e Diapora, etc. Sirvan estas liñas de recordo ao malogrado sabio.

Non embargantes, e como é ben sabido de todos, a miña preocupación foi sempre a investigación directa no laboratorio, así xa o fixen saber nas verbas lidas na IV Xuntanza Xeral do Seminario en Pontevedra en 1928. Decía eu alí, que sin bós laboratorios pouco ou nada poderíamos facer os membros de algunhas ramas das seccións de ciencias.

Pasaron así moitos anos. E aínda que o Laboratorio de que eu dispuña na Facultade de Ciencias non era o máis axeitado pra os meus traballos, saliron dalí pra o prelo moitos traballos de investigación, todos sobre temas de xeoquímica galega.


Fun logo ampliar estudos a Zurich e a Berlín. No outono do ano 1933, ao meu regreso de Berlín, o Seminario de Estudos Galegos xuntamente co Instituto de Estudios Regionales de la Universidad, colaboraron no establecemento baixo a miña dirección, de un Laboratorio de Xeoquímica de Galicia, no cal, xa con mais medios se poideron continuar unha serie de programas de traballo sobre diferentes temas de investigación xeoquímica galega.

En 1935 a «Fundación Nacional de Ensayos y Reformas» de Madrid, dotou amplamente ao Laboratorio de Xeoquímica con varias becas e con abundante presuposto pra material e aparatos. A única obriga era a de dedicarse excrusivamente á investigación científica. Entón elaboramos un amplísimo proxecto que abranguía entre outros, os temas de «Diferenciación de magmas», «elementos raros», «granitos», «rocas metamórficas», etc., mais todo isto ficou paralizado cando xa comenzaba a dar os seus primeiros froitos, polos acontecementos do ano 1936.

O derradeiro acto oficial ao que eu asistín como membro do Seminario de Estudos Galegos foi a «semán Cultural Galega de Oporto» onde din unha conferencia sobre «Ensaio de clasificación cronolóxica dos granitos galegos», que despois foi publicada nos Anais da Facultade de Ciencias de Porto. Seu contido foi orixen dunha longa e froitífera discusión e pode decirse que foi á súa vez a base de traballo e centro de estudos que pasados algúns anos iba a coñecerse como «Laboratorio Xeolóxico de Laxe».

Valentín Paz - Andrade

**O modelo federal
para a constitución
do Estado Galego**



VALENTIN PAZ-ANDRADE

Nascido en Pontevedra. Director do xornal autonomista «Galicia», publicado en Vigo nos anos vinte, que renovou a prensa rexional. Abogado dos Colexios de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Madrid... Director de «Industrias Pesqueras», Revista cincuentenaria de economía do mar. Como economista experto da FAO, en varios países ibero-americanos. Autor de «Galicia como tarefa», «La Marginación de Galicia», «El factor capital en el desarrollo de Galicia», etc. Como poeta publicou «Pranto Matricial» (Buenos Aires, 1954), «Sementeira do Vento» (Vigo, 1960); e ten no prelo «Cen Chaves de Sombra». Como ensaísta literario publicou «La Anunciación de Valle-Inclán» (1966), «A Galecidade de Guimaraes Rosa» (1978) e outros moitos traballos de bio-crítica. Numerario da Real Academia Gallega. Senador por Pontevedra.

A OBRA E A SUA XESTACION

O Anteprojecto de «Estatuto da Galiza» do ano 31 tomou a dianteira. Está a falar do que xustamente ao mes de se proclamar a República do 14 de abril, foi composto por unha ponencia de cinco membros do Seminario de Estudos Galegos, que viña funcionando en Sant Yago (1). Obra aquela que se ven citando por uns e por outros como precursora no proceso de formación da «carta magna» galega. Se nos cinguimos ao rigor formal, de estreito teor semántico, pódelle ser reconocida a aquele traballo tan senlleira primacía.

Fora de órbita asin restricta xa sería outra cantiga. O mesmo a idea de reconquerir para Galiza unha forma, máis ou menos potenciada de autogoberno, como a redacción proiectiva da normación institucional para o por andamento, teñen entre nós precedentes máis recuados. E algún non menos relevante no orde doctrinal. Máis ben amostrando un forte nivel de adianto para o seu tempo, ora no campo político, ora no social.

Alguén terá adiviñado xa a cal peza histórica vimos apuntando. Coido que a unha de singularidade sobranceira no noso dereito político, do oito-

(1) Membros da ponencia foron Vicente M. Risco (†), Alexandre Bóveda Iglesias (†), Luís Tobío Fernández, Ricardo Carballo Calero e Valentín Paz-Andrade. Imp. C. Peón. Pontevedra, 1931.

centos. Trátase do «Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego», de 1887. Van alá pouco máis de noventa anos (2).

Na hora de agora, tan abalada pol-os ventos de evolución institucional, aquela outra hora non debera ficar a trasmán. Cecaís conviñera máis devolverlle algunha presenza no trasfondo do noso pensamento autonomista. En primeiro termo pol-as afinidades subxacentes que semellan enuclear a fase antiga e fase actual do proceso. Despois pol-os valores positivos, a até hoxe imprescriptibles, que aquele mensaxe —o dos federalistas republicanos— reivindica. E aínda por algún obxectivo rehabilitador de orde cultural, que foi de aquela subestimado, e que hoxe ven inscripto no encabezamento da nova demanda autonómica.

O «Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego» houbo de ter unha xestación demorada. A primeira versión tomou corpo no 1883, a menos de dez anos de sere esnaquizada a primeira República. O 24 de maio de aquele ano fora redactado por un «Consejo Ejecutivo de la Región Gallega», que presidía o profesor ribadense Segundo Moreno Barcia (1841-1909) (3). A súa firma foi posta no preámbulo da obra, datado na Coruña o 24 de maio de aquele ano.

A primeira versión foi mantida catro anos no maduroiro. O «Proyecto de Constitución» tiña de ser «definitivamente discutido, votado y sancionado por la Asamblea Federal del Territorio reunida en la ciudad de Lugo, el 2 de julio de 1887». O mesmo ano no que o texto sería editado na Coruña, n-un folletíño de 48 páxinas, hoxe trocado en curiosidade bibliográfica.

ESQUECEMENTO DA REIVINDICACION LINGÜISTICA

Compre botar por diante que non é noso intuito abordar o análisis de maior calado, de que pudiera ser merecente, aínda baixo unha óptica actual, a «Constitución Regional para el futuro Estado Gallego». Son tales os termos do título interior posto na cabeceira do articulado. No que luce na portada as palabras «región» ou «regional» non foron empregadas. Também se evitara, n-unha páxina e na outra, o mesmo que no texto, a palabra «nacionalidade», que Pi Margall especialmente escomenzara a por en circulación, como concepto elaborado pol-a nova ciencia política.

Outra omisión a salientar refírese ao idioma galego. O mesmo no tocante a un tema como ao outro, o «Anteproyecto de Estatuto da Galiza» do 1931, chegaría xa a declaracións que hoxe adquiriron moito maor consenso. Tanto no orden ideolóxico como no terminolóxico.

O «Anteproyecto» proclama aínda no Art. 1.º, que «Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española». No 2.º afirma a *cooficialidade* dos idiomas galego e castelán dentro do noso territorio. E no 3.º a Galiza ven a ficar definida como *nación*.

(2) «Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego». La Coruña. José Míguez Peinó y hermana, impresores. Calle de S. Andrés núm. 98. 1887.

(3) Francisco Lanza Alvarez, *Dos mil nombres gallegos*, Ediciones «Galicia» del Centro Gallego, Buenos Aires, 1953.

Son tres declaracións básicas. Resultan interligadas por unha razón de coherencia interna e de homoxeneidade externa, que funciona cal eixo nucleador. O idioma propio, de moita maor antigüidade que o castelán, e que a nivel do pobo conserva toda a súa vixencia.

Cómo se pode atopar explicación, ao feito de aquel ilustre fato de federalistas galegos, se ter esquecido na súa carta autonómica de reivindicar o uso do idioma propio? Semellante desacougo pode nos abalar, non somente pol-o poido de ideas hoxe en vixencia, que non o tiñan n-aquele tempo. Também por ter figurado nas fias do movemento federal, xogando papel de primeiro plano, algúns escritores que se adiantaran a compoñer en galego a súa obra. Dous ben coñecidos, como foron Aureliano J. Pereira (1855-1906) e Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912) (4).

ASINCRONIA DOS PROCESOS POLITICO E CULTURAL

Sin ir pol-o de agora máis lonxe, atopámonos con un fenómeno de asincronía, entre o movemento político e a realidade cultural do país. O primeiro adiantóuse á segunda na escalada do tempo. Cecáis a falla de conxunción cronolóxica foi de abondo para despotenciar a primeira arrancada autonomista do país.

No octavo decenio do século dezanove o movemento renacentista das letras galegas, aínda non pasara da primeira agromación. Andaba lonxe de gañar a rua, e menos o acollemento das clases ecomodadas. Xoan Manuel Pintos publicara en Pontevedra seu libro rompente vinteno anos denantes (5). Este plazo de antecendencia reduxérase a vinte referido aos «Cantares Gallegos», de Rosalía, editado en Vigo (6), do que se publica a segunda edición no 1872. E a solo tres anos con relación a os «Aires da minha Terra», de Curros Enríquez (7).

A popularidade que adquiriron as primeiras obras en galego, e de un xeito afervorado as de Rosalía e Curros, non foi suficiente pra sincronizar co fenómeno poético o fenómeno político. Cecais a aquel feixe de prohombres, no que ademáis dos xa citados figuraban cabezas tan escrarecidas como as de Manuel Castro López, Ramón Pérez Costales, Santiago Casares Paz, Federico Tapia Segade, Gonzalo Pita da Veiga, Manuel Mosquera Lequerica e moitos máis, lle faltóu sensibilidade cultural para o fenómeno lingüístico da súa Terra. Seu esforzo foi esgrevio no campo político, máis invidente en canto a necesidade de ligar o movemento emancipador con o da rehabilitación cultural, partindo de fontes auténticas. A primeira e a que mana na lingua propia. E sempre o canto do galo érguese na lira dos poetas, como algún día tería de proclamar Castelao:

(4) Antonio Couceiro Freixomil, *Diccionario de Escritores*, v. II, Ed. de los Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, MCMLII. M. Leiras Pulpeiro, *Obra Completa*. Estado crítico de M. Franco Grande, Galaxia, Vigo, 1970.

(5) *A Gaita Gallega*, 2.^a ed., Pontevedra, Imp. de D. José y Don Primitivo Vilas, 1856.

(6) Rosalía de Castro, *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 1947.

(7) Manuel Curros Enríquez, *Aires da Miña Terra*, Latorre y Martínez, La Coruña, 1886.

«A resurrección da nosa lingua no século XIX foi un revivir da democracia, e os *poetas galegos* foron os creadores do alento civil da miña Terra» (8).

Nos días que estamos a vivir, despois dos coarenta de tebra mesta, o fenómeno máis raiolante que se rexistra na existencia do país galego, está ben á vista. É precisamente o da sincronía sociolóxica que se está a dar, entre a resurrección da democracia e a rehabilitación da lingua e cultura galegas.

ANTICIPACION DA PROCLAMA DOS DEREITOS HUMANOS

A chamada «Constitución Regional para el futuro Estado Gallego» componse de XVII Títulos e 100 Artículos. O título preliminar condensa n-un decálogo os dereitos que comprende a «autonomía individual». Dentro da súa economía expositiva, é sorprendente a semellanza do texto oitocentista galego, con a «Declaración Universal de Derechos Humanos», aprobada sesenta anos despois, pol-a Asamblea General de las Naciones Unidas (9). O cotexto a dobre columna das dúas declaracións xustifica cumpridamente canto deixamos afirmado:

Texto galego do 1887

Todo hombre, por el mero hecho de serlo... tiene asegurados los siguientes derechos:

A la vida, a la seguridad, a la dignidad y a la integridad de la vida (1.º).

Al libre ejercicio de su pensamiento, a la libre manifestación del sentimiento, a la libérrima expresión de su conciencia (2.º).

A difundir sus ideas por la enseñanza (3.º).

Texto Universal de 1948

Todo individuo tiene derecho a la vida, a la libertad y a la integridad de su persona (Art. 3).

Toda persona tiene derecho a la libertad de pensamiento, de conciencia y de religión... (Art. 18).

Todo individuo tiene derecho a la libertad de opinión y de expresión (Art. 19).

Toda persona tiene derecho a la libertad de pensamiento, de conciencia y de religión; este derecho incluye la libertad de cambiar de religión o de creencia así como la libertad de manifestar su religión o su creencia, individual y colectivamente, tanto en público

(8) Discurso pronunciado no Congreso dos Diputados, setembro de 1931.

(9) *Las Naciones Unidas*, origen, organización, actividades, 3.ª ed. Nueva York, 1969.

A reunirse y asociarse para todo fin racional (4.º).

A la libertad de trabajo en la agricultura, fabricación, tráfico y crédito (5.º).

A la propiedad (6.º).

A la instrucción elemental (7.º).

A la igualdad ante la Ley (8.º).

A juzgar y ser juzgados por sus iguales (9.º).

A la defensa propia en juicio, y caso de caer en culpa o delito, a la corrección y purificación por medios de la pena (10.º).

como en privado por la enseñanza, la práctica, el culto y la observancia (Art. 18).

Toda persona tiene derecho a la libertad de reunión y de asociación pacíficas (Art. 20, 1).

Toda persona tiene derecho al trabajo, a la libre elección del trabajo, a condiciones equitativas y satisfactorias de trabajo y a la protección contra el desempleo (Art. 23, 1).

Toda persona tiene derecho a la propiedad, individual y colectivamente (Art. 17, 1).

Toda persona tiene derecho a la educación. La educación debe ser gratuita, al menos en lo concerniente a la instrucción elemental. La instrucción elemental será obligatoria... (Art. 26, 1).

Todos los seres humanos nacen libres e iguales en dignidad y derechos (Art. 1).

Toda persona tiene derecho, en condiciones de plena igualdad, a ser oída públicamente y con justicia, por un tribunal independiente e imparcial... (Art. 10).

Toda persona acusada de delito tiene derecho a que se presuma su inocencia mientras no se pruebe su culpabilidad, conforme a la ley y en juicio público en el que se le hayan asegurado todas las garantías necesarias para su defensa (Art. 11).

A comparanza entre ambos textos, abonda pra demostrar cómo o galego se anticipó, na formulación de principios dos dereitos humanos, hoxe en tan aguillada vixencia, ao menos no terreo teórico. Dereitos n-aquel texto calificados como «superiores y anteriores a toda ley escrita», que os novos lexisladores se dispoñían a poñer «bajo la garantía de la Constitución y la salvaguardia de los poderes *nacionales*». Ben se olla que agora o concepto de nacionalidade, referido ao ente xeo-político discontinuamente calificado como *rexión* acaba por se admitir.

SOBERANIA... SUBORDINADA

Un cento de artigos —a máis do introductorio—, son moita cousa para virar en materia de comentario exegético. A nosa cobiza de sabencia e secuencia abonda con facer unha escolla levían de certos temas, que manteñen seu peso específico na romana do noso tempo.

Reparemos de primeiras no artigo 2.º. A palabra «región» volta a ser empregada. Máis ben de cara ao pasado que de cara ao porvir. Pois dela se dí que «se erige en Estado autónomo e soberano». Cal se houbera de se liberar dun degráu que non compre pra rubir ao máis outo da xerarquía institucional.

A seguir a cousa semella cambiar. Cal si o arrepentimento obrara e premera, dictando a contrapartida:

«Desde ahora promete vivir perpetua e indisolublemente enlazada a los demás Estados hermanos de la Nación española».

Para remachar, no mesmo párrafo faise invocación de España como «Patria común», dando promesa de contribuir á súa «civilización y grandeza». Redacción cativa en canto a coherencia e propiedade, mais de abondo expresiva e avencellante.

Pol-o camiño das compatibilidades de espacio e soberanía, aínda se chega a máis lonxe. Cal si se quixera evitar obstáculos a futuras intelixencias intrapeninsulares, o derradeiro párrafo do mesmo artigo engade:

«Asimismo aspira a la Confederación Ibérica y desde luego contrae la obligación de coadyuvar incesantemente, para recabar de la nación portuguesa una eterna alianza pactada sobre la base del mutuo consentimiento y la voluntad de ambos pueblos».

Párrafo ben transluciente de que o sono da federación ibérica, despois compartido por Antonio Sardinha e outros da parte lusiada, xa ten cuase un século de apagada pervivencia.

PRAXIS DOS PRINCIPIOS DEMOCRATICOS

O Título II do «Proyecto de Constitución» ven a sere unha taboa dos dereitos e garantías da persona. Desenvolve algúns dos principios antepostos no título preliminar, nos termos da máis ortodoxa democracia.

A lei será igual para todos, personas ou intereses. Non se reconocen diferencias de sangue, raza, familia ou posición. Fican abolidos títulos de nobleza ou calquera outro privilexio. É prohibida a detención ou prendimento sen mandato do Xuez competente. Conságrase a inviolabilidade do fogar de cada un, así como a da súa correspondencia. Declárase a liberdade de profesión e o dereito aos froitos do traballo propio. Conságrase a liberdade relixiosa, así como as liberdades de reunión e asociación.

Este cadro ten aínda outras pinceladas. Todas enlazan con a normativa do Título III onde se trata das fontes do «poder público». No artigo 22 faise residir «en la totalidad del pueblo gallego». E a seguir declara:

«La universalidad de los ciudadanos activos y domiciliados en el territorio de Galicia, constituyen un cuerpo político de carácter permanente, y ejerce sus funciones, directamente por sufragio universal, e indirectamente por las autoridades o poderes establecidos por la Constitución».

O dereito ao voto regúlase no Art. 23. Reconócese a «todo ciudadano maior de 20 anos». É cecais a declaración formal que máis se achega a dos 18 anos que se incorporou ao proxecto da nova Constitución da Monarquía Española.

Máis sorprendente semella aínda a concesión do voto á muller. Non en forma indiscriminada, pois lígase a certa capacidade cultural:

«La mujer mayor de 20 años, cualquiera que sea su estado, que a la aptitud legal y el domicilio, añade la circunstancia de ser instruida en las materias que abraza la segunda enseñanza, o la técnica, o cuando menos presente certificado de haber cursado y aprobado un grupo de asignaturas comprendido en la sección de ciencias naturales, físico-matemáticas».

Ademais de limitado a muller máis ou menos culta, o dereito era sólo activo. O art. 28 dispón que «el cargo de diputado es *viril*». A mesma norma limita a elixibilidade para deputado da Asamblea rexional aos 25 anos.

En canto ao sistema electoral as técnicas aínda non pasaran de un grao elemental. O Art. 29 manda que «la elección de diputados se hará por escrutinio secreto a pluralidad y mayoría de votos».

OS PODERES DO ESTADO REXIONAL

Os títulos que decorren do IV ao VIII adícanse ao desenvolvemento da normativa da Autoridade e os Poderes Públicos. Este feixe de régoas descansa no principio de Montesquieu, sobre a división dos poderes (10). Deslínanse nidiamente os campos do Lexislativo, o Executivo e o Xudicial. Todos actúan en nome do pobo. E son «electivos, amovibles e responsables» (Art. 30).

O Lexislativo fica encarnado na Asamblea rexional, composta por deputados de elección distrital. (Art. 36). Cada distrito de vintecinco mil habitantes ou fracción superior a doce mil. (Art. 26). Ao cabo de tres anos a Cámara será renovada por enteiro. (Art. 39). Os deputados representan a totalidade do pobo e non samente ao distrito correspondente (Art. 40).

(10) Jean Touchard, *Histoire des Idées Politiques*, Presses Universitaires de France, 1973. Paris.

Á Asamblea rexional é facultada e obrigada a elaboración das leis, decretos e reglamentos xeraes, así no civil como no militar; facer e ratificar tratados con outros Estados da Península até onde a faculte a Constitución federal; orgaizar a Facenda e compor o Presuposto anual, etc. (Art. 52). Ademáis terá competencia sobre os actos do Executivo, os conflitos entre autoridades administrativas, ou entre éstas e as xudiciais, a materia electoral. (Art. 53). Correspóndelle, finalmente, a gracia do indulto ou o otorgamento de amnistía. (Art. 54).

Tambén corresponde á Asamblea rexional elexir o Consello Executivo. Este segundo poder tería unha composición de cinco membros. Cada un ao fronte de unha Dirección ou departamento. Un de Xusticia e Policía, outro de Gobernación, outro de Facenda, outro de Fomento e Instrucción Pública, e o derradeio para... Guerra. (Art. 57). O Presidente será elexido pol-a Asamblea rexional entre os cinco conselleiros. Non podería ser reelexibel máis de unha vez. (Art. 58).

O Poder Xudicial estrutúrase a base de xurados, tribunales de concello municipal para faltas, xueces de distrito e Tribunal Supremo. (Artículos 63, 64, 65 e 66). Os xueces serán escollidos por oposición (Art. 66). O máis outo Tribunal sería composto de Maxistrados, ascendidos por merecementos e servicios da crás de xueces e nomeados pol-a Asamblea rexional. (Art. 67).

EXERCITO, INSTRUCCION, FACENDA, CAPITAL E TRABALLO

Os oito Títulos finais, do IX ao XVI, conteñen unha normativa de marcado alcance socio-económico. Comenzan pol-a sección «del Ejército y la Hacienda». No artigo 71 anúnciase que «El Estado organizará su ejército, con arreglo a los últimos adelantos en el arte militar». Os termos empregados non provocan dúbida algunha, en canto a que o precepto se refire ao Estado rexional, e non ao Federal. O servico militar será voluntario e retribuído. (Art. 71), sin perxucio de o eisixir como obligatorio no caso de ameaza de invasión ou perigro para a independencia. (Art. 70).

A obriga de «levantar cargas públicas», imponse a todo cidadán proporcionalmente a súa «fortuna, renta o haber». A Facenda rexional terase de nutrir de consignacións nos presupostos municipais, dos productos de bens e rendas propias e de recursos eventuales, principalmente dos arbitrios a impor pol-a Asamblea rexional, mais por meio de empréstitos. (Art. 72). No caso de «penuria» do Tesouro también o órgao lexislativo poderá impoñer derramas, en situacións ben xustificadas. (Art. 73). A sección remata declarando que fica «establecida en principio, la contribución única, directa y proporcional».

Un forte nivel de adianto con relación ao tempo, acádase no Título X. Comprende duas ramas sociaes tan prioritarias como son a Educación e a Beneficencia, que agora chamaríamos sanidade. Imponse a todos o ensino primario elemental, gratuito e laico. O das primeiras letras déixase a cárrego dos municipios. (Art. 78). O segundo ensino confírese como misión propia ao Estado rexional. (Art. 79). A Asamblea rexional dictará

unha Lei xeral de Instrucción Pública limpa de prexuízos relixiosos. (Artículo 80).

O acento social carrégase nos Art. 81 e 82, ourentados a rematar con a pobreza. O Estado declara seu intuito de abordar —de acordo cos axuntamentos—, «el problema de la miseria». N-este senso chégase a postular unha transformación física, moral e intelectual do indixente, con particular amparo aos nenos incluseiros ou abandonados, até os repoñer aptos e sans na sociedade.

Na mesma liña de pensamento social adiantado inscríbese o Título XI. Contén cinco artigos baixo a mención de «Reformas Económicas». A máis valente para aquela época pudiera ser a que declara «abolidos todos los derechos señoriales de carácter feudal». Ao mesmo tempo convalida —con reserva para reformas dictadas pol-a experiencia—, a Lei de Foros de 1873, dictadas pol-as Cortes Constituintes da Primeira República. (Art. 85). Anúnciase a creación de un Banco Hipotecario de ámbito rexional, do que non se voltou a falar despois (Art. 86).

O título remata con un mini-programa sobre a problemática do desenvolvemento industrial, de aquela cuasi embrionario. Anuncia unha lei industrial chamada a dirimir as loitas entre capital e traballo, a regular o ingreso nas fábricas de mulleres e nenos, limitar a duración da xornada e as condicións de prestala e presidir o mellor concerto de vontades «entre obreros y patronos». (Art. 87).

PROVINCIAS, MUNICIPIOS, FEDERACION E CAPITALIDADE

Das provincias... non se fala. ¿Qué facemos con as fillas da imaxinación cuadriculante de Javier de Burgos? Os prohombres dos anos oitenta deberon tamén experementar as dúbidas que agora remanecen.

O Art. 88 do «Proyecto de Constitución del Estado Gallego» olla o tema de esguello. Suspende todo pronunciamento, até as primeiras Constituintes da rexión.

Dos títulos derradeiros, o XIII resérvase aos municipios. Configúranse con fasquía de entes de dereito público, incumbidos de triple autonomía: política, económica e administrativa. Autonomía, aínda que plena, con lindeiros inviolables nos dereitos do home, e nas soberanías do Estado e da Nación. (Art. 89).

A autonomía municipal comenza por conferir ao Ente local, o dereito a se dar sua propia constitución, a exercer a administración do seu patrimonio, impoñer e recaudar trabucos, emitir empréstanos, construír camiños e escolas, proveer a seguridade veciñal, etc. (Art. 90). Impónselle ás mesmas corporacións a formación do catastro da riqueza inmoble.

As disposicións transitorias e finais son distribuídas nos Títulos XIV e XV. Dentro do primeiro, o Art. 94, declara que «o Estado Gallego reconece y afirma la autonomía de la Nación». Este concepto non se aplica ao «Estado Gallego», senón á Federación Española, dado a tenor do Art. 95. Esta norma contén o que pudéramos chamar competencias intransferibles, retidas nas maos do Poder federal, con arbitrio resolutivo:

Relacións exteriores, tratados de paz e comercio, declaracións de

guerra, conservación da «unidade nacional», competencia entre Estados, vías xeraes de comunicación, sanidade pública, correos e telégrafos, obras públicas de interés nacional, lexislación mercantil, moneda, pesos e medicións, divida nacional, instrucción pública superior facultativa e técnica...

Do mesmo xeito á federación venlle atribuída competencia para gobernar as forzas de mar e terra, os bens e dereitos da Nación, os impostos federales e os empréstitos tamén nacionais.

No Título XV anúnciase a inmediata «confección de un novo Código Civil». (Art. 97). Tamén se admite provisoriamente a vixencia do Código Penal, mais a condición de «previa abolición de la pena de muerte y de todas las perpetuas». (Art. 98).

Interinamente declárase a cidadade da Coruña capital do Estado Galego, mais remítese expresamente a Asamblea Constituínte a resolución «de este extremo». Xa de aquela polémico, a xuzgar pol-os condicionamentos que a seguir se poñen ao arbitrio soberán:

«...ya declarando la capitalidad residente y por turno en las capitales de las actuales provincias, ya designando al efecto un territorio neutral, ya en fin, como mejor estime en justicia». (Art. 99).

O EXEMPLO LEGATADO

Ao fío longal da síntesis que vimos de recollere a xeito de nõ derradeiro, compre engadir algunhas verbas. O deseño de Constitución do Estado Galego, nos anos oitenta enforado e brandido, ben merescete semella de ser agora lembrado. E non samente como reliquia xurídica, das poucas con que a nosa bibliografía conta. Tamén como exemplo de comportamento cívico e intelectual. Como alarde de conductas responsables, cando sobre as limitacións do home, manda o destino do país, eixinando a remoción de valores que un esforzo senlleiro comporta sempre, ao mesmo tempo que o esquecemento de bastardas cobizas.

Deixando á veira, o índice de sincronía e viabilidade histórica da obra; pospoñendo por un intre a súa asincronía na cuestión da lingua propia —senón a súa circunstancial invidencia—, non se poden deixar de recoñecerlle outros valores positivos. Maormente aqueles que alimentan a arquitectura constitucional do Proiecto, a súa apertura a modernidade das formas políticas e o seu índice de enxebreza democrática, arela autonomista e solidariedade con as eixixencias da xusticia social, aínda máis entresentidas que demandadas.

A labra do documento, co seu alongado proceso de xestación; a valentía da súa concepción doctrinal, e o arco pluri-temático que abarca, compoñen un exemplo impar. Temos de reconocer que aínda nos nosos días, de danzadeiras pre-autonómicas, non foi igualado. Pol-o contrario, a imaxe de canto hoxe se anda a facer, pouco xeito ten e pouca coor á veira do que os nosos abós federalistas fixeron ou tentaron facer.

Vigo, maio, 1978

Luis Tobío Fernández

A Socio-Economía



LUIS TOBIO FERNANDEZ

Nace en Viveiro en 1906. Trasladado a Santiago estuda aló o bachillerato e comenza os estudos de Dereito, licenciándose con premio extraordinario en 1927.

Co-fundador do Seminario de Estudos Galegos, dirixe dende 1930 a Sección de Ciencias Sociaes, Xurídicas i Económicas. Pensionado pola Universidade Compostelana, realiza en Berlín estudos de Ciencia Política. Doctórase en Dereito pola Universidade de Madrid en 1931. Ingresa en 1932 na carreira Diplomática, sendo adscrito ó seguinte ano á Legación de España en Sofía (Bulgaria). No 1939 instálase en Cuba, onde é cofundador e profesor da «Escuela Libre de La Habana». Tras unha breve estancia en México, onde exerce como profesor, trasládase a Montevideo en 1940, onde é comentarista de temas internacionais en Radio Ariel e no xornal EL DIA. Colabora na emisión semanal en galego «Sempre en Galiza».

Trasladado a Madrid en 1963, reingresa no 1974 na carreira diplomática, ate a súa xubilación en 1976. Publicóu o libro «Gondomar y su triunfo sobre Relaiigh», así como varias traduccións do alemán e o inglés e numerosos ensaios sobre temas diversos en diferentes revistas nacionais i estranxeiras. Como conferenciante, ten estado en La Habana, Buenos Aires, Montevideo, Madrid, Vigo, etc.

A Sección de Ciencias Sociaes, Xurídicas i Económicas do Seminario de Estudos Galegos foi creada en 1930, é dicir, sete anos despois da fundación do mesmo Seminario. Por esto e por outras razóns non deixou unha laboura que poida compararse á desenrolada polas seccións máis vellas e de máisimo alento como as de Prehistoria, Historia ou Arqueoloxía. Dacordo co que viña sendo o espertar da nosa cultura nos eidos da investigación, foron os estudos históricos e arqueolóxicos os que máis que nada intresaron ao comenzo aos membros do Seminario. Había xa nestes sectores unha boa base —tradición, mestres prestixiosos, unha bibliografía estimabel—, pra seguir con pulo dende o primeiro intre. Pola contra, os estudos de tipo social, xurídico i económico tiñan case que partir de cero. Aínda que non fallaban precedentes, éstos eran escasos e, a miudo, de non moita valencia.

Polo carácter de integración de cultura, que era unha das notas do noso Seminario, fuxíase dos compartimentos estancos e, diste xeito, nos traballos dun sector tíñanse sempre en conta a información e o labor dos outros. Non era o Seminario unha simpre agrupación de seccións a traballar cada unha pola sua banda no seu, arredadas, sinón que se achaban avencelladas, malia a natural autonomía de cada unha. Ese avencellamento xurdía do feito de pertenceren moitos membros a varias seccións e, tamén, a que nos traballos de campo, as xeiras, estaban decote presentes moitas e mesmo totalas seccións, a operar xuntas sobor dunha terra ou bisbarra, aparte de que a comunicación da laboura entre as seccións era norma constante.

Nos traballos das outras seccións —encol de todo as de Historia e Antropoloxía— había ás vegadas aspectos que correspondían ao social, xurídico ou económico. Mais chegou un tempo en que se xusgou que este tipo de traballos debía constituir unha sección de seu. I en 1930 esta Sección escomenzou a traballar con autonomía. Moitos dos estudos que se encetaron daquela tiñan carácter histórico, derivando da situación anterior. Temas tais coma o dos castros na orixe das parroquias, ou as crises sociais en Galicia na Edade Meia, ou a custión dos cotos e xurisdiccións galegas na Edade Moderna ou os gremios e pesca no pasado ocuparon aos investigadores integrados nesta Sección.

Pra levar a termo traballos serios encol da realidá actual atopábase nos entón dúas fortes pexas: a falla de estadísticas completas e fiábeles e a escaseza de especialistas preparados e de estudos anteriores dos que poder arrincar.

O troque de réxime do estado español en 1931 veu dar pulo e azos aos membros desta Sección. A posibilidade de Galiza de se orgaizar autónomamente dacordo coas tendencias que xurdiron na Segunda República, fixo que a Sección encetara traballos endereitados a encarar a nova situación. Co fito de irmos crarifcando os conceptos e contribuir á creación e virtualidá das estruturas vindeiras, a Sección escomenzou, axiña de procamada a República, unha dobre laboura vencellada ao futuro réxime autonómico de Galicia: dunha banda o estudo dun anteproieito de Estatuto e doutra o dos aspectos fiscais da autonomía.

Un grupo de traballo formado por Alexandre Bóveda, Ricardo Carballo Calero, Valentín Paz Andrade, Vicente Risco e máis eu deu remate en tempo récord a un anteproieito de Estatuto para Galicia, que foi o primeiro que se publicou na nosa Terra e tamén, segundo teño entendido, o primeiro da súa caste aparecido en España. Prá preparación dese anteproieito —máis ben diríamos «modelo»— cada membro do grupo de traballo apresentara por escrito os seus puntos de vista e suxerencias verbo do tema, téndose feito unhas veces de maneira esquemática e outras, coma no caso do Risco, de xeito mais desenrolado e longo. En Santiago, Carballo Calero e máis eu resumimos e arraxamos todo o material deica chegar á redacción dun texto curto e craro que foi logo revisado e aprobado polos demais membros da Sección e polo Seminario, e publicado en Santiago como aportación aos estudos e traballos que andaban a se facer daquela cara a autonomía da nosa Terra. Pouco despóis publicábase en Pontevedra unha Exposición presentada pola poñenza encargada de redaitar o devandito anteproieito en que se espuña o xeito cómo fixera o seu labor e outras consideracións.

Estudos de carácter fiscal i económico avencellados ao mesmo tema foron realizados por Alexandre Bóveda e comunicados asemade ao Seminario. Este tíñase preocupado do tema moito denantes pois xa no ano 1928 publicara en Pontevedra unha monografía de Asdrúbal Ferreiro Cid que leva por título «Datos para un ensayo de autonomía administrativa de Galicia».

Hai que engadir, por de remate, que tamén se encetaron traballos nesta Sección sobor da economía agrícola e gandeira polo membro señor Fernández Osorio i encol dos aspectos industriais e fiscais da Terra de Deza dentro da serie de traballos de conxunto.

A supresión do Seminario supuxo, naturalmente, a interrupción destes estudos que apenas escomenzaban entón e que, de seguro, co andar do tempo, houberen acadado niveis estimabeles de teren sido propicias as circunstancias. Hoxe, nun Seminario rexurdido, sería posibel proporse fitos mais ambiciosos xa que os elementos de formación e información de que se dispón agora son, sin comparanza, moitos máis e mellores dos que daquela se tiñan.

Perspectivas

Xesús Alonso Montero

**Notas sobre o Seminario
de Estudos Galegos**



XESUS ALONSO MONTERO

Nace en Vigo en 1928. Casado, con tres fillos. É doutor en Filoloxía Románica, catedrático (excedente) de Escolas Universitarias, catedrático de Lingua e Literatura no Instituto «Alexandre Bóveda» de Vigo e profesor de Lingua no Colexio Universitario de Vigo, onde reside dende 1977. É autor dunha vasta produción literaria, especializada maiormente en crítica e investigación, así como prolífico prologuista, conferenciante, articulista, tendo sido reclamado de diversas institucións e centros culturais de Europa e América.

Entre os seus importantes traballos, moitos deles de grande difusión e incidencia social, convén reseñar «O que comprende saber da lingua galega» (1969), «Constitución del gallego en lengua literaria» (1970), «Rosalía de Castro» (1972), «Informe—dramático— sobre la lengua gallega» (1973), «Pedro Petouto» (1974), «Castelao» (1975), así como diversas escolmas (Galeuzca) e traducións do castelán ó galego.

1

O Seminario de Estudos Galegos, unha das grandes empresas que creou e protagonizou Galicia, foi obra —na idea, no comenzo e no proiec-to— de nove rapaces, de nove mozos novos. É lexítimo sospeitar que no intre aquel —12 de outubro de 1923— máis de catro cheiraron neste feito unha rapazada, sabedores de que a leña verde da xente nova poucas veces vai máis alá do fume dunha revistiña, dunhos versos alporizados ou dun chamamento iconoclasta. Os sospeitadores sospeitaron mal.

Porque a empresa, que non necesita hipérbolos, abofé que foi grande e fecunda e seria e fermosa e tamén entrañable.

2

Non eran tempos doados pra Galicia aqueles. Facía un mes que o Dictador Primo de Rivera estaba no Poder. O galeguismo andaba desacougado, aqueloutrado, atouteñando (1). Se cadra é un dato revelador o feito de que a revista «Nós» non se publique dende o 1 de xulio de 1923 ó 25

(1) Repárese nestas palabras de Castelao: «...e fórmase o Pacto da Triple Alianza, en Barcelona, o día 11 de setembro de 1923, coincidindo coa «diada» do conseller Casanova. Este feito produz comentarios terribles, e de ahí a dous días implántase a dictadura militar. As tres nacionalidades ensúmense no campo cultural por non poderen actuar políticamente...» («Sempre en Galiza», p. 89).

de xulio do ano 1925. Vese que os «vellos» non saben ben qué facer. Mentras «Nós» cala, mentras os «vellos» inquiren cáles serán as reais intencións da Dictadura, un fato de rapaces firma na aldea de Ortoño, na casa na que viviu de nena Rosalía de Castro, o nacemento e o bautismo do Seminario de Estudos Galegos.

O escenario confírelle á empresa unha fasquía de galeguismo cultural, de galeguismo non político, e no programa queda ben claro que se trata dunha laboura estrictamente intelectual. Quero creer que o Poder non debéu sospeitar gran cousa de unhos rapaces que se propuñan estudar os costumes, as pedras, as lendas, o pasado, o saber popular, as bisbarras...

O certo é que quen conoza o publicado, soio o publicado, polo Seminario de Estudos Galegos, decatárase decontado de que nesas páxinas están examinados anacos moi importantes da realidade galega, do existir dos galegos. Sabido é que o coñecemento dun país —aínda o máis académico, o máis erudito— implica e suscita compromisos. Sópoo ben a man que o borrar do mapa da cultura en xulio de 1936.

3

Aqueles nove rapaces foron implicando, engueleando e complicando na súa laboura a vellos e novos, a entusiastas e reticentes, a homes e mulleres de distintas profesións, a moita xente. Xa en tempos de máis liberdade ús e outros achegáronse ós eidos máis quentes da investigación: o Estatuto de Autonomía, por exemplo.

Nos seus trece anos de vida (1923 a 1936) no Seminario acometéronse tarefas inéditas. Pénsese nos estudos, en equipo, de vilas e bisbarras (Calvos de Randín, Parroquia de Velle, Terra de Melide), traballos feitos in situ con medios técnicos mínimos e con axudas económicas nulas ou moi cativas. Certo que estes traballos colectivos, algúns con páxinas exemplares pró seu tempo, están alleos a dous eidos do saber pra hoxe indispensables e fundamentais: a Lingüística e a Economía. Eiquí e alí hai pingadas lingüísticas e socioeconómicas, mais o certo é que os capítulos da Economía e da Lingüística non se acometeron. Tamén é certo que no catálogo de publicacións do Seminario as dúas lagoas máis notables prá mentalidade de hoxe son os estudos económicos e os lingüísticos. Realmente o publicado sobre estas dúas áreas do saber son migallas ou pequenos tateos. (Repárese, pra encadrar o feito, que a Filoloxía Románica e a Economía estaban ausentes da nosa Universidade).

Centos de traballos, ducias de libros e os seis grosos volumes da revista «Arquivos» son o balance de trece anos de labor. Non sería difícil citar oito ou dez títulos fundamentais pró entendemento de certas parcelas da nosa realidade histórica. Pénsese na edición do «Codex Calixtinus» (2), no «Corpus Fetroglyphorum Gallaeciae», nos traballos de Cuevillas, nas páxinas de Vicente Risco... Non se esquezan, naturalmente,

(2) Compre precisar que esta tarefa rematouna o Instituto «Padre Sarmiento» de Estudos Gallegos, a institución «herdeira». Aclaremos que os volumes I (texto) e II (música) foron impresos polo Seminario.

os volumes colectivos denantes citados. E téñase moi en conta o monumental libro «As cruces de pedra na Galiza» de Castelao, escomenzado neste clima e que se beneficiou dunha chea de datos que os «seminaristas», gustosos e ledos, lle aportaban a cotío. O libro, unha das grandes pezas da nosa bibliografía, tivo que imprimirse anos despois en Buenos Aires, onde saíu baixo o rubro do Seminario de Estudos Galegos (3).

4

Habería que sinalar outros aspectos, outras dimensións da teimosa e limpa laboura dos «seminaristas», e quen o faga terá que deterse, non pouco, naqueles temas e naquelas investigacións que por primeira vez se expresaron en lingua galega (páxinas de Xeoloxía, por exemplo).

No ano 1936 o Seminario era marco e motor dunha boa parte dos estudosos galegos, e lugar de cita pra todos aqueles que propuñan pra Galicia transformacións feitas a partir dun coñecemento da realidade presente e dunha actitude solidaria co futuro do país. O que empezou sendo unha «rapazada», o que empezou sendo, pra algúns, un achegamento erudito ó país, no ano 36 amosaba a tirios e a troianos, ós de Laiño e ós de Lestrove, un capital, sólido e incitante, de sabiduría galega. Porque tal saber propuña alternativas, porque este capital de erudición e coñecementos orixinaba compromisos, orixinaba determinadas actitudes éticas (políticas, polo tanto), en xulio do ano 1936, tempo da gran Desfeita, o Seminario de Estudos Galegos —aquela festa de entusiasmo, aquela febre de traballo aquela fame de saber— foi esmagado.

A man que se erguéu pra golpear foi a mesma que sentenciou a Alexandre Bóveda, a mesma que abatíu a Anxel Casal, a mesma que feríu a Enrique Botana, a mesma que íazarou a Benigno Alvarez... Porque Benigno Alvarez, Enrique Botana, Anxel Casal, Alexandre Bóveda e o Seminario de Estudos Galegos inscribíanse, de algunha maneira, nun mesmo programa de razón e de progreso.

Non se trata, de tódolos xeitos, de remexer, co ferro da xenreira, vellas e fondas feridas; do que se trata é de recordar pra que eles non repitan e nós non consintamos, e pra que algún día, canto antes mellor, non haxa dúas Galicias (a nosa e a deles).

(3) Por certo nalgunhas publicacións do Instituto «herdeiro» o nome da vella institución cítase, con comiñas, deste xeito: «Seminario de Estudios Gallegos».

F. Díaz-Fierros Viqueira

**As Ciencias Naturáis no
Seminario de
Estudos Galegos**



FRANCISCO DIAZ-FIERROS VIQUEIRA

Nace en Vilagarcía de Arousa en 1941.

Doctórase en Farmacia pola Universidade de Santiago en 1967. Na actualidade é profesor adxunto de Edafoloxía na citada Universidade. É presidente da Sociedade Galega de Historia Natural. Publicóu máis de trinta traballos relacionados co estudo do chan galego e coa climatoloxía agrícola de Galicia. Publicóu asimismo algúns traballos sobre a historia da ciencia en Galicia.

Cando o *Seminario de Estudos Galegos* xurde no ano 1923, a ciencia española estaba a pasar por un dos seus contados momentos de esplendor e desenrolo. Á beira de esgrevias figuras como a de Cajal ou Torroja tíñamos sobre todo como feitos máis sobresaintes da época a *Junta para Ampliación de Estudios* e o *Institut d'Estudis Catalans*. Ambolosdous creados no 1907, representan, por unha banda no caso da *Junta*, o intento intelixente de concentración dos cativos recursos do Estado nunha investigación científica que dera unhos mínimos de diñidade e eficacia, e pola outra banda no caso do *Institut* tíñamos a cristalización dos pulos catalanistas nunhas realizacións onde a ciencia feita «en» e «pra» Catalunya era un traballo siñificativo e recoñecido.

En Galicia este agromar científico español iba pouco a pouco a deixar caer algunha das suas pingadiñas, e así temos como no ano 1921 a *Junta para Ampliación de Estudios* tomóu a decisión de fundar en Santiago a *Misión Biolóxica de Galicia*. Feito este un tanto anormal dentro do facer cotián da devandita institución, onde o centralismo sistemático era a súa norma xeral. Cecáis o esforzo de esgrevios prohombres galegos como López Suárez ou da mesma *Sociedad Económica* de Santiago foran a xustificación desta, en certa maneira insólita, decisión da *Junta*. O certo foi que sen a axuda posterior que lle deron as diputacións galegas, a súa importante tarefa científica dos anos republicáns houbérase vido abaixo sen duda algunha.

Neste marco, foi cando se funda o *Seminario de Estudos Galegos*, no que cásiq ue xa dende os seus primeiros momentos era considerada como materia de interés xenuino a das áreas das ciencias naturais. Pódese sinalar, aínda máis, como data siñificativa do entronque do *Semi-*

nario con elas, o ingreso do profesor de Bioloxía da Universidade, Luis Iglesias o 22 de xaneiro do ano 1926; con él artéllase a *Seición de Ciencias Naturáes* do *Seminario*, que no outono dese mesmo ano acollería como membro ó tamén profesor da Universidade, Isidro Parga, arredor do que se constituiría a *Seición de Xeoquímica* nos anos vindeiros. Estes serían sen duda as figuras clave dos traballos en ciencias naturáis do *Seminario*, mais non foron os únicos que a elas se adicaron, xa que científicos da valía dun Rof Carballo, Gallástegui, Aller, García-Blanco, Rodríguez Cadarso, etc., eran membros do *Seminario* e contribuíron periódicamente nas tarefas das seccións devanditas.


Do análisis dos vintetantos traballos científicos recollidos nos «Arquivos» do *Seminario*, podemos tirar algunhas conclusións interesantes sobre os prantexamentos do grupo de cara á problemática dunha ciencia galega. En primeiro lugar, atopamos como ouxetivos prioritarios dos traballos un coñecemento axeitado do medio natural («As aves de Galicia», «Sobre a presenza de Ilmenita nas áreas de Galicia», etc.) e que se desenrola basicamente nas especialidades propias de Iglesias e Parga: a Zooloxía e a Xeoloxía. Ó mesmo tempo, decátase un interese certo de que os coñecementos teóricos reverqueren en aplicacións dereitas sobre a economía galega, e así temos o «Consultorio de Plagas do Campo» como un dos feitos máis sobresaiantes nesta liña. En troques, atopamos tamén traballos como poderían ser «El mecanismo de acción de la dihidroxiacetona en el organismo humano» ou «Reconocimiento de tejidos vegetales por reacciones microquímicas», etc., que non teñen ningún incardinamento ca realidade galega, e que sómentes parecen representar o testemuño dunha «ciencia feita por galegos». A participación do grupo en tarefas colectivas do *Seminario* como na «Semán Cultural Galega» de Porto no ano 1935 ou nos «Cursos de Extensión Escolar» de Pontevedra do mesmo ano, déixanos a impresión de que aquela ciencia feita no *Seminario* tiña tamén un craro interese en crebar o aillamento tradicional da investigación, ó mesmo tempo que percuraba conquistar os canles axeitados dunha vulgarización intelixente, pra que todo aquilo non quedara nunha chea de verbas esotéricas e elitistas que sómentes eles degostaran e comprenderan.

Pra rematar, coidamos derradeiramente, que un dos feitos máis importantes e sinificativos desta laboura que comentamos é o emprego do galego por primeira vez como lingua de expresión científica. Da mesma maneira de como fixeran os seus colegas do *Institut d'Estudis Catalans* ou millor aínda da *Institució Catalana d'Historia Natural*, o galego, de mans dos científicos do *Seminario* daba un paso máis na súa normalización como medio de expresión axeitado a tódolos materiais e contidos.

Ca perspectiva do tempo, os traballos en ciencias naturáis do *Seminario de Estudos Galegos* convértense, pra os que nestes tempos teimamos por facer unha ciencia xenuinamente galega, en guieiro entrañable e inesquecible, xa que neles atopamos as coordenadas básicas do que ela debe ser: unha adicación fidel ó medio natural galego, unha vocación sinceira pra facer asequible o conquistado, e sobre todo un sentimento enraigañado de que toda ciencia debe servir pra algo práctico, e canto denantes e máis inmediatamente o faga, mellor.

Xosé Manuel Gallego Jorreto

**A ordenación de Galicia
e o Seminario
de Estudos Galegos**



XOSE MANUEL GALLEGO JORRETO

Nace en Carballiño (Ourense) o 12 de nadal de 1936. Estuda arquitectura en Madrid, titulándose no curso 1962-63. Ten sido becado pra ampliación de estudos en Noruega e París.

Actualmente traballa na Coruña, adicado á Arquitectura e Urbanismo. Ten publicado diversos artigos e conferencias, así como parte das súas obras en diferentes revistas profesionáis.

Dende o meu campo profesional, a arquitectura e o urbanismo —entendendo éste como a ordenación física do espacio— falar da investigación redúcese a falar de traballos espallados e con pouca relación entre eles. Estes débense a esforzos personales, que, mergullados nun mundo profesional en crisis, as máis das veces reducen a laboura á esterilidade, deixando o campo profesional valeiro de cultura.

Calquera profesor da Ordenación do Territorio en Galicia parte do principio da unidade específica de seu. Si entendemos o territorio coma o resultado da acción do home ao longo da súa historia, da dialéctica entre o home e o medio, decátase ún da complexidade que significa estudar o medio e máis o home, a súa vida e a súa cultura. A globalidade do enfoque leva moitas veces os traballos sobre estes temas a visións cheas de superficialidade.

No análisis das complexas circunstancias que orixinan este panorama temos que sobresaír a falla de verdadeiros investigadores e a dificultade do coñecemento e desenrolo das múltiples facetas da investigación referida a Galicia noutros aspectos da súa cultura, debidos á súa falla de estruturación.

Penso que ao decatarse desta situación xurden asociacións culturais, colexios profesionais, etc., que tentan facer manifestación da cultura globalizada. No noso caso, o Colexio de Arquitectos tentou facelo, mais a súa eficacia víuse moitas veces minguada pola amplitude dos seus obxetivos, tendo que destacar o seu valor positivo máis como bezo da sociedade que como suxeto catalizador. Con elo pónse unha vez máis

en evidencia dende un sector tan parcial como é, a necesidade dunha coordinación i estruturación da investigación cultural globalizada a Galicia.

Esta ausencia evidente adquire tintes dramáticos cando o referimos á situación histórica do noso país. O momento que estamos a pasar pode ser moi importante, por non decir decisivo, prá súa ordenación; e cando falo de ordenación penso na súa vida. A fonda tensión producida polo cambio de estruturas, cun ritmo cada vez máis acelerado, vái destruíndo con indiferencia a cultura popular; cultura xa marxinaada e que tantas veces se asocia ao subdesenrolo socioeconómico.

Somentemente afondando no coñecemento dun pobo poderáanse dar opcións pra que éste atope o seu camiño, podendo así continuar a transformación constante da súa cultura, pra que esta sexa viva.

Ao lembrarse do Seminario de Estudos Galegos síntese un certo desacougo, o producido pola súa desaparición. Se pensamos nos seus obxetivos, o estudo de tódalas manifestacións da nosa cultura; e na súa finalidade, a formación de investigadores e a divulgación dos resultados, decatáronos da súa vixencia e da súa importancia, que en certo sentido é a unión dunha visión intelixente e científica co sentimento e a emoción da unidade de Galicia, dous temas non sempre vencellados.

Dende a situación actual, compre ver o Seminario ca súa componente histórica e máis ca forcia e a valía dos homes que foron capaces de levalo adiante.

Semella que a nosa realidade oxe, dificulta a coordinación i estruturación globalizada da cultura galega; movémonos entre a evidencia clara de que determinadas posturas políticas e ideolóxicas establecen posicións diante da vida e do feito cultural, que vai adquirindo distinto significado; e tamén co feito, que supón certa manipulación cultural, ca transposición da loita política por conquistar unha determinada ideoloxía.


Ainda co resultado desta situación sexa enriquecedor, no presente leva en non poucas ocasións a loitas estériles e ao marxen da vida e da cultura do pobo, levando, as máis das veces, a que a cultura oficial esté máis perto do poder, ou ben dos ideólogos, que do propio pobo.

A empresa de resucitar o Seminario de Estudos Galegos é necesaria e urxente, máis debe ser consciente da realidade, e deberea estruturarse tendo en conta a situación sociopolítica i económica actual. A súa dificultade é evidente, pro a cultura galega ten necesidade delo, e oxe é o intre de facelo.

A cultura galega precisa de aquilo que tivera o Seminario fundamente arreigado: a visión clara de encher o eido cultural dun desenrolo científico globalizado e a fonda emoción da súa unidade.

Salvador García - Bodaño

**A creación Literaria no
Seminario de
Estudos Galegos**



SALVADOR GARCIA-BODAÑO

Escritor e poeta. Nacéu en Teis (Pontevedra) no 1935. Formouse intelectual e politicamente nos medios mais activos do galeguismo nacionalista en Santiago de Compostela, onde reside na actualidade. Participou decididamente na reconstrucción cultural da Galicia de postguerra. Colaborador xornalístico, ten pronunciado asemade numerosas conferencias e recitais e acadado diversos premios literarios. Adicado ao coñecemento das Artes plásticas do seu país e ao estudo da nosa etnografía é membro fundador do Museo de Pobo Galego no que ven dirixindo o departamento de Oficios e Arte popular.

Ten publicado no 1967 «Ao pe de cada hora» e no 1978 «Tempo de Compostela».

Na ducia ben cumprida de anos nos que o Seminario de Estudos Galegos veu desenrolando o seu inxente labor de formación de investigadores e de ordenación da nosa Cultura, non por menos conocida foi menos importante a tarefa de vencellamento e de dinamización que levou adiante a Sección de Arte e Letras, baixo a presidencia de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Si ben logo da súa fundación integráronse no Seminario cáseque a meirande parte dos membros do grupo Nós en niveis estreitamente coordinados de orientación e colaboración, do mesmo xeito tamén se achegaron no plano literario escritores procedentes de anteriores xeneracións e mesmo aqueles outros, mozos aínda, que asumían entusiastamente o novo espírito que a mestres e discípulos xuntaba na recén creada institución.

Foron anos de grande fecundidade creativa aberta a novos estilos e formas na poesía, no teatro, na novela, na ensaística, na narrativa, en fin, e nas aportacións dunha sobranceira prosa didáctica. A actividade editorial foi densa nese período e o Seminario, si ben nacente e con medios contados prá realización de tan estesa dimensión cultural, puido contar coa firme axuda da editorial LAR creada en realidade pra publicar os fondos productos dos múltiples traballos que se iban recollendo como fruto valioso de cada curso ou cada xeira.

As exposicións de arte foron non soio unha preocupación senón unha sonada realidade: a obra pictórica de Castelao no 1924, as ilustracións pra o seu libro *Cousas* no 1925, e unha escolleita colección de cadros

e obras donadas por aqueles artistas que entregaban unha á Institución como requisito establecido pra o seu ingreso, servindo de magnífico marco ás actividades intelectuais e centíficas de aquel centro exemplar. Conferencias, recitales, lecturas de obras inéditas de tantos autores galegos de repercusión ilustre nas nosas letras como Cotarelo, Vicente Risco, Castelao, Lugrís Freire, Lousada Diéguez, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, López Abente, Noriega Varela, Victoriano Taibo, Xavier Pardo, Carré Alvarellos, Rodríguez González, Alvaro das Casas, Correa Calderón, Magariños Negreira, Bouza Brey, Rof Carballo, Magariños Granda, Rafael Dieste, Filgueira Valverde, Xesús Bal e Gay, Carballo Calero, Alvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Castroviejo, Camilo Díaz Baliño...

O ánimo de lle dar unha necesaria exteriorización a este labor que contemplaba a Galicia como única destinataria, traducíuse na organización de festas da nosa Cultura como a que tivo ocasión no ano 1924 adicada á Lingua Galega, e a seguinte encol da Poesía Galega e da Prosa celebrada no 1927 con abundosa participación das mais esgrevias figuras do noso país naquel tempo.

A ferverza creadora de aquela época que sería coutada dramáticamente no 1936, atópase manifesta nas publicacións que na nosa patria sairon á luz si nos detemos na súa ordenación:

- 1925 - Filgueira Valverde, «Os nenos».
- 1926 - Cabanillas, «Na noite estrelecida»; Castelao, «Cousas»; Cotarelo Valledor, «Hostia»; Cabanillas, «O Mariscal»; Dieste, «Dos arquivos do trasno».
- 1927 - Amado Carballo, «Proel»; Lesta Meis, «Estebo»; Dieste, «A fiestra valdeira».
- 1928 - Amado Carballo, «O galo»; Vicente Risco, «O porco de pe»; Manuel Antonio, «De catro a catro»; Otero Pedrayo, «Os camiños da vida».
- 1929 - Otero Pedrayo, «A lagarada»; Otero Pedrayo, «Peleriñaxes».
- 1930 - Iglesia Alvariño, «Señardá»; Lesta Meis, «Abellas de ouro»; Otero Pedrayo, «Arredor de sí».
- 1931 - Blanco Amor, «Poema en catro tempos»; Otero Pedrayo, «Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra».
- 1932 - Cunqueiro, «Mar ao norde»; Otero Pedrayo, «Contos do camiño e da rúa».
- 1933 - Bouza Brey, «Nao senlleira»; Cunqueiro, «Cantiga nova que se chama riveira»; Cunqueiro, «Poemas do sí e non»; Iglesia Alvariño, «Corazón ao vento».
- 1934 - Delgado Gurriarán, «Bebedeira»; Castelao, «Retrincos»; Castelao, «Os dous de sempre»; V. Risco, «Mitteleuropa»; Otero Pedrayo, «Afroeiría de Xelmirez».
- 1935 - García Paz, «IV Melodía»; Otero Pedrayo, «Devalar».
- 1936 - Otero Pedrayo, «O mesón dos ermos».

Destas obras publicadas nestes anos excepcionais, o Seminario de Estudos Galegos pode folgarse xustamente de ter ofrecido algunhas da importancia de «Nao senlleira», «Na noite estrelecida», «A rosa de cen follas», «Cousas», etc. Cántas mais se poderían ter publicado, canto

mais se podería ter escrito se o albre do noso espírito non fose privado tan salvaxemente de ponlas tan vizosas?

Aquelas promocións literarias da preguerra e os seus «traballos obra de entendementos e corazóns onde alumea, poderosa e inestinguible, a labarada ardente que alcendeu o verbo dos mais inspirados poetas e dos mais gloriosos sabios que honran a nosa historia literaria: a laboura do santo amor a Galicia». Aqueles afans de cambear e anovar unha prestixiosa, pro xa caduca estética, aqueles colosales esforzos motivados por un empuxe creador sin lindeiros en vangarda dun tempo aberto á liberdade da ciencia e do pensamento!

Os estudos literarios iban parellos á produción creadora. Na Sección de Historia da Literatura Otero Pedrayo, Lafuente Bermúdez, Bouza e Carballo esculcan no «rexurdimento», en tanto que Fernández del Riego, Cunqueiro e Iglesia Alvariño enxergan detidamente na obra dos contemporáneos. Filgueira con Cotarelo afondan nun maior coñecemento da nosa literatura medieval. Un labor arreo «pra aprender o que era desconocido e pra dar a coñecer o que aínda estaba desconocido» —como ben dí Antón Fraguas—, imbue a vocación de todos cantos se tiñan integrado naquela venerable institución. Vocación e espírito que pola súa forteza e xenerosidade puideron chegar deica hoxe e ser recollidos por quen compartimos a ineludible responsabilidade da «reconstrucción» e nos sentimos dese xeito tamén os seus discípulos.

Nos tempos do Seminario de Estudos Galegos a creación literaria aporta, en definitiva, novos camiños ao través do modernismo, do neotrovadorismo, do humanismo e do vangardismo creacionista. A lírica na poesía acada altos cimos visibles aínda e o teatro e narración, e mesmo a novela, alentarían os primeiros períodos subseguintes ao ermo da guerra.

Moitos de aqueles mestres sobreviviron e continúan o seu traballo maxistral, outros han pervivir na nosa memoria nun homenaxe permanente de gratitude.

Carlos García Martínez

Os Estudos Prehistóricos e Etnográficos no Seminário



CARLOS GARCIA MARTINEZ

Nacéu en Santiago no 1945. Vencellado ao Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos a traveso da súa Sección de Prehistoria dende 1967. Becario de Investigación do «Consejo Superior de Investigaciones Científicas» (1971-74). Membro fundador do Museo do Pobo Galego (1976) e Secretario do mesmo (1977). Dirixe dende 1976 o Departamento de Publicacións e Información Bibliográfica do Colexio de Arquitectos de Galicia. É Académico correspondente da Real Academia Gallega (1971).

Realizóu estudos de Prehistoria co desaparecido Bouza Brey e con especialistas irlandeses e italianos e excavacións arqueolóxicas do megalítico galego, eísi como traballos de campo encol da nosa arte rupestre, cultural castrexa e antropoloxía. Participóu en varios congresos nacionais e internacionais da especialidade.

Autor de máis de trinta traballos de prehistoria e antropoloxía, dos que cabe destacar os adicados á arte rupestre, organización social da cultura castrexa e megalítico. Ten dado conferencias e leccións en diversos centros culturais galegos e nas Facultades de Historia e de Económicas de Santiago.

Unha das empresas culturais galegas de maior trascendencia no século XX foi a protagonizada polo «Seminario de Estudos Gallegos». Creado no 1923, habería aglutinar na súa historia a boa parte da intelectualidade galeguista da época.

Si hoxe tivésemos que salientar algo do inxente labor realizado, habería que situar dianteiro o fondo compromiso coa realidade galega e a supeditación, agás algún caso aillado, do interés individual á arela colectiva. Sin dúbida eiquí repousaba a forteza pra dar azos aos múltiples traballos que, dende a súa creación deica a desaparición efectiva no 1936, ofrendóu a Galicia.

Do amplo abano de tarefas e actividades desenroladas nos trece anos da súa andaina, interésanos comentar agora dúas que foron sobranceiras: os estudos arqueolóxico-prehistóricos e os etnográficos, que camiñaron íntimamente xunguidos.

En certa medida, a orientación investigadora do grupo «NÓS», integrado no Seminario a pouco da súa creación, vai prevalecer tamén na nova institución: a terra, o home, a historia, esteos, xunto coa lingoa, da singularidade galega, han sere obxeto de profundo análisis. Os ali-cerces da etnoxénesis, en especial, modeladores dunha especificidade histórica, son sistemáticamente investigados.

Este tipo de estudos contaba xa con fonda tradición na historiografía galega, a partires fundamentalmente de Vicetto, Murguía, Barros Sivelo, Saralegui, Villaamil, etc. Necesarios pra definir a personalidade nacional de Galicia, os homes do Seminario liberaríanos dos componentes román-

ticos e pseudo-románticos, que lle imprimiran os autores do rexurdimento. Unha rigurosa investigación vai caracterizar esta nova etapa.

Os intertroques e contactos cos máis destacados investigadores europeos do intre han sere adoito. Eis por exemplo as relacións con Obermaier, Breuil, Menhin, Macalister, T. Leeds, Le Rouzic, Mendes Correa, Serpa Pinto, Gómez Moreno, Bosch Gimpera, Pericot, e coas universidades de Madrid, Barcelona, Cambridge, Harvard, Porto, Lisboa; Museo Nacional de Gales, etc.

Xunto cun coñecemento da metodoloxía en boga —véxanse os traballos de López Cuevillas, Bouza Brey, Maciñeira, González García-Paz—, é relevante un aspecto indubidablemente dinamizador das angueiras emprendidas, o labor en equipo. Elo vai permitir o comenzo da catalogación dos castros (Val de Vilamarín, 1928; Terra de Celanova, 1928; Terra do Carballiño, 1930; Terra de Melide, 1931; Terra de Lobeira, 1933; o inédito de Terra de Deza e os publicados logo do 1936, Terra de Saviñao, Compostela e Lugo); dos moimentos megalíticos, da arte rupestre, das fontes antigas, etc. Como corolario aparecen as primeiras sistematizacións da pre e protohistoria galegas (Os oestrymnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza, Santiago, 1929; La civilización neo-eneolítica gallega, Madrid, 1931; Corpus Petroglyphorum Gallaeciae, Santiago, 1935; Estudos sobre a Edade do Ferro na Galiza, Santiago, 1936).

As relacións cos investigadores portugueses son continuas. Pensionados pola «Junta para la ampliación de estudios e investigaciónes científicas» (que haberá sufragar tamén a Castelao e Bouza nos seus viaxes a Europa e Bretaña), viaxan polo norde do país irmán López Cuevillas e Bouza Brey estudiando os principáis vestixios arqueolóxicos e Museos. Froito destes contactos son as colaboracións dos arqueólogos galegos nas revistas portuguesas e dos portugueses en Arquivos e no Nós (Mendes Correa, Mario Cardozo, Serpa Pinto, Santos Júnior, Jalhay, do Paço).

Os traballos dos prehistoriadores galegos son magnificamente acollidos tamén en revistas españolas e nos congresos que se celebran da especialidade (Asociación Catalana d'Antropología, Etnografía i Prehistoria, Junta Superior de Excavaciones, Archivo Español de Arte y Arqueología, Asociación para el Progreso de las Ciencias, Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria).

A aportación dos homes desta Sección á prehistoria galega foi fundamental. Comenzouse a definir un horizonte cultural paleolítico, coas primeiras amosas da actividade humán en Galicia; as excavacións en megalitos puxeron de manifesto a semellanza cultural entre as áreas galega e portuguesa de enriba do Douro, nos finais do neolítico e nos comenzos da metalurxia, eisí como as cronoloxías relativas destes períodos. As relacións entre os Fisterras atlánticos foron valoradas e ampliadas a partires dos lumiosos traballos de López Cuevillas, eisí como o rol difusor que tivo Galicia cara Europa occidental a fins da Edade do Bronce. O papel do elemento céltico na xénesis histórica galega foi en parte redefinido, ao valorar o influxo do elemento pre-céltico, indíxena (oestrimnio para Cuevillas e Bouza), na formación da cultura castrexa, que foi amiudadamente investigada: fontes pra o seu coñecemento, o habitat e a arquitectura, a organización social e política, a ergoloxía, a economía, a relixión. Moitos dos estudos publicados na curta vida do Seminario

son aínda válidos e reiteradamente utilizados nas novas investigacións prehistóricas en curso.

No eido etnográfico, vencellado estreitamente co prehistórico, a laboura desenvolta foi asemade sobranceira. O labor encetado no século XIX, coa «Sociedad del Folklore Gallego», e comenzos do XX vai ser retomado e ampliado dendes 1923. Os contactos con institucións como o Institut d'Estudis Catalans, Sociedad de Estudios Vascos, e así como as influencias das escolas etnográficas e etnolóxicas francesa e inglesa (Le Braz, P. Sebillot, Van Gennep, J. Frazer, etc.) dotarán á etnografía galega dun método de análise moderno e axeitado.

Os estudos que se realizan dendes 1923 a 1936 comprenden traballos sobor da casa rural (Otero Pedrayo, Fernández Hermida, Fernández Cochón), os costumes (Filgueira, Fraguas, Bouza Brey, Martínez López), a mitoloxía (Risco), o folklore (Cotarelo, Daniel González, Bal e Gay, Bouza Brey), a arte popular (Castelao, Lorenzo Fernández, Risco), a etnomorfología (López Teixeira), que se concretarán en varios artigos que ven a luz nos Arquivos, no Nós e no Boletín da Real Academia Gallega.

Ao par destas laborías compre destacar os traballos de conxunto, nos que a participación das Seccións de Prehistoria e Etnografía foi moi importante. Esta clas de estudos pioneiros en Europa, como sinalou o etnólogo portugués Jorge Dias, foron imprimíndolle ao Seminario un selo característico. Aportaban no campo da investigación dúas novidades: o traballo interdisciplinario e o enfoque globalizador, integral, do estudio. Algúns diron magníficas monografías (Calvos de Randín, Parroquia de Velle, cecáis o millor traballo etnográfico de conxunto do Seminario, Terra de Melide) ou traballos concretos (Monforte, Carballiño, Ribeiro) e outros, en fin, ficaron incompletos por mor dos sucesos de 1936 (Fistera, Deza).

Dentro das actividades desta Sección foi de interés a formación de coleccións etnográficas, expostas na sede do Seminario, creando así un dos primeiros Museos antropolóxicos da península, nun esforzo de recuperación e conservación da cultura e tradicións populares. Parte destas coleccións figuran hoxe depositadas no Museo do Pobo Galego, que en certa medida ven retomar, actualizándoa, aquela vella aspiración do Seminario.

O Seminario perfilouse na Galicia da pre-guerra como a súa institución cultural máis dinámica, pesie á febleza de medios económicos. A etapa política de autogoberno que abriría o Estatuto de 1936 sería o terreo axeitado pra un desenvolvemento meirande do Seminario de Estudos Galegos. Malia que a reacción cultural e a estreitez de pensamento coutaran a laboría intelectual iniciada, o mesmo que os anxeos dun pobo que escomenzaba a toparse a sí mesmo.

Dende a perspectiva actual, a experiencia do Seminario é aleccionadora e a falla dunha institución semellante fáise sentir. O remedo centralista que quixo ensaiarse como continuidade non poido encher o valeiro deixado. Hoxe son xa máis de unha as institucións culturais e colectivos de investigadores que están a recoller aquela herdanza, e sin as soltas de onte é tempo de pensar de novo no Seminario de Estudos Galegos.

Francisco Guitián Ojea

**O Seminario de Estudos Galegos
na Galicia vindeira**



FRANCISCO GUITIAN OJEA

Nace en Cristosende (Ourense), no 1921. Doctórase en Ciencias e Farmacia pola Universidade de Santiago, con dúas tesis sobre temas de cháns.

Realizóu a súa laboura investigadora preferentemente no C.S.I.C. de Santiago, sendo na actualidade Xefe da Sección de Corrección de Cháns do Instituto Agrobiolóxico de Galicia e profesor de investigación excedente do mesmo.

En canto ás súas actividades docentes, ganóu por oposición a plaza de Profesor Agregado da Universidade de Madrid, e por propia petición foi destinado á Universidade de Santiago. Na actualidade é catedrático de Edafoloxía desta Universidade.

Ten publicado un cento de traballos en revistas nacionais i estranxeiras sobre temas da súa especialidade, así como dirixido numerosas tesis doctorales e tesinas. Dirixiu tamén a elaboración dos mapas de chán da zona húmeda española.

Desempeñóu diversos cargos na Universidade Compostelana, entre eles o de Decano da Facultade de Farmacia. Na actualidade é Director do «Instituto de Desarrollo Regional», desta Universidade.

Poucas vegadas estará máis xustificado un homenaxe que o que agora se celebra á honra do Seminario de Estudos Galegos, e cuio renacemento fáise posible despóis de tantos anos.

Mais estas datas deben ser apropiadas pra reflexionar sobor da tarefa vindeira do Seminario. Compre facer un estudo crítico e fondo das posibilidades do Seminario nos anos que veñen, dando por feito cumprido a necesidade do seu rexurdemento.

O tempo transcurrido dende que pararon as súas actividades fai que sexa necesario un replanteamento da súa organización, porque dende aqueles anos a sociedade e, sobor de todo, a Universidade Galega —quizaves porque a semente que o Seminario espallóu, xermolóu, déu os seus froitos caladiñamente— sufréu un cambeo. A Universidade Galega, naquel tempo, non tiña cáseque nengunha actividade adicada ó estudo de Galicia e dos seus problemas e, por eso, o Seminario abranguéu e promovéu tódolos eidos do saber; máis a situación hoxe é completamente diferente: hai moitos departamentos da Universidade que xa adican grande parte do seu esforzo investigador a estudar problemas rexionales e o C.S.I.C. tamén desenrola grande parte da súa tarefa sobor dos problemas galegos, e outros centros oficiáis non universitarios, como a Misión Biolóxica, Instituto Padre Sarmiento, Lourizán, INEA, etc., traballan neste eido.

Por outra banda, os progresos tecnolóxicos esixen unhas dotacións de material e medios que non se poden manter sen axuda dos fondos estatáis. Todo elo fáí que, ó noso modo de ver, haxa que replantearse a misión a encomendar ó Seminario.

Felizmente, o establecemento da nova situación autonómica, ó coincidir co rexurdemento do Seminario, pode darlle unha tarefa moi importante como institución asesora da Xunta de Galicia no referente á programación das actividades da investigación interdisciplinar en Galicia, así como a promoción i espallamento dos resultados outidos, e cuia aplicación axude ó desenrolo rexional.

É un feito conocido o que a diferenza entre un pobo desenrolado e un retrasado está máis no nivel dos seus centros de investigación e na tardanza en chegar os coñecementos destes centros ó pobo e ser aproveitados por él. O Seminario ten eiquí que servir de ponte entrambos. Mais esta ponte ten que ter dúas canles; unha pra levar os coñecementos dos centros de investigación ó pobo e outra pra levar ós centros de investigación as necesidades e problemas de aquél, pra que sexan estudados e solucionados nos devanditos centros.


É Tamén conocido que cásese nengún país pode facer investigacións ó mesmo tempo en tódolos eidos, pro é craro que os estudos rexionáis son os prioritarios, e por elo somente poden ser acadados polas institucións do propio país.

Coidamos que o Seminario non debe rexeitar ningún dos seus planteamentos, e debe manter a súa independencia cara ás institucións e autoridades, pra poder levar unha laboura crítica nos casos necesarios.

Con elo, axudaremos a facer unha Galicia mellor.

Basilio Losada Castro

**Perspectiva do Seminario
dende Cataluña**



BASILIO LOSADA CASTRO

Nace na Póboa de San Xulián (Lugo) en 1930. Dende neno reside en Barcelona. Estuda Filosofía e Dereito na Universidade catalana e doctórase en Filoloxía Románica. Ten realizado un activo labor como crítico de Literatura Galega en diversas revistas españolas i estranxeiras. Forma parte da Asociación Internacional de Críticos Literarios e do xurado do Premio da Crítica.

É Director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa da Universidade de Barcelona. Como conferenciante sobre Literatura Galega, ten viaxado a Alemania, Suiza, Francia, Italia, Arxentina, Uruguay e Brasil.

Aló polo 1950 aínda se podían atopar algúns exemplares dos *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos. Nos Catálogos do Instituto Padre Sarmiento ofrecíanse aínda os números V e VI, e máis o volume *Parroquia de Velle*. Pra os que máis ou menos por aqueles anos andabamos á procura cobizosa de libros galegos, estas dúas entregas dos *Arquivos* foron o descubrimento dun xeito de traballar que estaba moi alonxado do que víamos día tras día na Universidade. Os números de *Arquivos* remataban cunha lista de Entidades e socios protectores do Seminario. Entre os nomes dos protectores atopei o de Alberto del Castillo, daquela profesor meu, que foi quen primeiro me falou do Seminario. Pra él Compostela e o Seminario eran lembranzas moi amadas dos tempos de mocidade, das súas primeiras esculcas arqueolóxicas, das caminatas polas congosturas aldeáns, polas ladeiras enlamadas dos castros, á procura de cerámica decorada, que era daquela o ouxeto da súa preocupación investigadora —logo ganou a cátedra de Historia Medieval, da que eu era alumno.

E a unha pregunta miña, respondeu que a labouira do Seminario era o máis serio que se facía en España naqueles intres no ámeto dos estudos de prehistoria. Logo, nun dos tomos da *Historia de España* dirixida por Menéndez Pidal, vin que Maluquer puña tamén como exemplo de ben facer, de traballo serio, a labouira daqueles anos, nos que a esculca encol da prehistoria acadou en Galicia unha eficacia e unha resoancia popular que fala ben as claras de que a labouira do Seminario non se pechaba nos círculos estreitos dos especialistas, senon que se abría cara a un público moi alonxado normalmente destas preocupacións. Falóume muito Castillo,

e moi ben, do traballo de Cuevillas, a quen lembraba igoalmente con agrimo outro mestre meu, Pericot, que colaborara coel nas escavaciós da citania de Troña. A min nunca me interesara muito a prehistoria, por máis que tiven mestres como os citados Castillo e Pericot, e o que era daquela director do Museo Arqueolóxico de Barcelona, Martín Almagro, do que gardo unha das mellores lembranzas da miña vida universitaria, pero o feito de que pra eles a imaxe de Galicia fora vencellada sempre á laboura do Seminario, e que o viran como modelo de eficacia e benfacer, foi un dos primeiros motivos de orgullo coma galeguista espectante.

Anos despois foi o director do Seminario de Antropoloxía cultural, o Dr. Esteve Fabregat, quen me falou admirado da laboura do Seminario. Esteve Fabregat pasara muitos anos en México antes de incorporarse á Universidade de Barcelona. Un día veu pedirme bibliografía encol dalgúns temas tanxencialmente relacionados con Galicia dentro da súa especialidade, e percureille os tomos da Historia de Galicia dirixidos por Otero Pedrayo, e algunhas das publicacións do Seminario que tiñamos na Biblioteca do Centro Galego de Barcelona. Durante varias semanas estivo a tomar notas arreo, e máis dunha vez falóume tamén da súa sorpresa ante o traballo daqueles homes xenerosos e informados, que estaban non só a salvar a imaxe do pasado de Galicia, senon tamén a facer o inventario dos froitos do traballo dos nosos artesans e a estudar a tradición viva, a nosa cultura popular. Os traballos de Risco e de Xaquín Lorenzo interesábanlle de maneira especial. Os seus métodos de traballo, decíame, estaban a outura do mellor que se facía en Europa naquel tempo, incluso na terminoloxía. Traballos como *Terra de Melide* son exemplo do que se pode lograr nun esforzo de equipo superando a exigüidade dos medios materiaes, cara ao coñecemento dunha bisbarra nos seus máis variados aspectos. Neste terreo, a laboura interrumpida do Seminario, é verdadeiramente exemplar. Poida que hoxe xa non sexa posibel facer algo semellante. O mundo rural galego, a Galicia raigal e auténtica, foi ouxeto nos derradeiros anos dun atentado permanente aos seus valores máis característicos, en nome dunha sedicente modernidade que non fixo máis que deturpar muito do que no país había aínda de válido e peculiar. Malia todo, o pouco que queda compre salvalo. Esforzos coma o do Museo do Pobo Galego son unha chamada á espranza.

Ramón Piñeiro

**O pasado e o futuro do
Seminario de
Estudos Galegos**



RAMON PIÑEIRO

Nacéu en Láncara (Lugo), no ano 1915.

Cursou estudos de Filosofía nas universidades de Santiago e Madrid.

Director literario da Editorial Galaxia desde a súa fundación.

Membro numerario da Real Academia Galega.

Codirector da revista «Grial».

Entre as súas publicacións máis coñecidas compre sinalar os dous ensaios filosóficos sobre a saudade, o discurso de ingreso na Academia —que versou sobre o tema da linguaxe e as linguas— e o libro de ensaios titulado «Olladas ao futuro».

Candidato a senador pola provincia de Lugo na fórmula democrática apoiada por media ducia de partidos nas eleccións do 15 de xuño do 77, houbo especial coincidencia en sinalalo como a personalidade máis axeitada pra poñer ao fronte do organismo político máximo de Galicia, carisma que debe acreditárselle ao seu consecvente e teimoso labor, espallando en multitude de conferencias e traballos periodísticos a filosofía da historia de Galicia, que él soupo facerse e dende a que disfrouta dunha especial óptica pra ver o futuro da súa terra.

A creación das *Irmandades da Fala* en 1916 marca o momento histórico en que Galicia pasa do século XIX ao XX. Ao centraren na lingua a afirmación esencial da nosa personalidade colectiva, as *Irmandades* establecen unha verdade radical: que a Galicia verdadeira é a Galicia popular. Este feito, que semella evidente na perspectiva de hoxe, nono era tanto na de 1916. Séculos de presión aculturadora por parte do Estado tiñan logrado a castellanización —a desgaleguización— da Galicia «cult», que, totalmente asimilada polo Estado castellanista, trataba con humillante desdén á Galicia galega, á Galicia non castellanizada, que viña ser a Galicia popular.

Co tempo, dentro desa Galicia castellanizada foi xurdindo na minoría intelectual a conciencia da personalidade galega. Esa conciencia, que dá os seus primeiros lampos individuais nalgunhas personalidades do XVIII, no XIX vai collendo pulo e maniféstase no plano político reaccionando contra o centralismo e no plano cultural percurando no noso pasado histórico a identidade de Galicia como pobo con personalidade propia. Rexionalismo e historicismo son as dúas columnas nas que se apoia a conciencia galega no século XIX, que acada un primeiro contacto coa Galicia popular a través dos poetas.

Coa aparición das *Irmandades da Fala* muda radicalmente o panorama do noso século XIX. A conciencia galega, sin renunciar ao herdo histórico como elemento caracterizador da propia personalidade, descubre que ésta ten na lingua a súa identidade esencial. Cultivar e dignificar a lingua ven ser, xa que logo, afirmar e dignificar a personalidade de Galicia

como pobo. A lingua é a verdadeira expresión viva e permanente da personalidade colectiva. Deste xeito, os homes da Galicia «cultas» —quer decir, da Galicia castellanizada— que descubren e asumen a súa personalidade galega, sítense identificados coa Galicia popular. Esa é a verdadeira revolución espiritoal operada polas *Irmandades*: propiciar a identificación da Galicia «cultas» coa Galicia popular, identificación que ven ser o verdadeiro encontro da conciencia galega coa realidade galega.

Tal encontro representa un paso decisivo na evolución do rexurdimento galego, pois iba potenciar vigorosamente a afirmación da nosa personalidade. Este pulo afirmativo e anovador manifestouse en tres direccións fundamentais: na creación do *nacionalismo* como corrente doutrinal da reivindicación dos nosos dereitos políticos como pobo; na creación da revista *Nós* como órgano da nosa renovación cultural; na creación do *Seminario de Estudos Galegos* como entidade integradora da nosa investigación.

Ao coincidir a conciencia galega coa realidade galega, é evidente que non se podía limitar á reivindicación dos dereitos políticos de Galicia ou a desprezar as posibilidades de expresión cultural da súa lingua. Ademais deso, tiña que percurar o coñecemento pleno da realidade. Conocer plenamente a realidade galega era, e sigue sendo, unha necesidade fundamental da conciencia galega, necesidade só realizable a través da investigación. Xustamente para satisfacer esta necesidade xurdíu en 1923 o *Seminario de Estudos Galegos*. A evolución da conciencia galega chega así ao nivel avanzado que representa o asumir a responsabilidade de investigar, de modo sistematizado e integrado, a realidade que nós mesmos somos como país e como pobo.

Acontecementos históricos de tremenda magnitude interrompiron a actividade investigadora do *Seminario*. Pasaron varios decenios nos que a conciencia colectiva de Galicia seguíu evolucionando e afirmándose. Pódese decir que estamos de novo nunha perspectiva de poder asumir un protagonismo político autonómico. E será a partir de ahí, a partir da iniciación desa responsabilidade de autogoberno, cando máis agudamente botaremos de menos o labor do *Seminario de Estudos Galegos*, porque ese labor, que nos iba dando o coñecemento da realidade galega en toda a súa rica complexidade, é imprescindible para a reconstrucción de Galicia como unidade estruturada. Galicia é un país e un pobo que compre artellar, estruturar, configurar de acordo coa súa propia realidade. Para eso compre investigar, conocer esa realidade. Esa pode ser —debería ser— a grande empresa do *Seminario de Estudos Galegos* renovado e actualizado.

Andrés Varela Martínez

**Consideracions en torno ao
Seminario de Estudos Galegos**



ANDRES VARELA MARTINEZ

Foi nado na Coruña en 1943. Estudiu Ciencias Químicas na Universidade compostelán doctorándose baixo a dirección do Profesor Ignacio Ribas.

En 1969 intégrase no equipo que traballa na recuperación de Sargadelos.

Dende 1972 colabora na dirección do Seminario de Estudos Cerámicos coordinando os traballos de investigación que se veñen desenrolando na Escola de Tecnoloxía entre os que se atopan importantes investigacións encol do beneficiado das materias primas galegas.

É autor, entre outros traballos, de un tratado sobre a Cerámica de las Arcillas.

A creación do Seminario de Estudos Galegos (S.E.G.) nacéu como idea dun fato de estudantes universitarios degorantes de proporcionar un rigor científico á necesidade que sentían de recuperar pra Galicia a conciencia da súa personalidade perdida.

O enchoimento era grande, pro os medios materiais i económicos, poucos e así comenzan xuntándose nas casas dos fundadores.

Mais ben cedo acadan o interés de algúns catedráticos da Universidade cara ós seus propósitos, co que as súas actividades ficarían enmarcadas nas Facultades que daquela existían en Santiago.

Nun comenzo as súas investigacións xiran arredor da Historia e máis a Filoloxía, pro sinten axiña a necesidade de profundar noutras áreas das ciencias. Aproveitando un cambeo na presidencia do S.E.G., reestruturaron a súa organización e concretan xa dun xeito preciso os seus obxetivos, que non serían outros que a investigación de tódalas manifestacións culturais galegas, a formación de investigadores e a divulgación dos coñecementos adquiridos. Ao tempo que se crean outras seccións dando entrada a investigadores de outras especialidades, estrutúranse dun xeito autónomo, mais en estreita colaboración.

O comenzo das súas actividades ten maiormente un carácter bibliográfico e de gabinete, pro sinten cedo a necesidade de tomar contacto ca realidade do país, sobre o chan. Fórmanse así equipos de traballo que van estudando determinados lugares e bisbarras, cun plantexamento que oxe denominaríamos interdisciplinario. Investíganse os diversos aspectos xeográficos, folklóricos, relixiosos, etc., e como exemplo máis importante desta colaboración nace «Terra de Melide», o traballo máis

fonda e seriamente plantexado que se teña feito dende o punto de vista de investigación en equipo, inda que notemos a falla do estudo de algúns aspectos, coma o coñecemento do chan e o subchan. O feito ten a súa explicación polo que se refire ao segundo, pois a Xeoloxía estaba començando daquela o seu desenvolvemento, precisamente no Laboratorio de Xeoquímica do S.E.G., da man do Prof. Isidro Parga Pondal. No que ao chan se refire, inda tardaría algúns anos en començarse o seu estudo como tal disciplina universitaria, coincidindo ca vinda a Santiago en 1952 do Prof. M. Muñoz Taboadela, pra se facer cargo da cátedra de Xeoloxía aplicada da Facultade de Farmacia. Morto prematuramente, sucédelle o Prof. Guitián Ojea, xa como catedrático de Edafoloxía, e con él concréntanse e ampliáanse as investigacións en torno ao medio físico rexional e as súas aplicacións ao desenvolvemento do país galego.

Adicaremos unha especial atención ás actividades do Laboratorio de Xeoquímica por ser o que máis en línea está con algunhas das nosas investigacións encamiñadas ao aproveitamento dos nosos recursos minerais e a súa aplicación industrial.

Como xa sinalamos, dende a súa creación, esta sección foi dirixida por Isidro Parga Pondal e tivo aloxamento nos laboratorios da Facultade de Ciencias Químicas, da que era profesor. Nos primeiros traballos que publicou obsérvase o labor personal e unha línea de investigación non ben definida, inda que con predisposición cara ós estudos de carácter xeoquímico. Estuda así diversos minerais de wolframio en Galicia, tema de grande importancia, pola crecente demanda do dito mineral; publica traballos tamén sobre a ilmenita e incluso algún sobre temas de bioquímica. Moi cedo comenzan a colaborar con él outros investigadores cos que inicia a colección e mais o ficheiro de rocas e minerais galegos.

É, poida, co gallo da Semana Cultural Galega en Oporto, no ano 1935, cando o Prof. Parga Pondal —xa daquela Director do Laboratorio de Xeoquímica da Universidade e do S.E.G.— asenta as directrices de investigación que iban marcar a súa actuación no decurso do tempo. Nunha conferencia que pronuncia na Facultade de Ciencias de aquela Universidade informa da necesidade de començar o estudo da Xeoloxía de Galicia e de investigar as súas características perfectamente diferenciadas do resto da Península.

Mais estas ideas nonas pode levar axiña á práctica, pois no 1936 interrúmpese o labor començado, polas circunstancias históricas de todos coñocidas.

Tras de algúns anos de silencio nos que madurece a maneira de continuar o labor interrompido decide levar o seu proxecto á práctica. Así, no 1946 funda o Laboratorio Xeolóxico da Laxe, institución privada que conta únicamente cos seus propios recursos económicos e cuio obxectivo era o estudo e a divulgación da xeoloxía galega. O espírito sigue sendo o mesmo que animaba aquel laboratorio do S.E.G., e os medios e recursos non maiores. As únicas variacións son o lugar e as circunstancias políticas. Así e todo, o Laboratorio abre as portas ás correntes europeas contemporáneas, i en pouco tempo establece contacto cas máis importantes escolas: Leiden (Holanda), Montpellier (Francia), Lisboa (Portugal), Alemaña, etc.... En Laxe teñen acollida non soio os investigadores xa consagrados polos seus traballos, senón tamén os estudantes de xeoloxía

que viñan do estranxeiro degorantes de facer as súas tesis doctorales sobre aspectos varios da nosa xeoloxía. Recibíáselles a todos con cordialidade i espírito de colaboración e compañerismo.

Froito desta incansable actividade teñen sido os estudos publicados nos «Trabajos del Laboratorio Geológico de Lage», así como noutras revistas nacionais i estranxeiras especializadas, numerosas tesis doctorales, a realización do Mapa Petrográfico Estructural de Galicia (1963) e a colaboración co Instituto Geológico y Minero pró levantamento da parte galega do Mapa Xeolóxico a escala 1:50.000. Testigos destes vinte e cinco anos de investigación son os arquivos e ficheiros aínda con numerosos datos inéditos, unha importante biblioteca na súa especialidade de revistas nacionais i estranxeiras hoxendía imposibles de adquirir, ademáis dunha colección de rocas e minerales perfectamente clasificados e detados, froito de numerosas viaxatas e traballos de campo.

Mais o inexorable paso do tempo na vida do seu fundador fai que nos preocupemos polo futuro deste bagaxe de coñecementos, que segundo os seus desexos, deben ser patrimonio do pobo galego e que de algún xeito ten a súa orixen no espírito do Seminario de Estudos Galegos, que debера ser o seu depositario, onde lonxe de quedar relegado no esquecemento sirva prá información das futuras xeneracións degorantes de proseguir e profundar nesta línea de investigación hoxe momentaneamente interrumpida.

Derradeiramente, algunhas consideracións sobre o papel que debера desempeñar unha institución adicada á investigación da nosa realidade diferenciada, única base racional na que poder asentarse unha política de desenvolvemento. Hoxendía nótase a falla, na investigación, dun organismo que seleccione e coordine as líneas prioritarias de investigación aplicada en función das nosas necesidades específicas. Unha investigación que debe ser levada a cabo en equipos que plantexen os problemas non soio dende o punto de vista científico-natural, senón tamén dende o ángulo da socioloxía, a historia, a xurisprudencia e máis a economía. A actuación de tales equipos debería ser totalmente autónoma á hora de decidir a maneira de realizar o traballo encomendado, pero en estreita coordinación pra asegurar o cumprimento dos obxetivos previstos. Este labor de coordinación será da meirande importancia, pois evidentemente non sería necesario nin tan siquera posible o acobexar estes equipos nun mesmo teito, polo que compriría empregar os que estivesen xa instalados i en funcionamento.

Necesítase unha institución, sección ou como se lle quera chamar que teña como obxectivo o aproveitamento i explotación dos nosos recursos naturais, cas ideas claras no que se refire á necesidade dunha industrialización selectiva non valorada en canto ó seu volume de inversión, senón ó número de postos de traballo creados, que non supoña ademáis unha degradación importante do noso medio ambiente, e que entre as funcións que se lle atribuíen figure a de asesoramento, a través dos directores das súas diversas seccións, ós organismos executivos da nosa política de desenvolvemento, que non deberían ser outros que os emanados da Xunta de Galicia. Estas e outras consideracións máis penso que deberan ser tidas en conta á hora da recuperación do Seminario de Estudos Galegos, cunhas estruturas acordes cos tempos actuais.

Documentos

Fragmento dun traballo de Xosé Núñez Búa publicado en Galeuzca en 1945 sobre a Cultura Galega ea Cooperación Intelectual.

Hasta después del año 20, tantos forjadores de nuestra cultura autóctona trabajaban dispersos, sin aunar su actividad, sin sistematizarla. La cooperación galleguista comenzó en las «Irmandades da Fala» (1916) que se encaminaban más hacia el Ágora que por la vía que da acceso a la Academia.

En el año 1923, la gran energía dispersa, que iba cosechando frutos magníficos o sólo alcanzaba floraciones malogradas, comenzó a converger en una labor común. El 12 de octubre se fundó el Seminario de Estudios Galegos, creado por estudiantes de la vieja y gloriosa universidad gallega, presididos por el doctor Armando Cotarelo Valledor. Al pequeño núcleo inicial se sumó con entusiasmos el grupo «Nós», formado por escritores y artistas empeñados en el afán de dar un contenido cultural al resurgimiento de Galicia.

Desde su iniciación, el Seminario trabajó con un ritmo moderno. No fue una asociación más de tipo ateneísta. Se habló poco y se trabajó mucho. Se dirigió preferentemente a la formación de investigadores, pero sin dejar de ponerse en contacto con el público, mediante la vulgarización de la labor realizada: lectura de trabajos, publicaciones, ciclo de conferencias, exposiciones, biblioteca. Así logró un público afecto que, desde toda Galicia, prestaba su apoyo a la institución.

En marzo de 1924 celebró el Seminario su primera Junta General, presidida por un polígrafo auténticamente gallego, el arzobispo Lago González, prematuramente fallecido. En ella leyó Castelao su trabajo de ingreso, «Do novo espírito», e inauguró una exposición de su obra pictórica. Ese mismo año se realizó el primer ciclo de conferencias: Cabeza de León, Lugo, Lugo, Castillo y Losada Diéguez.

La labor comenzó por la historia, pero pronto se fue extendiendo a otras ramas, hasta quedar dividida en las siguientes secciones: Arqueología, dirigida por don Jesús Carro; Filología, Paulino Pedret; Literatura, Filgueira Valverde; Arte, Castelao; Geografía, Otero Pedrayo; Prehistoria, López Cuevillas; Etnografía y Folklore, Vicente Risco; Ciencias sociales, jurídicas y económicas, Tobío Fernández; Ciencias naturales, Luis Iglesias; Geoquímica, Parga Pondal; Pedagogía, Díaz Rozas; Psicotecnia, Iglesias Vilarelle; Ciencias Aplicadas, Gómez Román; Música, Bal y Gay; Genética, Gallástegui Unamuno.

La labor de divulgación se realizó mediante la publicación de los «Arquivos» de los que se editaron 7 volúmenes de más de 500 páginas cada uno y monografías de las diversas secciones.

El seminario emprendió una labor interesantísima: el estudio de las diversas comarcas gallegas, realizado sobre la realidad por equipos de investigadores de las diversas especialidades. Los resultados se publicaban en tomos especiales, de los que vieron la luz dos: «A vila de Calvos de Randín» y «Terra de Melide», éste de un millar de páginas. En julio de 1936 ya estaban corregidas las pruebas de un tomo de más de mil páginas, estudio completísimo de «As terras de Deza».

En el año 1935, durante el mes de agosto, en el Instituto de Pontevedra, se realizó un cursillo de conferencias de vulgarización especialmente dedicado a los maestros, en los que se dictaron clases sobre literatura — Filgueira, Cotarelo, Iglesias Alvariño, Bouza Brey; Historia — Cuevillas, Otero, Carro; Etnografía — Risco; Genética — Gallástegui, Tafall; Pedagogía — Díaz Rozas, Alvarez Gallego, Núñez Búa, Iglesias Vilarelle; Economía — Bóveda; Arte — Castelao, Sebastián González; Música — Bal, Blanco Porto, etc. El Seminario creó en el año 1926 dos laboratorios de gran importancia práctica, el de Fitopatología, dirigido por el profesor de Botánica de la Universidad y Presidente del Seminario, Luis Iglesias, y el de Geoquímica, dirigido por el profesor de Química Inorgánica, Parga Pondal. En ambos se dictaminaba gratuitamente sobre todas las consultas que hacían los agricultores y se analizaban, también sin cargo alguno, las muestras de tierra de labor que se enviaban.

En 1930, la institución instaló en una de las salas del Palacio de Fonseca sus colecciones etnográficas: productos de las industrias populares, reproducción de tipos arquitectónicos, iconografía, etc. Y en 1936 estaba organizado su museo de arte moderno, iniciado con obras de Asorey, Eiroa, Compostela, Suárez Couto, Castelao, Llorens, Colmeiro, Corredoira Maside, Pintos, Sobrino, Laxeiro, Seoane, Torres, Castro Gil, Prieto, Arines, etc.

Para no hacer de esta información un simple catálogo o inventario, no detallamos todas las actividades y la labor realizada por la institución en sus doce años de vida: libros, conferencias, catálogos de monumentos, excursiones de estudio, informes técnicos, ciclos de conferencias, etcétera.

El Seminario fue iniciado por diez estudiantes universitarios. En el año 1936 contaba con la cooperación de medio millar de socios protectores, con cuyas cuotas y con las subvenciones de las cuatro diputaciones gallegas y de algunas municipalidades, sufragaba todos sus gastos gracias a una administración escrupulosa y al desinterés de todos los que allí trabajaban. No se pagaba un solo sueldo. Todo, desde la contabilidad al cuidado de las instalaciones y biblioteca, era realizado por los seminaristas, ya fuese un profesor universitario, como Parga o Sebastián González, ya un canónigo de la Catedral, como don Jesús Carro, o simplemente alumno de la universidad o de la escuela normal.

En resumen: por su labor intensa, realizada con entusiasmo patriótico y técnica moderna, y por los resultados en que esa labor iba cuajando, el Seminario ganó prestigio dentro y fuera de Galicia y se hizo acreedor a la consideración respetuosa y agradecida de los gallegos.

.....

Buenos Aires, octubre de 1945



XOSE NUÑEZ BUA

Foi nado en Ourense na primeira década do século e viviu unha parte da súa infancia por terras de Cotobade. Abogado, pedagogo, escritor e político, son numerosos os seus traballos periodísticos sobre problemas do agro e do cooperativismo.

Foi director do Colexio León XIII de Vilagarcía e o Labor de Vigo. Formou parte da Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos. Dirixente do Partido Galeguista ao començar a Guerra Civil houbo de esilarse na República Arxentina onde promocionou diversas empresas culturais e industriais vinculadas con Galicia. Coordinou colectivos monográficos na Universidade da Plata destacando os adicados a Valle Inclán e ao Padre Feixóo.

É autor dunha biografía fundamental de Castelao publicada a raíz da súa morte no extraordinario de «A Nosa Terra» (datos de arquivo).

Unhas notas do profesor Dr. Hans Karl Schneider.

Hamburg, 18 de marzo de 1978

Señor Director
Seminario de Sargadelos
Cervo / Lugo

Distinguido Señor:

Hace tres días que recibí su atenta carta que le agradezco muy cordialmente. Su misiva me emociona: en primer lugar por el proyectado Homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos y, además, por recordarme intensamente aquella época —hace 45 años— en que yo anduve por Galicia preparando mi tesis doctoral, que no hubiera conseguido hacer sin el generoso y desinteresado apoyo que me prestó un grupo de destacados miembros del Seminario de Estudos Galegos: Al llegar a Santiago, me atendió D. Xesús Carro García, que ya falleció hace muchos años igual que casi todos los demás amigos del Seminario: D. Florentino López Cuevillas, farmacéutico, Delegado de Hacienda en Orense y destacadísimo antropólogo y arqueólogo. Pocas veces en mi vida he conocido una personalidad tan dinámica como la de Don Floro. Al llegar a Lobeira (Orense), ya me esperaban tres personas que me acogieron como si fuera de la familia: Doña Joaquina Fernández Barcia, viuda de Lorenzo, maternal amiga mía y madre de mis más queridos amigos gallegos: Xaquín y Xurxo Lorenzo Fernández. Xurxo ya falleció en 1934, víctima de una septicemia y doña Joaquina también murió hace ya muchos años. Así es que sólo me vive el gran amigo Xaquín. Nos escribimos con alguna frecuencia, y en 1971, por fin, pude volver a abrazarlo en Orense. Lloramos los dos...

Ese año también tuve la satisfacción de conocer a varios antiguos miembros y colaboradores del Seminario: Ricardo Carballo Calero, Fermín Bouza Brey (que falleció hace un par de años), Antón Fraguas y Fraguas, José Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, que todos me colmaron de atenciones.

Sirva todo esto para demostrarle que estoy «ambientado».

Dada la urgencia y la proximidad de la fecha de publicación del Homenaxe, no he podido hacer nada en gallego, ya que mi dominio activo del idioma nunca ha sido muy grande —he tenido que dedicarme al español toda mi vida—, con lo cual siempre se han quedado marginados, hasta cierto punto, tanto el gallego como el catalán. Por eso le acompaño la versión española de lo que digo del Seminario en mi tesis doctoral, publicada en 1938. Si Vds. quieren tomarse el trabajo de traducir al gallego esas pocas líneas, desde luego pueden hacerlo. Esta breve cita tomada de mi tesis va con las notas a pie de página que les puse hace 40 años. Le ruego acoja esta insignificancia con la benevolencia que quepa dispensar a tan poca cosa y reciba los más cordiales saludos de un viejo y saudoso galleguista alemán.

HANS SCHNEIDER

Desde hace unos 10 años, también se encuentra funcionando una institución en Santiago de Compostela. El *Seminario de Estudos Galegos*, fundado por un grupo de profesores y estudiantes en 1923, viene desempeñando una labor tan activa como polifacética. Sus campos de activi-

dades abarcan la Etnografía y Antropología en el más amplio sentido de la palabra, Prehistoria, Historia del Arte, Ciencias Naturales, Ciencias Económicas y también estudios filológicos. Forma parte del Seminario un pequeño Museo, creado gracias al esfuerzo personal de los miembros del Seminario y que ofrece una buena visión de conjunto de la cultura gallega desde los tiempos más remotos. Una Sociedad Excursionista brinda a profesores y estudiantes múltiples oportunidades para conocer su tierra en excursiones colectivas y, al mismo tiempo, para hacer estudios. Las personalidades dirigentes del Seminario como Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Alvaro de las Casas se sirven además del idioma vernáculo en sus obras literarias y de divulgación científica, asequibles a todo el mundo en forma de pequeñas ediciones sumamente económicas. Estas publicaciones y los artículos en gallego que con regularidad aparecen en los periódicos de Galicia también acercan al lector gallego su idioma en forma impresa.

1) Véase el artículo ilustrado *Museo Gallego*, de Lorenzo Carriba, *Estampa*, núm. 357, 17 de noviembre de 1934.

2) Una de estas excursiones la describe en un extracto de su diario *Xurxo Lourenzo* (*), N°s XIV, 1934, núm. 124, págs. 74-88.

3) Véase el catálogo *Seminario de Estudos Galegos*, Obras publicadas, Santiago de Compostela (s. a.).

4) Algunas colecciones de este tipo las menciona Couceiro, *El idioma gallego*, Barcelona, 1935, p. 463.

(5) En Orense, por ejemplo, *La Región* y *La Zarpa* (diarios) y el *Heraldo de Galicia* (semanario).

(*) De: Hans, Schneider; *Studien zum Galicischen des Limia-Beckens*, Hamburg, 1938.



HANS KARL SCHNEIDER

